Curso
23/24

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CEIP Plurilingüe San Roque de Darbo

Curso 2023/24

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 10-10-2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 10-10-2023

DATA REMISIÓN Á INSPECCIÓN: 17-10-2023

## ÍNDICE

1. Introdución e xustificación..........................................................................................................................5

2. Datos  xerais do centro. Contexto......................................................................................................................5

3. Composición e postos de traballo......................................................................................................................6

   **a.** Catálogo de postos de traballo do centro e situación actual

   **b.** Proposta distributiva de atención ao alumnado por parte das especialistas de Pedagoxía Terapéutica con itinerancia

   **c.** Persoal non docente do centro

4. Edificio e instalacións......................................................................................................................................8

   **a.** Planos do centro. Edificio académico

5. Observacións xerais sobre as necesidades estruturais.....................................................................................12

6. Equipamento escolar e mobiliario...................................................................................................................12

7. Recursos Tic....................................................................................................................................................13

8. Horario do centro............................................................................................................................................ 13

   **a.** Horario do centro

   **b.** Calendario escolar

   **c.** Horario de clases

   **d.** Horario do profesorado

   **e.** Festas

9. Liñas programáticas........................................................................................................................................16

   a. Finalidade da Programación Xeral Anual. Proxectos e programas de innovación educativa e formación do profesorado

   b. Libros de texto establecidos no centro

10. Obxectivos da Programación Xeral Anual......................................................................................................22

11. Organización pedagóxica................................................................................................................................35

    **a.** Equipo directivo

    **b.** Órganos colexiados de goberno

    **c.** Órganos de coordinación docente

12. Seguridade e vixilancia..................................................................................................................................43

    **a.** Normas de organización e funcionamento do centro

    **b.** Cadro de vixilancias: transporte escolar, recreos e alumnado de Educación Infantil

c. Plan de autoprotección do centro

13. Plan anual de Orientación. Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con n.e.e. .......62
 a. Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con n.e.e
 b. Horarios de apoio dentro da aula por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria
14. Programación anual segundo ciclo Educación Infantil.......................................................................................76
15. Plan de mellora da biblioteca escolar. Concreción anual ....................................................................................79
16. Plan de convivencia. Concreción anual. ..............................................................................................................85
17. Programa de actividades complementarias e extraescolares. Concreción anual.................................................87
18. Plan de integración das TIC. Concreción anual....................................................................................................89
19. Plan de fomento de hábitos de estilo de vida saudable........................................................................................92
20. Plan para a potenciación do uso da lingua galega. Concreción anual. ................................................................93
21. Proxecto plurilingüe. Concreción anual.................................................................................................................98
22. Plan de actividades propostas pola ANPA..........................................................................................................102
23. Plan organizativo do comedor e o transporte escolar..........................................................................................117
 a. Comedor escolar
 b. Transporte escolar
24. Plan de utilización das instalacións do centro.....................................................................................................126
25. Plan xeral de avaliación do centro.......................................................................................................................127

## 1. Introdución e xustificación

Para gran parte do alumnado, o centro educativo é un dos poucos lugares onde se representa a igualdade, un lugar tolerante onde todos e todas son iguais, sexa cal sexa a súa procedencia ou situación.

Consideramos fundamental que, ao longo dos vindeiros cursos continuemos implantando unha cultura preventiva dende a contorna da escola integrando, no noso currículo escolar, obxectivos e actividades que favorezan o coñecemento e a adaptación a esta nova realidade educativa que produciu e produce un gran impacto na Comunidade Educativa. O centro educativo debe seguir sendo un lugar onde todos e todas poidamos sentir un benestar emocional, atopémonos en harmonía e sexamos quen de afrontar dificultades e superar de xeito positivo as contrariedades que se presentan na vida cotiá.

Entendemos esta programación xeral como unha folla de ruta flexible na que se estableza a organización e planificación do centro, na que teñan cabida todas as iniciativas pedagóxicas que resulten de interese e que integren a todos os membros da Comunidade Educativa. Concibimos unha educación para todo o alumnado sen que exista discriminación algunha por razóns de nacemento, sexo, orixe racial, étnico ou xeográfico, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. (art. único LOMLOE, do 29 de decembro)

## 2. Datos xerais do centro.

- ⇒ **Tipo de centro:** Público
- ⇒ **Denominación oficial:** CEIP Plurilingüe de San Roque de Darbo
- ⇒ **Código do Centro:** 36001033
- ⇒ **Situación:** Cangas do Morrazo
- ⇒ **Provincia:** Pontevedra
- ⇒ **Enderezo:** A Granxa nº.- 1 – Darbo
- ⇒ **Código Postal:** 36940
- ⇒ **Teléfono:** 886 120 954
- ⇒ **E-mail:** ceip.sanroque.darbo@edu.xunta.gal
- ⇒ **Páxina web:** www..edu.xunta.gal/centros/ceipsanroquedarbo
- ⇒ **NIF:** Q 8655007 F

## 3. Composición e postos de traballo

Profesorado: 27

1 auxiliar de conversa

2 coidadoras

Alumnado: 148 Alumnos + 126 Alumnas TOTAL = 274

### a. Catálogo de postos de traballo do centro e situación actual

Segundo a "ORDE do 31 de xullo de 2023 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de educación infantil, educación primaria e educación especial"; o catálogo de postos de traballo no noso centro queda así:

| UNIDADES | | | POSTOS | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EI 031 | EP 038 | TOTAL | EI 031 | EP 038 | FI 032 | FF 033 | EM 035 | EF 034 | PT 036 | AL 037 | DO | PT Compartida | TOTAL |
| 4 | 12 | 16 | 5 | 11 | 2 | 1 | 1 | 2 | 1 | 1 | 1 | 1 | 26 (+1Relix.) |

► Unha profesora de relixión católica con posto compartido con CEIP Quintela (Moaña).

►Durante o mes de setembro estiveron funcionando seis mestras de Educación infantil, catro titoras e dúas de apoio. A día 30 de setembro produciuse a xubilación dunha delas e esta baixa non foi cuberta, polo que actualmente están funcionando cinco, as que están catalogadas.

TOTAL PROFESORADO = 27

## b. Proposta distributiva de atención ao alumnado por parte das especialistas de Pedagoxía Terapéutica con itinerancia

| PT 1 | Apelidos e Nome | MÓNICA CONDE GONZÁLEZ |
|---|---|---|

| Nº Sesión | Hora | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1ª | 9:25-10:15 | CEIP SAN ROQUE DARBO | CEIP NAZARET 9:00 | CEIP SAN ROQUE DARBO | CEIP NAZARET 9:00 | CEIP NAZARET 9:00 -10:30 |
| 2ª | 10:15-11:05 | CEIP SAN ROQUE DARBO | CEIP NAZARET | CEIP SAN ROQUE DARBO | CEIP NAZARET | ITINERANCIA |
| 3ª | 11:05-11:55 | CEIP SAN ROQUE DARBO | CEIP NAZARET | CEIP SAN ROQUE DARBO | CEIP NAZARET | CEIP SAN ROQUE DARBO 11:00 – 12:30 |
| | 11:55-12:25 | RECREO | CEIP NAZARET | RECREO | CEIP NAZARET | RECREO |
| 4ª | 12:25-13:35 | CEIP SAN ROQUE DARBO | CEIP NAZARET | CEIP SAN ROQUE DARBO | CEIP NAZARET | ITINERANCIA |
| 5ª | 13:35-14:25 | CEIP SAN ROQUE DARBO | CEIP NAZARET 14:00 | CEIP SAN ROQUE DARBO | CEIP NAZARET 14:00 | ITINERANCIA |

## c. Persoal non docente do centro

- PERSOAL LABORAL:

Administrativa: 1

- AXUDA DIRECTA AO ALUMNADO:

Auxiliar coidadora: 2

- SERVIZO EDUCATIVO COMPLEMENTARIO DE COMEDOR ESCOLAR

Cociñeiro/a: 1

Auxiliares de cociña: 2

- MANTEMENTO E COIDADO DAS INSTALACIÓNS (PERSOAL DO CONCELLO):

Conserxe: 1 (Con residencia no Centro)

Servizo de limpieza: 2

Limpeza das instalacións deportivas (pavillón e ximnasio): 2

## 4. Edificio e instalacións

O centro dispón de dous edificios:

⇒ Un **edificio administrativo** no que se sitúan a sala de mestres/as, unha aula de Pedagoxía Terapéutica, unha sala de reprografía, a secretaría, a xefatura de estudos, a dirección, un despacho para a encargada do comedor escolar e a sala da ANPA.

⇒ Un segundo **edificio académico,** que consta de dous andares. Na planta baixa atópanse catro aulas de educación Infantil, unha aula de usos múltiples dedicada a desdobres ou agrupamentos flexibles, a aula de Relixión e de Audición e Linguaxe, a biblioteca, a aula de Educación Musical, a conserxería, a cociña e o comedor. No primeiro andar atopamos as doce aulas de Educación Primaria, a aula de Lingua Estranxeira e un aula de usos múltiples.

Ademais, no exterior, o centro conta co ximnasio e co pavillón (municipal). Así mesmo, dispón de dous patios escolares, onde o alumnado de Infantil e Primaria goza do seu tempo de lecer, cadaquén no seu patio.

Durante o curso académico 2023/24 son dezaseis os espazos empregados como aulas, catro na etapa de Educación Infantil e doce na etapa de Educación Primaria.

As condicións e a valoracións de necesidades reflectida polos equipos docentes é a seguinte:

⇒ **Valoración global do edificio**:

As instalacións do colexio foron remodeladas no **curso 2017/18** pola administración educativa, enfrontando importantes obras de mellora da edificación. Concretamente, as actuacións centráronse:

- No cambio dos falsos teitos
- No illamento das paredes exteriores
- Na prolongación, ata a placa, dos tabiques que dividen as pezas interiores
- Na substitución das antigas luminarias
- Na substitución das fiestras
- No pintado das paredes exteriores
- No cambio da caldeira de calefacción e a distribución independente de tres zonas de radiación térmica

No **curso 2022-2023**, as actuacións (a cargo da Consellería) foron as seguintes:

- co fin de eliminar barreiras arquitectónicas, instalouse un ascensor, un baño adaptado no centro e ramplas de acceso edificio administrativo.
- ampliación do comedor escolar
- apertura dun corredor de comunicación entre educación infantil e primaria.
- Reforma da cociña : a Consellería substituiu os electrodomésticos en mal estado e o Centro fíxose cargo da reforma do habitáculo.

**Número de aulas utilizadas**: 4 en Educación Infantil e 12 en Educación Primaria, asignadas aos diferentes grupos de nivel. Ademais, contamos con aulas para Lingua Estranxeira e Educación Musical, Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Relixión e biblioteca, que se foron adaptando en función das necesidades específicas de cada especialidade.

⇒ **Outros espazos utilizados como aulas**: Existen dúas aulas de usos múltiples no centro, unha na planta baixa e outra na planta superior, así como unha aula na área de infantil que se emprega como aula de desdobres.

A sala contigua á cociña víñase utilizando de xeito polivalente como espazo de usos múltiples, depósito de mochilas e actividades extraescolares. Durante este curso, este espazo destinado ás anteditas e variadas funcións, utilízase para albergar o plan matinal e como comedor escolar do alumnado de Educación Infantil.

## a. Planos do centro. Edificio académico




Planta baixa




Primeiro andar

| IDENTIFICACIÓN | DESCRICIÓN USO CURSO 2023/24 | |
|---|---|---|
| 5 | E. INFANTIL | 6ºA |
| 2 | E. INFANTIL | 5ºB |
| 3 | E. INFANTIL | Aula de desdobres |
| 6 | E. INFANTIL | 4ºA |
| 4 | E. INFANTIL | 4ºB |
| 1 | E. INFANTIL E PRIMARIA | Educación Musical |
| 7 | E. INFANTIL E PRIMARIA | AL/RELIXIÓN |
| 10 | E. PRIMARIA | 2ºA |
| 11 | E. PRIMARIA | 2ºB |
| 8 | E. PRIMARIA | 1ºB |
| BIBLIOTECA | E. INFANTIL E PRIMARIA | BIBLIOTECA |
| 9 | E. PRIMARIA | 1ºA |
| 12 | E. PRIMARIA | 3ºB |
| 13 | E. PRIMARIA | 4ºB |
| 14 | E. PRIMARIA | 4ºA |
| 20 | E. PRIMARIA | 3ºA |
| 19 | E. PRIMARIA | 6ºA |
| 18 | E. PRIMARIA | 6ºB |
| 16 | E. PRIMARIA | 5ºA |
| 15 | E. PRIMARIA | 5ºB |
| 17 | E. PRIMARIA | L. ESTRANXEIRA |
| 21/POL. | E. PRIMARIA | USO POLIVALENTE/ DESDOBRES |
| SALA | E. INFANTIL | COMEDOR ED. INFANTIL |
| COMEDOR | E. INFANTIL E PRIMARIA | COMEDOR ESCOLAR |

ING.

## 5. Observacións xerais sobre as necesidades estruturais

As obras de mellora que intentaremos levar a cabo no presente curso 2023-24 son as seguintes:

| IDENTIFICACIÓN | DESCRICIÓN OBRA | SOLICITADO Á | ESTADO |
|---|---|---|---|
| 1 | Gradas exteriores e pistas deportivas | Concello | En proceso. Pendente de rematar. |
| 2 | Gradas pavillón | Concello | En proceso. Pendente de pintado |
| 3 | Reforma do ximnasio | Unidade Técnica de Pontevedra | Pendente |
| 4 | Adecentamento e posta a punto de lavabos do ximnasio | Concello | Pendente |
| 5 | Substitución canalóns | Concello | Pendente |
| 6 | Substitución planchas falso techo ximnasio en mal estado | Concello | Pendente |
| 7 | Vigas da cuberta do patio cuberto oxidadas | Concello | Pendente |
| 8 | Malla exterior e reparación muro da ala sur | Concello | Pendente |
| 9 | Recollida obxectos perigosos | Concello | Pendente |

## 6. Equipamento escolar e mobiliario

O centro está, basicamente, equipado con material subministrado pola administración educativa e polas pequenas compras de compensación que pode enfrontar co seu propio orzamento.

En liñas xerais, podemos cualificar o mobiliario actual de "axeitado", pero mellorable.

O estado de conservación é desigual, condicionado polo desgaste que, loxicamente, impón o uso ao longo dos anos.

Maioritariamente, necesítase repoñer:

⇒ Mobiliario específico, axeitado respectivamente ao alumnado de Educación Infantil e Primaria: andeis, expositores de libros, cadeiras, encerados, taboleiros de cortiza e mesas de ordenador, entre outros (solicitado á Xunta de Galicia no mes de outubro).

## 7. Recursos Tic

| RECURSOS TIC | | |
|---|---|---|
| **IDENTIFICACIÓN AULA** | **NIVEL EDUCATIVO** | **PROXECTO** |
| Plano 2º andar: nº.- 18 | 3º ciclo | E-Dixgal |
| Plano 2º andar: nº.- 19 | | E-Dixgal |
| Plano 2º andar: nº.- 16 | | E-Dixgal |
| Plano 2º andar: nº.- 15 | | E-Dixgal |
| Plano 2º andar: nº.- 12 | 1º e 2º ciclos + Biblioteca | Paneis dixitais (instalados no curso 22-23) + Recursos TIC do propio centro |
| Plano 2º andar: nº.- 13 | | |
| Plano 2º andar: nº.- 14-20 | | |
| Plano 2º andar: nº.- 10-11 | | |
| Plano1º e 2º andar: nº.- 9- biblioteca | | |
| Plano 1º andar: nº.- 1 a 7 | Aulas de E.I. | Paneis dixitais (instalados no curso 22-23) + Recursos TIC do propio centro |

## 8. Horario do centro

No proxecto para a organización da xornada lectiva en sesión única de mañá (xornada continua), quedan establecidos os horarios de entrada e saída das actividades académicas e extraescolares.

Globalmente, para o curso 2023-2024, a distribución horaria e o calendario oficial serán os seguintes:

### a. Horario do centro

De Luns a Venres→ Xornada continua de 09:25h-14:25h

Martes tarde: 16:00h a 19:00h

### b. Calendario escolar

Tendo en conta a ORDE *do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, este é o noso calendario:

| Orde do 3 de maio de 2023 | CALENDARIO ESCOLAR - CURSO 2023/24 |
|---|---|

(1 SET 2023 → 31 AGO 2024) O COMEDOR ESCOLAR: FUNCIONARÁ DO DÍA 11 DE SETEMBRO ATA O 21 XUÑO.

## 1º TRIMESTRE – CURSO 2023 – 2024

**SETEMBRO - 23**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |

**OUTUBRO - 23**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 30 | 31 | | | |

**NOVEMBRO - 23**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | |

Do 11 ao 15 de setembro: Período de adaptación de E.I.

**DECEMBRO - 23**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |

**NADAL**: dende o 22 de DEC ata o 7 de XAN
**ENTROIDO**: días 12, 13 e 14 de FEB
**SEMANA SANTA**: dende o 25 MARZO ata o 1 de ABR
**7 DEC** → Día do Ensino
**20 NOV**: Día Universal da Infancia.
**25 NOV**: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
**Do 28 NOV ao 5 de DEC**: Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía.
**3 DEC:** Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
**10 DEC**: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
**AVALIACIÓNS: 5 DEC- E.I. / 12 DEC- 1º, 2º, 3º E.P. / 19 DEC- 4º, 5º, 6º E.P.**

## 2º TRIMESTRE – CURSO 2023 - 2024

**XANEIRO - 24**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 29 | 30 | 31 | | |

**FEBREIRO – 24**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | 1 | 2 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | |

**MARZO - 24**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |

**24 de XAN:** Día Internacional da Educación.
**30 de XAN**: Día escolar da non violencia e da Paz.
**23 de FEB:** Día de Rosalía de Castro.
**8 de MAR**: Día Internacional da Muller.
**15 de MAR**: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
Do **4 ao 8 de MAR**: Semana da Prensa.
**AVALIACIÓNS**: 5 MAR- E.I. / 12 MAR- 1º, 2º, 3º E.P. / 19 MAR- 4º, 5º, 6º E.P.

## 3º TRIMESTRE – CURSO 2023 - 2024

**ABRIL - 24**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 29 | 30 | | | |

**MAIO - 24**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |

**XUÑO - 24**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |

**1 de ABR**: Día das Artes Galegas.
**7 de ABR**: Día Mundial da Saúde.
**Do 22 ao 26 de ABR**: Semana do Libro.
**2 de MAIO**: Día Internacional contra o Acoso Escolar
**9 de MAIO**: Día de Europa.
**Do 13 ao 17 de MAI**: Semana das Letras Galegas.
**5 de XUÑ**: Día Mundial do Medio Ambiente.
Días próximos ás datas de celebracións internacionais:
Recoñecemento dos dereitos do colectivo LGTBI
**28 XUÑ**: Día internacional del Orgullo

**13/10/2023**: PROPOSTA día non lectivo solicitado segundo acordo do Claustro e Consello Escolar (Orde do 3 de maio de 2023)
**AVALIACIÓNS: 24 XUÑO** E.I. , 1º, 2º E.P. / **25 DE XUÑO**: 3º, 4º, 5º, 6º E.P. Horario por determinar

c. **Horario de clases**

**DISTRIBUCIÓN HORARIA DA XORNADA LECTIVA**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1ª Sesión | 09:25 | → | 10:15 |
| 2ª Sesión | 10:15 | → | 11:05 |
| 3ª Sesión | 11:05 | → | 11:55 |
| Recreo | 11:55 | → | 12:25 |
| Lectura | 12:25 | → | 12:45 |
| 4ª Sesión | 12:45 | → | 13:35 |
| 5ª Sesión | 13:35 | → | 14:25 |

d. **Horario do profesorado**

E.I. - E.P.

- A xornada semanal será de 37,5 h.

- 30 h. De presenza no centro.

- 25 h. (5 diarias) de carácter lectivo.

***ORDE 23 xuño 2011** – Regulación da xornada de traballo.*

| SESIÓNS / DÍAS | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| ENTRADA | 8:55 – 9:25 | 9:10 – 9:25 | 9:10 – 9:25 | 9:10 – 9:25 | 9:10 – 9:25 |
| 1ª SESIÓN DOC. | 1 | 6 | 11 | 16 | 21 |
| 2ª SESIÓN DOC. | 2 | 7 | 12 | 17 | 22 |
| 3ª SESIÓN DOC. | 3 | 8 | 13 | 18 | 23 |
| RECREO | 11:55 – 12:25 | 11:55 – 12:25 | 11:55 – 12:25 | 11:55 – 12:25 | 11:55 – 12:25 |
| 4ª SESIÓN DOC. | 4 | 9 | 14 | 19 | 24 |
| 5ª SESIÓN DOC. | 5 | 10 | 15 | 20 | 25 |
| SAÍDA | 14:25 – 14:55 | 14:25 – 14:40 | 14:25 – 14:40 | 14:25 – 14:40 | 14:25 – 14:40 |
| 1h. | 1 Gardas | | | | |
| 26 h. | (5+ 1) = 6 | 5 | 5 | 5 | 5 |
| 5 h. | | 30´+ 3 h. | +30´ | +30´ | +30´ |
| 7,5 h. | 1 h. e 46 min | 1 h. e 46 min | 1 h. e 46 min | 1 h. e 46 min. | 1 h. e 46 min |
| ∑ = 37,5 h. | | | | | |

***EI – EP A xornada semanal será de 37,5 h.; 30 h. de presenza no centro. 25 h. (5 diarias) de carácter lectivo***

25 h. Lectivas semana.

5 h. Cada día “docencia” (sesións).

3 h. Martes tarde.

2 h. Restantes ata 5 semanais de permanencia (30 h.):

1 h. Supervisión entrada (½ h.) e saída (½ h.) un día.

1 h. (+/-) Supervisión actividades extraescolares.

As actividades extraescolares serán polas tardes en horario de 16.00h a 17.00h.
A biblioteca non funcionará polas tardes durante o primeiro trimestre, xa que a pesar de estar rematadas as obras do ascensor non se rematou de facer o traslado de fondos e a actualización dos mesmos despois de que durante o curso 2022-2023 se repartiran nas bibliotecas de aula e se trasladasen a outra estancia ao ser ocupado o actual espazo da biblioteca como aula.

e. **Festas**

Tal como indica o Artigo 7 da *ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, o **día non lectivo** por conveniencia pedagóxica será o **venres 13 de outubro de 2023.**

Este día foi proposto e apoiado polos diferentes estamentos da comunidade educativa a través dos seus órganos colexiados de goberno (Claustro e Consello dos días 1 e 19 de setembro, respectivamente) e foi consensuado cos demais CEIP da noso contorna.

## 9. Liñas programáticas

Entendemos esta programación como unha folla de ruta flexible na que se estableza a organización e planificación do centro, na que teñan cabida todas as iniciativas pedagóxicas que resulten de interese e que integren a todos os membros da Comunidade Educativa. Concibimos unha educación para todo o alumnado sen que exista discriminación algunha por razóns de nacemento, sexo, orixe racial, étnico ou xeográfico, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. (art. único LOMLOE, do 29 de decembro)

Esta programación cumpre cos requisitos establecidos na *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, en adiante LOE, e réxese polas modificacións publicadas na *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a* LOE.

A continuación amosamos un exemplo da planificación levada a cabo os martes de 16:00h a 19:00h. para distribuír e coordinar pedagoxicamente a actividade do Centro Educativo. A planificación é anual para unha boa organización do profesorado aínda que flexible xa que ao longo de cada mes intentaremos realizar dúas reunións mensuais dos equipos de coordinación para organizar e dinamizar as actuacións a levar a cabo, así como dúas reunións mensuais da CCP para compartir información sobre os proxectos nos que está involucrado o alumnado. Ademais promoveremos a realización de reunións informais entre o profesorado ao longo da xornada escolar (recreos, entradas e saídas...).

Expoñemos, de seguido, a organización anual deste curso escolar 2023/24. É unha proposta aberta e flexible, xa que poden xurdir reunións extraordinarias ou modificacións por múltiples motivos.

**PLANNING MARTES CURSO 2023/2024**

1º TRIMESTRE

| | | |
|---|---|---|
| **SETEMBRO** | **12** | 16.00H→ Reunión ciclos<br>17.00H→ Reunión nivel<br>18.00H→Titoría/ traballo persoal |
| | **19** | 16.00H→ Reunión equipos de dinamización<br>17.00H→ Consello escolar<br>18.00H→ Titoría / traballo persoal |
| | **26** | 16.00H→ Reunións coas familias<br><br>18.00H→ Titoría/ traballo persoal |
| **OUTUBRO** | **3** | 16.00H→ Reunión Departamento de Orientación<br>16.00H→Reunión equipo de plurilingüismo<br>16.30H→ Reunión CCP<br>17.30H→ Reunión ciclos<br>18.00H→Titoría/ traballo persoal |
| | **10** | 16.00H→ Claustro<br>17.30H→ Consello escolar/ titoría/ traballo persoal |
| | **17** | 16.00H→ Reunión Xeral<br>17.00H→Reunión nivel<br>18.00H→ Titoría/ traballo persoal |
| | **24** | 16.00H→ Reunión xeral<br>17.00H→ Reunión Equipos de dinamización<br>18.00H→ Titoría/ traballo persoal |
| | **31** | 16.00H→ Reunión xeral<br>17.00H→ Reunión Equipos de dinamización<br>18.00H→ Titoría/ traballo persoal |
| **NOVEMBRO** | **7** | 16.00H→ Equipos dinamización<br>17.00H→ Reunión ciclos<br>18.00H→Titoría/ traballo persoal |
| | **14** | 16.00H→ CCP<br>17.00H→ Reunión niveis<br>18.00H→ Titoría / traballo persoal |

| | | |
|---|---|---|
| | **21** | 16.00H→ Reunión xeral<br>17.00H→ Traballo persoal<br>18.00H→ Titoría/ traballo persoal |
| | **28** | 16.00H→ Reunión xeral<br>17.00H→ Traballo persoal<br>18.00H→ Titoría/ traballo persoal |
| **DECEMBRO** | **5** | AVALIACIÓNS EDUCACIÓN INFANTIL<br>Reunión niveis/ciclo |
| | **12** | AVALIACIÓNS 1º, 2º E 3º EP<br>Reunión niveis/ciclo |
| | **19** | AVALIACIÓNS 4º, 5º E 6º EP<br>Reunión niveis/ciclo |

2º TRIMESTRE

| | | |
|---|---|---|
| **XANEIRO** | **9** | 16.00H→ Equipos dinamización<br>17.00H→ Reunión ciclos<br>18.00H→Titoría/ traballo persoal |
| | **16** | 16.00H→ CCP<br>17.00H→ Reunión niveis<br>18.00H→ Titoría / traballo persoal |
| | **23** | 16.00H→ Claustro<br>18.00H→ Consello escolar/ Titoría/ traballo persoal |
| | **30** | 16.00H→ Reunión xeral<br>17.00H→ Traballo persoal<br>18.00H→ Titoría/ traballo persoal |
| **FEBREIRO** | **6** | 16.00H→ Equipos dinamización<br>17.00H→ Reunión ciclos<br>18.00H→Titoría/ traballo persoal |
| | **20** | 16.00H→ CCP<br>17.00H→ Reunión niveis<br>18.00H→ Titoría / traballo persoal |
| | **27** | 16.00H→ Reunión xeral<br>17.00H→ Traballo persoal<br>18.00H→ Titoría/ traballo persoal |
| **MARZO** | **5** | AVALIACIÓNS EDUCACIÓN INFANTIL<br>Reunión niveis/ciclo |
| | **12** | AVALIACIÓNS 1º, 2º E 3º EP<br>Reunión niveis/ciclo |

| | | |
|---|---|---|
| | **19** | AVALIACIÓNS 4º, 5º E 6º EP<br>Reunión niveis/ciclo |

3º TRIMESTRE

| | | |
|---|---|---|
| **ABRIL** | **2** | 16.00H→ Equipos dinamización<br>17.00H→ Reunión ciclos<br>18.00H→Titoría/ traballo persoal |
| | **9** | 16.00H→ CCP<br>17.00H→ Reunión niveis<br>18.00H→ Titoría / traballo persoal |
| | **16** | 16.00H→ Reunión xeral<br>17.00H→ Traballo persoal<br>18.00H→ Titoría/ traballo persoal |
| | **23** | 16.00H→ Reunión xeral<br>17.00H→ Traballo persoal<br>18.00H→ Titoría/ traballo persoal |
| | **30** | 16.00H→ Equipos dinamización<br>17.00H→ Reunión ciclos<br>18.00H→Titoría/ traballo persoal |
| **MAIO** | **7** | 16.00H→ Claustro<br>18.00H→ Consello escolar/ Titoría/ traballo persoal |
| | **14** | 16.00H→ Equipos dinamización<br>17.00H→ Reunión ciclos<br>18.00H→Titoría/ traballo persoal |
| | **21** | 16.00H→ CCP<br>17.00H→ Reunión niveis<br>18.00H→ Titoría / traballo persoal |
| | **28** | 16.00H→ Reunión xeral<br>17.00H→ Traballo persoal<br>18.00H→ Titoría/ traballo persoal |
| **XUÑO** | **4** | 16.00H→ Equipos dinamización<br>17.00H→ Reunión ciclos<br>18.00H→Titoría/ traballo persoal |
| | **11** | 16.00H→ CCP<br>17.00H→ Reunión niveis<br>18.00H→ Titoría / traballo persoal |
| | **18** | 16.00H→ Reunión xeral<br>17.00H→ Traballo persoal<br>18.00H→ Titoría/ traballo persoal |

a. **Proxectos e programas de innovación educativa e formación do profesorado**

**Contratos programa**:

- CPInclúe: Convíve-T (LOVA), Emocióna-T (Educación responsable), Iguála-T (Educación Afectivo-sexual) e Inclúe-T.
- CP Innova: Edusostenibilidade.
- Plan Proxecta + : Cinema en curso (5º curso de E.P.), Nós tamén creamos (2º curso de E.P.)

Co proxecto Lova (**Convíve-T**) o alumnado ten como obxectivo a invención/produción dunha ópera ou breve peza de teatro musical. As alumnas e alumnos da compañía, organizados en equipos como profesionais, escriben o libreto, deseñan a escenografía, compoñen a música, confeccionan o vestiario, realizan a campaña de prensa, fabrican os aparellos, montan a iluminación, etc.

Trátase dun proxecto interdisciplicar e colaborativo que remata cun produto social relevante: a representación da ópera polo alumnado.

Así mesmo este curso iniciaremos a fase 3 do **Programa de Educación Responsable**, programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade, dentro do contrato programa **Emocióna-T**.

Ademáis, levaremos a cabo o **programa Iguála-T**, a través do cal traballaremos a coeducación e a igualdade de sexos.

Da man do Departamento de Orientación este ano iniciámonos no programa **Inclúe-T**.

Por último, traballaremos o coidado do medio ambiente a través do **proxecto Edusostenibilidade**, co fin de converternos nunha escola ecosostible, fomentando a reciclaxe e a reutilización dos recursos entre toda a comunidade educativa. Para iso porase en marcha a Illa da Reciclaxe, as merendas sostibles libres de plásticos e a reutilización dos recursos do centro para darlle unha nova vida.

**O proxecto de centro** que será o motor dos nosos proxectos este curso escolar é **" A viaxe ao mundo en 175 días",** onde trataremos de coñecer ao longo dos 175 días lectivo deste curso as principais características das tradicións e culturas de países de todo o mundo.

**Plan de Formación do Profesorado:**

- Liñas de actuación propostas:

- Competencia didáctica

- Competencia en educación inclusiva e coeducación

- Obxectivos:

- Promover o desenvolvemento social, emocional e creativo do alumnado, potenciando a creatividade, a autonomía, a confianza e o respecto.

- Continuar e completar a formación iniciada no centro en cursos anteriores en relación á educación responsable (ano 4) e Prácticas restaurativas (ano 2)

- Promover a coeducación e a igualdade de sexos entre o alumnado.

- Potenciar o traballo colaborativo entre o alumnado do centro.

- Desenvolver unha educación inclusiva, de visibilización e respecto cara ao alumnado NEAE.

- Itinerarios

-Itinerario 1. Convivencia escolar e coeducación:

Seminario: Traballando nas prácticas restaurativas

Seminario: Polos creativos

-Itinerario 2. Deseño curricular: Titoría, orientación e acompañamento do alumnado.

Curso: O desenvolvemento da creatividade. Programa de Educación Responsable.

Seminario: O crecemento socioemocional co programa de Educación Responsable.

- Responsable PFPP: CFR Asesora: Asunción Montenegro.
- Participantes: 24 profesoras/es. Porcentaxe do total do Claustro: 88,8 %

-Seminario externo Profesorado de Educación Infantil: Acompañamento respetuoso

### b. Libros de texto establecidos no centro

XUNTA DE GALICIA

CEIP PLURILINGÜE SAN ROQUE DE DARBO
36940 San Roque (Cangas)
Tlf.-886120954
ceip.sanroque.darbo@edu.xunta.gal

**LIBROS DE TEXTO CURSO 2023/2024**

| | MATERIA | NOME | ISBN | EDITORIAL |
|---|---|---|---|---|
| **1º EDUCACIÓN PRIMARIA** | | | | |
| 1º EP | Inglés | Go Far! 1 Activity Pack | 978-84-668-3661-6 | Richmond |
| | Matemáticas | Matemáticas 1º Primaria | 978-84-09-31725-7 | Lifer |
| | Lengua Castellana | 1x8 Ocho libros en uno. Itinerarios de lectura. | 978-84-68-06793-3 | Santillana |
| **2º EDUCACIÓN PRIMARIA** | | | | |
| | MATERIA | NOME | ISBN | EDITORIAL |
| 2º EP | Inglés | Go Far! 2 Activity Pack | 978-84-668-3662-3 | Richmond |
| | Matemáticas | Matemáticas 2º Primaria | 978-84-127-0862-2 | Lifer |
| | Lingua galega | Comprensión lectora Lequelé. 2º Primaria | 978-84-918-5195-0 | Santillana |
| **3º EDUCACIÓN PRIMARIA** | | | | |
| | MATERIA | NOME | ISBN | EDITORIAL |
| 3º EP | Inglés | Go Far! 3 Activity Pack | 978-84-668-3663-0 | Richmond |
| **4º EDUCACIÓN PRIMARIA** | | | | |
| | MATERIA | NOME | ISBN | EDITORIAL |
| 4º EP | Inglés | Go Far! 4 Activity Pack | 978-84-668-3664-7 | Richmond |
| **5º EDUCACIÓN PRIMARIA** | | | | |
| | MATERIA | NOME | ISBN | EDITORIAL |
| 5º EP | Inglés | Go Far! 5 Activity Pack | 978-84-668-3665-4 | Richmond |

**Os libros en fondo gris son cadernos de traballo polo que NON entran no Fondo de Libros.**
**En 5º e 6º de Educación Primaria somos centro E-DIXGAL polo que empregamos libros dixitais agás o caderno de inglés de 5º E.P.**

## 10.Obxectivos para o curso 2023-24

⇒ **Área de mellora: dirección**

| **Obxectivo 1:** ***Traballar de forma coordinada entre os órganos unipersoais de goberno que constitúen o equipo directivo do centro dando lugar a un liderado compartido.*** | |
|---|---|
| **Actuacións** | 1.Reunión semanal dos órganos unipersoais de goberno para compartir e planificar as actuacións a realizar a curto prazo.<br>2. Coñecemento exacto de cales son as competencias de cada un dos órganos unipersoais de goberno para unha mellor coordinación e realización dun traballo eficaz. |
| **Responsables** | ED |

| | |
|---|---|
| **Temporalización** | 2023/24: 100% |
| **Indicadores de logro** | 1.Lévanse a cabo as reunións planificadas satisfactoriamente de forma semanal.<br>2.Os órganos unipersoais traballan de forma coordinada. |
| **Obxectivo 2:** ***Mellorar a transmisión de información entre o profesorado do centro e o equipo directivo e mellorar a planificación de reunións.*** | |
| **Actuacións** | 1.Emprego de Abalar Móbil/ correo corporativo para a transmisión de calquera contido de interese que xurda durante o curso académico.<br>2.Planificación anual e posterior exposición do calendario de reunións ( CCP, claustro, equipos de dinamización, Consello Escolar...) para unha boa organización do profesorado.<br>3.Utilización dun taboleiro situado na sala de mestres/as para expoñer e lembrar ao profesorado todas as actividades, reunións e eventos que figuran na PXA. Asemade empregarase tamén para planificar outras que vaian aparecendo a medida que avanza o curso.<br>4.Axuste e optimización dos tempos de reunión co profesorado para que sexan máis efectivas. |
| **Responsables** | ED, CLA e coordinadores de ciclo |
| **Temporalización** | 2023/24: 100% |
| **Indicadores de logro** | 1.Emprégase a páxina Abalar Móbil e o correo corporativo para transmitir novas.<br>2.Realízase a planificación anual.<br>3.Emprégase o taboleiro frecuentemente.<br>4.As reunións axústanse ao tempo previsto. |
| **Obxectivo 3:** ***Revisar, actualizar e adaptar os distintos documentos de centro á lexislación vixente, sendo vivos e flexibles respectando os principios de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais.*** | |
| **Actuacións** | 1.Difusión a través da páxina Web do centro dos Proxectos e dos plans que se desenvolven a toda a Comunidade Escolar. |

| | |
|---|---|
| | 2.Revisión da linguaxe empregada nos distintos documentos de centro, inclusiva e non sexista.<br>3.Actualización dos documentos á lexislación vixente. |
| **Responsables** | ED, CC, DO e coordinadores dos equipos de dinamización |
| **Temporalización** | 2023/24: 25% |
| **Indicadores de logro** | 1.A páxina Web amosa todos os plans e documentos de centro á Comunidade Educativa.<br>2. Revísase a linguaxe dos documentos do noso centro.<br>3. Realízanse revisións dos documentos anualmente. |

⇒ **Área de mellora: equipo docente**

| **Obxectivo 4:** ***Potenciar aos equipos de coordinación docente tales coma equipos de ciclo, comisión de coordinación pedagóxica, equipo de dinamización da lingua galega ou de actividades complementarias e extraescolares para favorecer o correcto funcionamento do centro.*** | |
|---|---|
| **Actuacións** | 1.Realización de dúas reunións mensuais dos equipos de coordinación para organizar e dinamizar as actuacións a levar a cabo.<br>2.Comunicación por correo electrónico/Abalar Móbil aos mestres/as a través dos coordinadores dos distintos equipos das actividades e eventos a desenvolver en cada trimestre.<br>3.Distribución equitativa do profesorado nos distintos equipos de coordinación tendo en conta o ciclo/etapa ao que pertencen para favorecer a transmisión de información e darlle relevancia ás opinións de cada nivel. |
| **Responsables** | ED e equipos de coordinación. |
| **Temporalización** | 2023/24: 100% |
| **Indicadores de logro** | 1.Celébranse as reunións en tempo e forma.<br>2.A comunicación por correo electrónico/Abalar Móbil é fluída e chégalle a todo o claustro.<br>3. A distribución do profesorado é equitativa e favorece o coñecemento de información e a representación de todas as etapas educativas. |

| **Obxectivo 5:** ***Potenciar a coordinación entre o profesorado dos distintos niveis e etapas educativas.*** | |
|---|---|
| **Actuacións** | 1.Realización de unha reunión mensuais da CCP para compartir información sobre os proxectos nos que está involucrado o alumnado.<br>2. Exposición no taboleiro na sala de mestres/as dos proxectos que se están levando a cabo. |
| **Responsables** | ED, CCP e CLA |
| **Temporalización** | 2023/24: 100% |
| **Indicadores de logro** | 1.As reunións celébranse coa asistencia de todos os coordinadores/as e membros da CCP.<br>2. Utilízase o taboleiro para a exposición de información. |
| **Obxectivo 6:** ***Realizar a recepción ao novo profesorado, sempre que sexa preciso, cun cartafol de benvida ao centro.*** | |
| **Actuacións** | 1.Facilitar aos novos mestres/as un documento do funcionamento xeral do centro á súa chegada ao mesmo.<br>2.Facilitar o seu traballo a través da figura do mestre/a acompañante. |
| **Responsables** | ED, DO e mestre/a acompañante |
| **Temporalización** | Ao comezo de cada curso ou cada vez que chegue un novo compañeiro/a. |
| **Indicadores de logro** | 1.Os mestres/as coñecen o funcionamento do centro e séntense integrados no mesmo.<br>2.A figura do mestre/a acompañante realiza as súas funcións cos novos integrantes do claustro. |

⇒ **Área de mellora: Comunidade Educativa**

| **Obxectivo 7:** ***Potenciar a participación da Comunidade Educativa na actividade dos centros e fomentar a presenza do centro na súa contorna sociocultural e socioprodutiva.*** | |
|---|---|
| **Actuacións** | 1.Emprego de Abalar Móbil/ aula virtual para transmitirlle ás familias os proxectos que se están levando a cabo e poidan participar neles.<br>2.Participación en actividades culturais ou lúdicas que partan do Concello |

| | |
|---|---|
| | onde está sito o colexio ou de asociacións da bisbarra.<br>3.Planificación e desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares en colaboración coa ANPA.<br>4.Establecemento de canles de comunicación e participación en proxectos conxuntos con outros centros educativos da vila. |
| **Responsables** | ED, CC, TIT, CLA, DO, CED e equipos de coordinación |
| **Temporalización** | 2023/24: 25% |
| **Indicadores de logro** | 1.Uso frecuente de Abalar Móbil/ aula virtual por parte da Comunidade.<br>2.Realízanse actividades de aprendizaxe na contorna do noso centro.<br>3. A ANPA participa nas diferentes actividades do curso académico.<br>4.Realízanse proxectos con centros da nosa contorna. |

| **Obxectivo 8:** ***Mellora da transmisión de información ao resto da Comunidade Educativa: Abalar Móbil/ taboleiro do centro.*** | |
|---|---|
| **Actuacións** | 1.Instalación no edificio administrativo dun taboleiro de novas onde figuren datos actualizados e de interese para as familias: calendario escolar, menú do comedor, admisión de alumnado, fondo solidario, becas, etc.<br>2.Uso de Abalar Móbil/Páxina Web para a comunicación coas familias. |
| **Responsables** | ED e CED |
| **Temporalización** | Ano 2023/24: 100% |
| **Indicadores de logro** | 1.Instálase o taboleiro de novas onde a Comunidade Educativa atopa a información que precisa dun xeito sinxelo.<br>2.O uso de Abalar Móbil/Páxina Web é frecuente e útil para a Comunidade. |

⇒ **Área de mellora: clima escolar**

| **Obxectivo 9:** ***Fomentar distintos tipos de actividades lúdicas e habilitar espazos para o desfrute do alumnado en tempos de lecer.*** | |
|---|---|
| **Actuacións** | 1.Desenvolvemento de actividades que completen os contidos curriculares dalgunha área e que sexan lúdicas na hora do recreo tales como: xogos de |

| | |
|---|---|
| | mesa, lectura de libros nunha área tranquila, xogos populares, baile, etc.<br>2.Habilitación e mellora de novos espazos para o tempo de lecer en áreas exteriores que non están sendo empregadas.<br>3.Emisión e realización de programas radiofónicos por parte do alumnado empregando a Radio Escolar como unha canle de información e desfrute.<br>4.Creación da figura do alumno/a acompañante que será formado para axudar a compañeiros e compañeiras con dificultades de relación social.<br>5.Creación dunha brigada de limpeza e reciclaxe durante o recreo. |
| **Responsables** | ED, TIT, ALU e CC |
| **Temporalización** | 2023/24: 25% |
| **Indicadores de logro** | 1.Realízanse actividades innovadoras en tempos de lecer.<br>2.Os novos espazos exteriores son empregados polo alumnado de xeito regular.<br>3.Emítense os programas radiofónicos durante o período de ocio.<br>4.O alumnado acompañante leva a cabo o seu rol.<br>5.A brigada de limpeza funciona correctamente nos tempos de lecer. |
| **Obxectivo 10:** ***Revisar o Plan de Igualdade e de Convivencia para incorporar o modelo coeducativo ao modelo pedagóxico do centro co fin de avanzar na consecución do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito educativo e crear unha aula de convivencia como espazo de reflexión durante o período lectivo.*** | |
| **Actuacións** | 1.Revisión do Plan de Convivencia para unha mellor optimización do mesmo dándolle prioridade á prevención como medida para solucionar os problemas de convivencia.<br>2.Control e análise dos casos disruptivos que se producen no centro e aplicación de medidas correctoras con carácter educativo e recuperador, coa conseguinte comunicación á familia.<br>3.Creación de protocolos claros para a adopción de medidas correctoras cando os mecanismos de prevención non son suficientes.<br>4.Realización de actividades que fomenten a non discriminación e igualdade entre o noso alumnado. |

| | |
|---|---|
| | 5.Creación dunha aula de convivencia inclusiva en colaboración co Departamento de Orientación do centro. |
| **Responsables** | CC, ED,CED, TIT e DO |
| **Temporalización** | 2023/24: 25% |
| **Indicadores de logro** | 1.O Plan de Convivencia e o Plan de Igualdade revísanse sistematicamente.<br>2 e 3.Créanse protocolos e medidas para controlar os casos de comportamentos disruptivos do alumnado.<br>4.Realízanse actividades dedicadas ao fomento da igualdade entre mulleres e homes a través de talleres, PAT...<br>5. A aula de convivencia promove e favorece a detección de necesidades individuais do noso alumnado e axuda a resolvelas de xeito efectivo. |
| **Obxectivo 11:** ***Mellorar a organización das entradas e saídas do alumnado.*** | |
| **Actuacións** | 1.Distinto itinerario de entradas e saídas para o alumnado de Educación Infantil e Primaria.<br>2.Control de acceso limitado ás familias no recinto escolar tanto nas entradas coma nas saídas para garantir unha maior seguridade do noso alumnado.<br>3.Prioridade de entrada ao recinto ao alumnado transportado co coidado do profesorado de garda.<br>4.Plan de mellora de estacionamento na periferia do centro en coordinación co Concello e a Policía Local.<br>5.Acompañamento do alumnado por parte do profesorado en entradas e saídas. |
| **Responsables** | ED, CLA e CED |
| **Temporalización** | 2023/24: 50% |
| **Indicadores de logro** | 1.As entradas e saídas do alumnado son organizadas e eficaces.<br>2.O alumnado accede ao centro educativo de forma segura e acompañado polo profesorado.<br>3.O alumnado transportado está ao coidado do profesorado de garda tanto nas entradas coma nas saídas de forma ordenada.<br>4.Existe vixilancia por parte da Policía Local do estacionamento de vehículos |

| | |
|---|---|
| | na periferia do centro para unha maior seguridade do alumnado nos accesos.<br>5.O profesorado atende e guía aos seus alumnos/as nas entradas e saídas. |

⇒ **Área de mellora: proceso de ensino-aprendizaxe**

| **Obxectivo 12:** ***Converter a biblioteca escolar nun centro de recursos de aprendizaxe e que sexa o motor de todas as actividades do centro e no medio vehicular das novas metodoloxías.*** | |
|---|---|
| **Actuacións** | 1.Continuación coa participación no programa PLAMBE.<br>2.Impulso da creación dun Equipo de Biblioteca heteroxéneo e dinámico que inclúa a profesorado das diferentes etapas e niveis educativos.<br>3.Promover a participación do noso centro en actividades dependentes da Asesoría de Bibliotecas Escolares coma “Día de Lectura en Voz Alta”, “Día Escolar da Non Violencia e a Paz”, “Día da Ilustración”...<br>4. Participación das familias en actividades que permiten a integración das mesmas na biblioteca escolar facéndoas protagonistas.<br>5.Creación de clubs de lectura co alumnado e posteriormente compartir as lecturas a través da radio escolar.<br>6.Voluntariado do alumnado de 4º,5º e 6º na BE nas horas de recreo.<br>7.Charlas, debates, coloquios, conta contos...con escritores/as, ilustradores/as, poetas, debuxantes, músicos/as...que acheguen ao noso alumnado ao mundo da cultura, sobre todo da cultura galega.<br>8.Renovación das “mochilas viaxeiras |
| **Responsables** | ED, EB, CED, ALU e TIT |
| **Temporalización** | 2023/24: 25% |
| **Indicadores de logro** | 1. O PLAMBE dinamiza os proxectos do centro.<br>2. O equipo de biblioteca é heteroxéneo con membros das distintas etapas.<br>3. O centro está inmerso en actividades da Asesoría de Bibliotecas.<br>4. As familias participan en actividades da biblioteca.<br>5. Créanse clubs de lectura e a radio escolar é un medio que se usa para a divulgación de contidos.<br>6. O alumnado de 4º,5º e 6º axuda na BE no recreo de xeito autónomo. |

| | |
|---|---|
| | 7. Realízanse charlas<br><br>8. As mochilas viaxeiras están actualizadas e renovadas. |
| **Obxectivo 13:** ***Implementar un modelo educativo desde os principios da coeducación que dea resposta ás necesidades de desenvolvemento integral do alumnado, poñendo especial énfase nas alumnas e a súa relación coas vocacións científicas.*** | |
| **Actuacións** | 1. Favorecer o uso de linguaxe inclusiva nas relacións interpersoais entre o alumnado e entre alumnado e profesorado.<br><br>2. Introdución de materiais didácticos de educación en igualdade: mulleres artistas, mulleres dentro do saber científico…<br><br>3. Introducir a "Semana do Bo Trato" para fomentar a boa convivencia entre toda a Comunidade Educativa e rexeitar calquera tipo de violencia e comportamentos sexistas.<br><br>4.Espazo morado nos estantes da biblioteca do centro e biblioteca de aula con literatura coeducativa. |
| **Responsables** | ED, CLA, EB e CC. |
| **Temporalización** | 2023/24: 25% |
| **Indicadores de logro** | 1.A linguaxe empregada no centro escolar é non discriminatoria.<br><br>2. Introdúcense os materiais didácticos pertinentes.<br><br>3.Planifícase e lévase a cabo a "Semana do Bo Trato".<br><br>4.Oganízase, exponse e faise uso de bibliografía relacionada coa educación non sexista. |
| **Obxectivo 14:** ***Fomentar e potenciar a integración dos contidos relacionados co patrimonio natural e cultural da Comunidade Autónoma de Galicia nas situacións de aprendizaxe de todas as áreas e etapas educativas.*** | |
| **Actuacións** | 1.Potenciar o uso do galego nas relacións entre o profesorado e na vida escolar.<br><br>2.Potenciar a coordinación do EDLG con todo o profesorado.<br><br>3.Potenciar o coñecemento e uso da lingua galega de xeito oral e escrito polo noso alumnado no quefacer diario.<br><br>4. Colaborar de xeito permanente –é dicir, ao longo do curso escolar– cunha ou varias institucións, entidades ou asociacións, na organización de |

| | |
|---|---|
| | actividades que promovan o uso da lingua galega.<br>5. Instaurar o mes de maio como o "Mes das Letras Galegas" por mor da celebración do día das Letras Galegas (17 de maio).<br>6. Empregar as TIC en lingua galega como soporte educativo.<br>7.Celebración das distintas festas do noso patrimonio cultural tales coma Samaín, Magosto, Entroido, Día das Letras Galegas... coa participación de toda a Comunidade Educativa e fomentando o uso do noso idioma a través de actividades. |
| **Responsables** | ED, EB, EDL, TIT, CLA e CED. |
| **Temporalización** | 2023/24: 100% |
| **Indicadores de logro** | 1.Emprégase o galego nas situacións de comunicación diarias entre profesorado e alumnado.<br>2.Realízanse actividades do EDL coa participación de todo o profesorado.<br>3.As actividades realizadas en lingua galega forman parte do PAT.<br>4.O centro participa, de xeito permanente –é dicir, ao longo do curso escolar– cunha ou varias institucións, entidades ou asociacións, na organización de actividades que promoven o uso da lingua galega.<br>5.Realízanse actividades durante todo o mes de maio relacionadas coas nosas tradicións culturais.<br>6.Empréganse as TIC en lingua galega sempre que é posible.<br>7. Promóvese o uso da lingua galega nas conmemoracións ao longo do curso escolar. |
| **Obxectivo 15:** ***Fomentar e potenciar no centro educativo os proxectos e redes que estean vinculados á Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible.*** | |
| **Actuacións** | 1.Información, sensibilización da Comunidade Educativa cara o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) a través da formación en metodoloxía Aprendizaxe-Servizo.<br>2. Posta en marcha das Aulas ODS aproximando ao alumnado os obxectivos de desenvolvemento sostible identificando necesidades da nosa vila e propoñendo solucións.<br>3. Iniciarse en proxectos relacionados cos ODS empregando a metodoloxía Aprendizaxe Servizo, combinando procesos de aprendizaxe e servizo á |

| | |
|---|---|
| | comunidade traballando nas necesidades reais da súa contorna. |
| **Responsables** | ED, CC, CLA, TIT e CED |
| **Temporalización** | 2023/24: 25% |
| **Indicadores de logro** | 1.Pon ao servizo da Comunidade Educativa medios e formación axeitada relacionada coa metodoloxía ApS.<br>2.Promóvense iniciativas para a inclusión das aulas na iniciativa “Aulas ODS”<br>3. Póñense en marcha proxectos relacionados cos ODS. |
| **Obxectivo 16:** ***Impulsar o dominio das linguas estranxeiras e, particularmente, a aprendizaxe doutras áreas non lingüísticas co método CLIL (Aprendizaxe Integrado de Contidos e Linguas Estranxeiras).*** | |
| **Actuacións** | 1. Iniciación na etapa de Educación Infantil da aprendizaxe do Inglés desde un punto de vista lúdico e partindo do traballo en grupo.<br>2. Dotación á biblioteca de centro de recursos lingüísticos en lingua inglesa.<br>3. Habilitación dun recuncho do centro onde poder realizar talleres comunicativos en inglés co noso alumnado coa axuda do auxiliar de conversa e poder expoñer as tarefas realizadas.<br>4. Promoción de actividades complementarias que fomenten a adquisición da lingua inglesa, tales coma representacións teatrais, contacontos... |
| **Responsables** | ED, Equipo de Plurilingüismo e EB |
| **Temporalización** | 2023/24: 25% |
| **Indicadores de logro** | 1.Impúlsase o ingreso da etapa de Educación Infantil na aprendizaxe do Inglés.<br>2.A biblioteca dispón de materiais nesta lingua.<br>3. Créanse os recunchos de traballo.<br>4. Realízanse as actividades complementarias. |
| **Obxectivo 17:** ***Potenciar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación e dos espazos virtuais de aprendizaxe, desde un enfoque integrador destas ferramentas, metodoloxías, recursos e contidos educativos.*** | |
| **Actuacións** | 1.Continuación co proxecto EDIXGAL en 5º e 6º de Educación Primaria.<br>2. Utilización da Aula Virtual para o intercambio de materiais entre o profesorado. |

| | |
|---|---|
| | 3.Creación e uso de aplicacións educativas e de actividades interactivas por parte de todo o profesorado e alumnado: titores, especialistas, PT e AL que atendan ás necesidades individuais de cada alumno. |
| **Responsables** | ED, CTIC e CLA |
| **Temporalización** | 2023/24: 50% |
| **Indicadores de logro** | 1.O proxecto EDIXGAL é positivo no proceso de ensino-aprendizaxe.<br>2. Se utiliza a Aula Virtual entre o profesorado.<br>3. O alumnado e profesorado é partícipe da creación e uso de aplicacións educativas para o seu uso na aula. |

⇒ **Área de mellora: atención á diversidade**

| **Obxectivo 18:** ***Realizar desdobramentos de grupos ou agrupamentos flexibles para atender ás necesidades individuais do alumnado de xeito personalizado e reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.*** | |
|---|---|
| **Actuacións** | 1.Emprego dos recursos persoais do centro para poder distribuír ao alumnado en desdobres ou agrupamentos flexibles, nas clases nas que sexa preciso coa axuda do Departamento de Orientación.<br>2.Emprego dos recursos persoais do centro para realizar reforzo educativo no caso de que sexa preciso coa axuda do Departamento de Orientación. |
| **Responsables** | DO, CLA, CC e ED. |
| **Temporalización** | 2023/24: 100% |
| **Indicadores de logro** | 1. e 2. As medidas de reforzo proporcionan ao alumnado resultados positivos na adquisición das competencias clave. |
| **Obxectivo 19:** ***Mellorar a comunicación do Departamento de Orientación e o profesorado para facilitar diariamente a atención á diversidade.*** | |
| **Actuacións** | 1.Coordinación constante entre mestres/as, titores/as, Equipo Directivo e Departamento de Orientación a través de reunións semanais ou quincenais. |
| **Responsables** | ED, DO, TIT e CLA |
| **Temporalización** | 2023/24: 100% |
| **Indicadores de logro** | 1.Establécense canles e procedementos para poder realizar as reunións co DO. |

⇒ **Área de mellora: xestión dos recursos**

| **Obxectivo 20:** ***Levar a cabo unha boa administración dos recursos económicos do noso centro cun gasto equilibrado tendo en conta as necesidades puntuais de mellora que se requiran.*** | |
|---|---|
| **Actuacións** | 1.Participación en proxectos subvencionados, en concursos con dotación económica ou material.<br>2.Revisión das tarifas dos distintos provedores na busca dos mellores prezos pero sen renunciar á calidade.<br>3.Realizar a reciclaxe de todos os materiais do centro susceptibles de selo.<br>4.Facer fincapé no aforro enerxético e realizando as revisións necesarias para logralo. |
| **Responsables** | ED |
| **Temporalización** | 202/24: 25% |
| **Indicadores de logro** | 1.Particípase en proxectos subvencionados.<br>2. Faise unha revisión exhaustiva de, alomenos, tres orzamentos.<br>3.Recíclanse e sepáranse os materiais en distintos contedores.<br>4. Promóvense hábitos de aforro enerxético. |

⇒ **Área de mellora: proxección do centro na contorna**

| **Obxectivo 21:** ***Potenciar as relacións coas institucións, asociacións, Concello… da nosa contorna para dar lugar a unha aprendizaxe solidaria e formar cidadáns activos.*** | |
|---|---|
| **Actuacións** | 1.Póñense en marcha proxectos relacionados baseados na metodoloxía ApS integrando a aprendizaxe de contidos, valores e habilidades co fin de ofrecer un servizo á sociedade, transformala e mellorala. |
| **Responsables** | ED, ALU e CLA |
| **Temporalización** | 2023/24: 25% |
| **Indicadores de logro** | 1.Póñense en marcha proxectos baseados na metodoloxía ApS (Aprendizaxe e Servizo) coa colaboración de institucións, Concello... |
| **Obxectivo 22:** ***Revisar e actualizar a páxina Web do centro empregando unha linguaxe non sexista, con mensaxes de igualdade en imaxes e textos e difundir as actividades realizadas na escola de interese cara as familias.*** | |
| **Actuacións** | 1.Actualización da páxina Web do centro cunha linguaxe non sexista e |

| | |
|---|---|
| | discriminatoria e difusión de novas e actividades de interese. |
| **Responsables** | CTIC e ED |
| **Temporalización** | 2023/24: 100% |
| **Indicadores de logro** | 1.A páxina Web é dinámica e cumpre cunha linguaxe coeducativa.<br>2.A difusión de actividades vía web resulta clara e concisa para a Comunidade. |

## 11.Organización pedagóxica

### a. Equipo directivo

O Equipo directivo está integrado polos seguintes membros:

| | |
|---|---|
| **Director** | José Félix Solla Moreira |
| **Xefe de estudos** | Raquel Bretaña Durán |
| **Secretaria** | Rebeca Fervenza Collazo |

O horario de atención da secretaría do centro é de 09:25h a 14:25h. e os martes pola tarde de 16:00h a 17:00h

## b. Consello escolar e Claustro de profesores

### Consello escolar

| SECTORES | MEMBROS | TELÉFONOS MÓBILES/CORREOS |
|---|---|---|
| PROFESORADO | MÓNICA CONDE GONZÁLEZ (PT-NOV-21) | 653222097/ monicaconde@edu.xunta.gal |
| | MERCEDES ZAERA PÉREZ (REL-NOV-21) | 696831834/ mercezaera@edu.xunta.es |
| | CINTIA ANDREA ACUÑA NILSSON (ING-NOV- 22) | 665039801 /acunanilsson@edu.xunta.gal |
| | TAMARA GUERRERO FEIJÓO (ING-NOV-22) | 678224452/ tamara.guerrero.feijoo@edu.xunta.gal |
| | PAULA SANTOMÉ FERNÁNDEZ (EI SET-23) | 637975035/ paulasantome@edu.xunta.gal |
| NAIS / PAIS | SONIA FERNÁNDEZ RÍOS (NOV-21) | 682537646/ soniavalga@hotmail.com |
| | PAOLA GUIMERÁNS GONZÁLEZ(DEC-22) | 687878771/ pinky37pao@gmail.com |
| | DIEGO SÁNCHEZ MÉNDEZ (REPR. ANPA NOV-21) | 659 174 499/ dsmvet@gmail.com |
| | RAQUEL ABALO GONZÁLEZ (NOV-21) | 647725344/ raquelitaba@edu.xunta.gal |
| CONCELLO | OLIVER ÁLVAREZ BARRANCO (SET-23) | 607761600 / oliveralvarezbarranco@gmail.com |
| SERVIZOS | ISABEL ÁLVAREZ DEL RÍO (DEC-22) | 616500024/ annino.bros@hotmail.es |
| E. DIRECTIVO | JOSÉ FÉLIX SOLLA MOREIRA ( DIRECTOR) | 637034120/ felix.solla@edu.xunta.gal |
| | RAQUEL BRETAÑA DURÁN (X. ESTUDOS) | 678889509/ raquelbretanaduran@edu.xunta.gal |
| | REBECA FERVENZA COLLADO (SECRETARIA) | 617218999/ rebeca.fervenza@edu.xunta.gal |

| SECTORES E MEMBROS DO NOVO CONSELLO ESCOLAR | CONSTITUCIÓN DO NOVO CONSELLO ESCOLAR | DESIGNACIÓN DOS MEMBROS QUE VAN A CONSTITUÍR A COMISIÓN ECONÓMICA | RENOVACIÓN DO OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA ESCOLAR | DESIGNACIÓN DA PERSOA RESPONSABLE DE IMPULSAR MEDIDAS EDUCATIVAS DE FOMENTO DA IGUALDADE |
|---|---|---|---|---|
| ▼ | ▼ | ▼ | ▼ | ▼ |
| MEMBROS | C. ESCOLAR | C. ECONÓMICA | O. CONVIVENCIA | COEDUCACIÓN |
| MÓNICA | 1. (1)PROFESORA | | x | |
| MERCEDES | 2- (2) PROFESORA | | x | |
| CINTIA | 3- (3) PROFESORA | | x | |
| TAMARA | 4- (4) PROFESORA | x | | |
| PAULA | 5- (5) PROFESORA | | x | x |
| PAOLA | 1- (6) PAI | | | |
| DIEGO | 2- (7) PAI | | x | |
| SONIA | 4- (9) ANPA | x | | |
| RAQUEL | 5- (10) NAI | | | |
| OLIVER | 1- (11) CONCELLO | | | |
| ISABEL | 1- (12) SERVIZOS | | x | |
| RAQUEL BRETAÑA | 1- (13) X. ESTUDOS | | x | |
| REBECA | 2- (14) SECRETARÍA | x | | |
| FÉLIX | 3- (15) DIRECTOR | x | x | |

**Claustro de profesores:** Todo o profesorado do centro

### c. Órganos de coordinación docente

**Equipos de ciclo**

⇒ **EDUCACIÓN INFANTIL**

4ºA (3 anos) Paula Santomé Fernández.

4ºB (3 anos) Beatriz González Lorenzo.

5ºA (4 anos) Rosalía López Nogueira

6ºA (5 anos) Ana Fontán Pérez.

APOIO 1: Mª. Olga Ogando Gayo (só no mes de setembro, xa que a partir do 1 de outubro causa baixa por xubilación).

APOIO 2: Raquel Couso Casás

ORIENTADOR: Raquel Pérez Salgado

COORDINADORA: Ana Fontán Pérez.

⇒ **EDUCACIÓN PRIMARIA**

**1º CICLO**

1ºA Montserrat Cancelas Álvarez

1ºB Mª del Carmen Arias Cordero

2ºA Raquel Abalo González

2ºB José Ramón Durán Nogueira

F.I. Cintia Andrea Acuña Nilsson

A.L. Andrea Valín Méndez

COORDINADORA: Raquel Abalo González

**2º CICLO**

3ºA Diana Martínez Alarcón

3ºB	Claudia Lamas Varela

4ºA	Raquel Bretaña Durán

4ºB	Rebeca Fervenza Collazo

Relix.	Mª. Mercedes Zaera Pérez

P.T.	Mónica Conde González

COORDINADORA: Diana Martínez Alarcón

**3º CICLO**

5ºA	Ana María Gallego Cordeiro

5ºB	Lara Boubeta Bamio

6ºA	Ramona Tenreiro Santos

6ºB	Esther Vázquez Paredes

E.F.	Enrique Alejandro Paredes Rodríguez

E.M.	Sara Chorén Rodas

E.P.	José Félix Solla Moreira

F.I.	Tamara Guerrero Feijóo

P.T.	María Álvarez Lagarón

COORDINADORA: Tamara Guerrero Feijóo

**Equipos de dinamización**

⇒ **EQUIPO DE PLURILINGÜISMO**

- Cintia Andrea Acuña Nilsson

- Tamara Guerrero Feijóo

- Sara Chorén Rodas

- Diana Martínez Alarcón

-Claudia Lamas Varela

--Esther Vázquez Paredes

- AUXILIAR CONVERSA: Khaleb Kozlik-Underwood

- COORDINADORA: Cintia Andrea Acuña Nilsson

-

⇒ **EQUIPO DE CONVIVENCIA ESCOLAR**

- Ana Fontán Pérez

- Mónica Conde González

-Montserrat Cancelas Álvarez

-Andrea Valín Méndez

-María Álvarez Lagarón

COORDINADORA: Ana Fontán Pérez

⇒ **EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

- Paula Santomé Fernández

- María del Carmen Arias Cordero

-Rebeca Fervenza Collazo

- Sara Chorén Rodas

- Ramona Tenreiro Santos

COORDINADORA: Ramona Tenreiro Santos

⇒ **EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

- María Olga Ogando Gayo

-Raquel Abalo González

-Beatriz González Lorenzo

- Esther Vázquez Paredes

-Claudia Lamas Varela

-Ana María Gallego Cordeiro

COORDINADORA: Esther Vázquez Paredes

⇒ **EQUIPO DA DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

- Rosalía López Nogueira

- Cintia Andrea Acuña Nilsson

- Raquel Couso Casás

- Lara Boubeta Bamio

- Tamara Guerrero Feijoo

- María Mercedes Zaera Pérez

-Diana Martínez Alarcón

COORDINADOR: María Mercedes Zaera Pérez

⇒ **EQUIPO DE TIC**

- José Ramón Durán Nogueira

- José Félix Solla Moreira

- Enrique Alejandro Paredes Rodríguez

-Raquel Bretaña Durán

-Raquel Pérez Salgado

COORDINADOR: José Ramón Durán Nogueira

⇒ **EQUIPO EDIXGAL**

- Profesorado do 3º ciclo

- COORDINADOR: Enrique Alejandro Paredes Rodríguez

**Departamento de Orientación**

| | | |
|---|---|---|
| -PT | - | María Álvarez Lagarón |
| -AL | - | Andrea Valín Méndez |
| -PT(1 compartida) | | Mónica Conde González. |
| -X .D.O. | - | Raquel Pérez Salgado |

**Comisión de coordinación pedagóxica**

| | | |
|---|---|---|
| -2º ciclo EI | - | Ana Fontán Pérez |
| -1º ciclo EP | - | Raquel Abalo González |
| 2º Ciclo EP | - | Diana Martínez Alarcón |

| | | |
|---|---|---|
| -3º Ciclo EP | - | Tamara Guerrero Feijóo |
| -EDLG | - | Ramona Tenreiro Santos |
| -PT | - | María Álvarez Lagarón |
| -PT(2) | - | Mónica Cónde González |
| -AL | - | Andrea Valín Méndez |
| -X. D.O . | - | Raquel Pérez Salgado |
| -PLURILING | - | Cintia Andrea Acuña Nilsson |
| -EAC | - | Esther Vázque Paredes |
| -TIC | - | José Ramón Durán Nogueira |
| -E-Dixgal | - | Enrique Alejandro Paredes Rodríguez |
| -CONVIVENCIA | - | Ana Fontán Pérez |
| -PLAMBE | - | María Mercedes Zaera Pérez |
| -Directora | - | José Félix Solla Moreira |
| -X. Estudos | - | Raquel Bretaña Durán |

**Mestres/as titores/as**

**Educación Infantil**

4ºA (3 anos) Paula Santomé Fernández.

4ºB (3 anos) Beatriz González Lorenzo.

5ºA (4 anos) Rosalía López Nogueira

6ºA (5 anos) Ana Fontán Pérez.

**Educación Primaria**

1ºA Montserrat Cancelas Álvarez

1ºB Mª del Carmen Arias Cordero

2ºA Raquel Abalo González

2ºB José Ramón Durán Nogueira

3ºA Diana Martínez Alarcón

3ºB Claudia Lamas Varela

4ºA Raquel Bretaña Durán

4ºB Rebeca Fervenza Collazo

| | |
|---|---|
| 5ºA | Ana María Gallego Cordeiro |
| 5ºB | Lara Boubeta Bamio |
| 6ºA | Ramona Tenreiro Santos |
| 6ºB | Esther Vázquez Paredes |

**Mestres/as especialistas**

| | |
|---|---|
| EF-1 | Enrique Alejandro Paredes Rodríguez. |
| EF-2 | Esther Vázquez Paredes |
| LE-1 (Inglés) | Cintia Andrea Acuña Nilsson. |
| LE-2 (Inglés) | Tamara Guerrero Feijóo. |
| EM | Sara Chorén Rodas. |
| PT | María Álvarez Lagarón |
| PT (Compart.) | Mónica Conde González. |
| AL | Andrea Valín Méndez |
| Relixión | Mercedes Zaera Pérez. |
| DO | Raquel Pérez Salgado |

**Mestres/as de apoio**

| | |
|---|---|
| EI-1 | Mª. Olga Ogando Gayo. |
| EI – 2 | Raquel Couso Casás |

## 12. Seguridade e vixilancia

### a. Normas de organización e funcionamento do centro

É labor de todo o profesorado, e así está recollido no plan de acción titorial, nos contidos do currículo e nos obxectivos de convivencia, a promoción de comportamentos acordes co respecto ás persoas e ao seu traballo.

Neste sentido, entendemos que para favorecer estas actitudes, as entradas e saídas, xunto cos desprazamentos polos corredores e aulas, deben estar presididos pola atención ás seguintes normas:

⇒ Normas xerais

1.- Dende o inicio da xornada lectiva, ao soar o "primeiro" timbre da mañá, toda a comunidade educativa debe comportarse con escrupulosa atención á distribución de espazos e tempos que se contemplan na organización horaria do curso.

2.- Para evitar calquera tipo de interrupción ou distorsión no ritmo académico, as persoas alleas á actividade escolar evitarán o acceso ás aulas perante as sesións lectivas.

3.- O módulo de dirección e a conserxería son as zonas de atención para nais, pais ou comerciais neste período.

4.- Así mesmo, os alumnos e alumnas teñen que evitar os desprazamentos ruidosos entre clases, procurando moverse amodo polos corredores nos cambios de aula ou ante calquera necesidade extraordinaria que puidese xurdir entre horas. En definitiva, temos que acostumarnos todos/as a movernos respectuosamente polo colexio, con consideración ás persoas e ás cousas, como primeiro paso para lograr un entorno de traballo agradable e acolledor.

5.- As diferentes agrupacións de alumnos/as distribuídos/as por etapas e niveis educativos, non poderán quedar en ningún momento sen un profesor/a encargado da actividade programada.

6.- O calendario de gardas e a folla de substitucións diaria, de obrigada consulta por parte do profesorado, tentan cubrir as continxencias neste sentido. En calquera caso, e ante imprevistos, deberá avisarse á xefa de estudos como coordinadora desta responsabilidade docente.

7.- Coa finalidade do coadxuvar ao mellor cumprimento destas normas, e ante os cambios de clase nos que os alumnos/as teñan que acceder a unha especialidade, o profesor/a que remata a súa sesión supervisará ao grupo polo percorrido de acceso a aula específica, ata que sexan recibidos polo profesor/a especialista.

8.- O alumnado deberá chegar ao centro á hora establecida para cada etapa. O alumnado de Educación Primaria que chegue máis tarde das 09:35h deberá acceder ao centro acompañado da persoa

responsable que terá que asinar na conserxería o papel correspondente. Pregamos a máxima puntualidade.

9.- Co fin de facilitar a entrada e saída do recinto escolar, evitando riscos e/ou situacións de potencial perigosidade, os vehículos que circulen pola rúa de acceso ao colexio terán que facelo a velocidade moderada e atentos aos comportamentos, sempre imprevisibles, dos máis cativos/as. En calquera caso, non se deberá aparcar nos pasos de peóns nin na zona máis próxima ao valado que está reservada aos autobuses e moito menos na praza reservada para persoas con mobilidade reducida.

10.- Á chegada dos autobuses, pola mañá, o alumnado de Educación Infantil será conducido polo profesorado de garda ao corredor interior do colexio próximo á porta de entrada, onde esperarán, vixiados por un adulto, ata a hora de comezo das clases. Os alumnos/as de máis idade, que non deberían estar sós na escola antes da chegada do primeiro autobús (aproximadamente ás 9:10), esperarán na correspondente fila do pavillón.

11.- Cando un pai, nai, titor/a ou familiar dun alumno/a teña que recollelo do colexio durante a xornada lectiva, ten que acceder ao mesmo a través do portalón da parte superior polo que se entra ao módulo de dirección. Dirixirase á oficina da conserxe para solicitar que avisen ao alumno/a en cuestión e cubrirá o parte de saída que temos establecido por seguridade. Durante a xornada lectiva, as persoas alleas á actividade académica non pasarán ás aulas nin aos corredores da planta superior.

12.- Recordade que cando un alumno/a falte ás clases, a nai, pai ou titor/a ten que xustificar a devandita falta ante o titor/a. En calquera caso, sempre é conveniente informar ao profesorado dos cambios na rutina diaria.

13.- O respecto ás instalacións do colexio debería ser unha preocupación constante de toda a Comunidade Educativa co propósito de conseguir o contorno de convivencia que merecemos. Neste sentido, os adultos temos que ser activos e funcionar como modelos á hora de coidar e manter limpas as instalacións.

14.- En consecuencia, no recinto escolar non se pode entrar con animais, bicicletas, ciclomotores ou vehículos en xeral.

15.- Ante calquera dúbida ou aclaración sobre os aspectos organizativos e de funcionamento, non dubiden en poñerse en contacto co profesorado do seu fillo/a ou, de ser o caso, coa dirección do colexio. Estamos convencidos/as de que a educación é unha labor conxunta e no centro sempre atopará as portas abertas á cooperación.

⇒ Recreos

**1.**- O recreo, ou descanso de media mañá, enténdese como un período de obrigado cumprimento no que, tanto alumnos/as como profesores, gozamos duns momentos de lecer para enfrontar as últimas sesións.

2.- Formando parte do tempo lectivo, as actividades, libres ou regradas, que nel se desenvolvan, deben estar presididas polo respecto mutuo; procurando actitudes de compañeirismo e colaboración.

3. -Neste sentido, é labor dos titores/as en particular e de todo o profesorado en xeral, a difusión das normas; propiciando a súa reflexión e aplicación con flexibilidade e eficacia.

4.- Os alumnos/as teñen que coñecer os espazos de xogo e os servizos dispoñibles durante o recreo, así como as súas condicións de uso e mantemento. Para tal fin, nas clases debemos recordar periodicamente, e os profesores de vixilancia deben velar por:

- Que os alumnos/as non saian do recinto escolar.
- Os posibles conflitos entre iguais.
- O reparto das zonas de xogo.
- O acceso aos baños.
- A limpeza xeral das instalacións.
- A utilización da biblioteca e corredores interiores.

5.- A vixilancia debe ser atenta e activa, con control efectivo do alumnado que, obrigatoriamente, debe estar no patio ou baixo a tutela doutro profesor/a. Inclúe:

⇒ Saída ao patio de todo o alumnado.

⇒ Marchar da aula logo que saian os/as alumnos/as, indicándolles expresamente que baixen ao patio.

⇒ Respectar o horario do recreo. Se algún profesor/a permanece na aula cos seus alumnos/as faise responsable da súa atención, que será sempre presencial. De marchar posteriormente ao patio, terá que acompañar ata a saída do edificio aos seus alumnos/as.

⇒ Vixilancia nos patios ata o remate do recreo.

⇒ Atención á problemática que presenten os/as alumnos/as.

⇒ Organización dos espazos de xogo

6.- Xogamos para divertirnos, non para gañar ou para ver quen o fai mellor. Se nos enfurruñamos, discutimos ou pelexamos, deixa de ser agradábel e o xogo non ten sentido.

7.- O xogo tamén é ideal para facer amigos. Os equipos están formados por grupos de persoas, polo que os individualismos non teñen lugar. Trátase de compartir as estratexias cos compañeiros/as e pasar os balóns para facer máis dinámica a participación.

8.- Os deportes de equipo teñen unhas regras básicas que debemos respectar e os árbitros, son os/as compañeiros/as encargados de recordalas. Neste sentido, sempre temos que respectar as súas decisións, aínda que se equivoquen.
9.- Os equipos teñen que ser mixtos. Sempre, en calquera situación, temos que facilitar a incorporación dos compañeiros/as que queiran participar.

10.- Á terminación do recreo o alumnado ten que incorporarse puntualmente á aula sen dilatar a circulación polos corredores.

11.- Queda prohibido:

- ⇒ Xogar con balóns ou pelotas no patio cuberto do ximnasio. No patio superior só o poderá facer o alumnado de E. Infantil.
- ⇒ Enredar nos servizos hixiénicos.
- ⇒ Pasar aos corredores interiores. Tampouco se permite a presenza na cociña ou comedor.
- ⇒ Xogar con violencia nin desenvolver actividades que poidan danar ou molestar aos/ás compañeiros/as.
- ⇒ Só se pode saír a buscar o balón con permiso dun dos profesores/as responsables da vixilancia do recreo.
- ⇒ Entrar coas "merendas" na biblioteca.

⇒ <u>Utilización do pavillón polideportivo no recreo</u>

1.- Nos recreos de cada xornada lectiva as pistas do pavillón poderán ser utilizadas, secuencialmente, polos diferentes cursos de E.P. segundo o calendario que semanalmente quedará exposto a tal efecto.
2.- Os alumnos e alumnas que teñan asignadas as pistas segundo o mencionado calendario, poderán organizarse libremente para xogar aos deportes establecidos no trimesttre.
3.-Para tal efecto, os balóns ou pelotas deberán retirarse dos armarios situados no fondo do pavillón e devolverse ao rematar a actividade; cando toque o timbre para retornar ás aulas.
4.-O alumnado que non pertenza ao curso designado poderá desprazarse polo pavillón sen molestar nin interromper o xogo dos compañeiros/as. Cando se desexe, as gradas poderán ser utilizadas para sentarse a observar a actividade das pistas, utilizar os xogos de "mesa" ou conversar. En ningún caso se poderá xogar a persecucións, saltar ou correr sobre elas.
5.-No xogo deportivo con pelotas debemos evitar o seu lanzamento contra as paredes e/ou a cuberta. En consecuencia, "os balonazos" que se puidesen dar gratuitamente merecerán unha reflexión por parte do/a(s) alumno/a(s) responsable(s).
6.-Segundo indican os carteis situados nas portas dos aseos, os alumnos e alumnas que o precisen utilizarán os baños a discreción, accedendo sempre a eles individualmente, e ocupándose de deixar as

instalacións no mellor estado posible. Ante a observacións de danos ou desperfetos deberemos avisar ao profesor/a de garda.

7.-Neste sentido, os servizos hixiénicos de referencia para utilizar no recreo, por parte do alumnado de E.P., serán estes do pavillón. No período de lecer, entre as 11:55 e as 12:25, os alumnos e alumnas de primaria non deberán acceder nin aos baños interiores nin aos exteriores, que quedarán reservados para E.I.

8.-Un dos profesores/as de vixilancia do recreo encargarase de supervisar o respecto a estas normas e a correcta utilización das instalacións deportivas, dentro do propio pavillón.

9.-Os días de choiva, a utilización programada das pistas quedará anulada, polo tanto, non haberá balóns. A nave utilizarase como espazo de recreo cuberto para que todos/as podamos movernos libremente, sen correr polas gradas.

10.-As pistas exteriores quedarán sempre reservadas para pasear ou desenvolver xogos tradicionais. Nelas non se poderá xogar con pelotas.

11.-Como xa sabemos, no recreo tamén podemos tomar a decisión de asistir á biblioteca (menos este trimestre que se atopa pechada). Se esta foxe a nosa opción, debemos merendar nas pistas e deixar os envoltorios dos bocadillos nas respectivas papeleiras antes de entrar na sala de lectura; pola porta exterior. Temos que decidir, e incluso negociar cos compañeiros/as, como vamos a gozar do tempo de descanso, de tal xeito que non se pode estar entrando e saíndo discrecionalmente da biblioteca.

12.Dada a importante demanda deste servizo por parte do alumnado, cando sexa necesario, o profesorado encargado regulará o acceso á sala de lectura por cursos e días ao longo da semana. En calquera caso, ao tocar o timbre para o recreo, non se debe pasar directamente a esperar a que se abra a porta de entrada da biblioteca. Todos/as os/as alumnos/as teñen que saír ao patio a degustar as súas merendas, depositando o lixo nas papeleiras das pistas. Cando se permita o acceso ao pavillón (aproximadamente 10 minutos despois de baixar) é cando se pode pasar á sala de lectura, sen entreterse polos corredores de acceso.

13.-Ao tocar o timbre, e antes de retirarnos dos espazos de xogo, debemos asumir a costume de comprobar que non queda lixo ciscado. Polo noso propio ben, e para gozar das instalacións que merecemos, temos que responsabilizarnos incluso dos erros dos compañeiros/as e axudar a recoller os papeis que atopemos.

## b. Cadro de vixilancias: transporte escolar, recreos e alumnado de Educación Infantil

**CALENDARIO DE VIXILANCIAS**

ENTRADAS/SAÍDAS E RECREOS

| FRANXAS HORARIAS | | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|---|
| GARDAS:<br>ENTRADAS 9:10 a 9:25<br>E SAÍDAS 14:25 a 14:40<br><br>ZONAS:<br>1. Educación infantil<br>2. Baixada do autobús<br>3. Vixilancia da pista<br>4. Interior pavillón | | 1. RAQUEL COUSO<br>2. SARA<br>3. DIANA<br>4. RAQUEL ABALO | 1.BEA<br>2. ESTHER<br>3. JOSÉ RAMÓN<br>4. MERCEDES | 1. PAULA<br>2. MÓNICA<br>3. LARA<br>4. CLAUDIA | 1. ROSALÍA<br>2. MARUXA<br>3. ROMI<br>4. MARÍA | 1. ANA FONTÁN<br>2. TAMARA<br>3. RAQUEL PÉREZ<br>4. ENRIQUE |
| | | | | | | |
| 11:55 a 12:25<br>RECREOS | E.P. | LARA<br>ANA GALLEGO<br>JOSÉ RAMÓN<br>RAQUEL BRETAÑA | MONTSE<br>MARÍA<br>RAQUEL ABALO<br>ED (Rebeca, Raquel B., Félix; en turnos rotativos) | FÉLIX<br>ROMI<br>ENRIQUE<br>REBECA | DIANA<br>CLAUDIA<br>TAMARA<br>CINTIA | GRUPO 1<br>GRUPO 2<br>GRUPO 3<br>GRUPO 4 |
| | BIB | | | | | |
| | E.I. | ESTHER<br>BEA<br>MÓNICA | PAULA<br>ANA FONTÁN<br>RAQUEL PÉREZ | RAQUEL COUSO<br>MERCEDES<br>ROSALÍA | ANDREA<br>SARA<br>MARUXA | |

## c. Plan de autoprotección do centro

Este apartado recolle os aspectos básicos do plan de emerxencia deseñado en función das caracteríticas estruturais do colexio. Ten como obxectivo difundir e practicar as normas de actuación de profesores/as, alumnos/as e persoal docente, no caso de que xurda unha situación de emerxencia que requira unha resposta rápida de evacuación das instalacións.

O Equipo Directivo ha de procurar que todas as persoas integrantes da comunidade educativa coñezan a existencia deste plan e os mecanismos da súa posta en funcionamento. A publicidade reiterada e os simulacros de resposta ante unha suposta situación de perigo, contribuirán ao perfeccionamento do proxecto e á mellora dos procedementos.

Periodicamente desenvolveremos prácticas de evacuación do Centro Educativo para avaliar o coñecemento práctico do Plan e rexistrar as incidencias que axudarán ao seu perfeccionamento e actualización.

O esquema inicial para organizar e supervisar o simulacro de emerxencia responderá aos seguintes apartados:

**Instrucións para o simulacro de evacuación. Emerxencias no centro escolar**

| **Consideracións** |
|---|
| O plano de emerxencia define as medidas de seguridade e as instrucións para os exercicios de evacuación. |
| A evacuación do edificio escolar pode estar motivada por un incendio, anuncio de bomba, escape de gas ou calquera outro tipo de alarma que provoque unha situación de risco. |
| As prácticas de evacuación pretenden o adestramento e a corrección de hábitos dos alumnos/as. |
| Nelas temos que procurar non incorrer en comportamentos que poidan denotar precipitación ou nerviosismo. |
| O profesor/a que avalíe unha situación de risco debe activar a sinal de alarma. |

| **Tempos estimados** | |
|---|---|
| Evacuación de cada unha das plantas | 3 minutos |
| Evacuación total do edificio | 10 minutos |
| Duración total dunha práctica de evacuación | 30 minutos |

| **Finalidade e condicións** |
|---|
| Detectar as principais insuficiencias do edificio e definir medidas correctivas. |
| Para simular situacións límite, deberá preverse a eventualidade dunha saída exterior bloqueada . |
| O simulacro desenvolverase en situación de máxima ocupación do edificio. |
| Os alumnos/as e profesores/as non deben coñecer nin o día nin a hora do simulacro. |
| O director decidirá estes extremos segundo o seu criterio e responsabilidade. |

| **Fases** | | |
|---|---|---|
| Primeira | Adestramento de cada titor/a (profesor especialista) ós seus alumnos/as. | 1º T. |
| Segunda | Práctica do exercicio sen contar coa colaboración exterior. | 2º T. |
| Terceira | Simulacro xeral, con mobilización dos servizos de apoio externos (coordinación). | 3º T. |

| **Resultados** |
|---|
| O director informará á delegación provincial sobre as incidencias segundo o esquema adxunto |
| Do informe final deberanse extraer conclusións para corrixir deficiencias |
| Os alumnos/as teñen que ser informados periodicamente dos axustes no plan xeral |

<table>
<tr><th colspan="5">Equipo</th></tr>
<tr><td>Coordinador xeral do simulacro</td><td>Félix</td><td colspan="3">-Asume a responsabilidade total do simulacro<br>-Coordina tódalas operacións</td></tr>
<tr><td>Coordinador suplente</td><td>Raquel B./<br>Rebeca</td><td colspan="3">-Asume as funcións do coordinador/a xeral na súa ausencia</td></tr>
<tr><td>Coordinador/a da planta baixa</td><td>2º Prof. libre</td><td colspan="3" rowspan="2">-Responsabilizaranse das accións na dita planta<br>-Rexistrarán os tempos de evacuación<br>-Controlarán os alumnos/as desaloxados</td></tr>
<tr><td>Coordinador/a da planta superior</td><td>1º Prof. libre</td></tr>
<tr><td colspan="3">Persoa na saída do edificio para controlar tempos</td><td colspan="2">Félix</td></tr>
<tr><td colspan="3">En caso de ter que saír do recinto escolar: profesor/a na rúa</td><td colspan="2">Maruxa– P.T.</td></tr>
<tr><td colspan="3">Persoa(s) encargada da evacuación de alumnos/as con N.E.E.</td><td colspan="2">Profesor/a – Apoio P.T.</td></tr>
<tr><td colspan="2" rowspan="3">Persoa encargada de desconectar as instalacións</td><td rowspan="3">Pilar (3)</td><td>Gas</td><td>Pilar</td></tr>
<tr><td>Electricidade</td><td>Félix</td></tr>
<tr><td>Caldeiras</td><td>Pilar –Cons.</td></tr>
</table>

| Consideracións Previas |
|---|
| O alumnado será informado previamente de que se levará a cabo o simulacro explicando os seus obxectivos e as instrucións de evacuación, pero sen coñecer a data exacta do mesmo. Especial atención en preparar ao alumnado NEAE para evitar alarmas. Do mesmo xeito, as familias serán avisadas ese mesmo día para evitar situacións de alarma. |

| Funcións do Profesorado |
|---|
| Con anterioridade ao día do simulacro, tódolos profesores/as traballarán cos coordinadores/as o plano a seguir e a previsión de incidencias. |
| Cada profesor/a responsabilizarase de controlar os movementos dos alumnos/as ao seu cargo. |
| Na súa aula, cada profesor/a organizará a estratexia do grupo, designando ós alumnos/as máis responsables para funcións concretas. |
| Comprobará que os recintos queden baleiros, deixando as portas e ventás pechadas. |

| Funcións do Alumnado |
|---|
| Os alumnos/as actuarán sempre segundo as indicacións do seu profesor/a. |
| Non recollerán os seus obxectos persoais cando se emita o sinal de alarma. |
| Os alumnos/as que ó soar o sinal se encontren fóra da aula, deberán incorporarse ó grupo máis |

| |
|---|
| próximo que se encontre en movemento de saída. |
| Tódolos movementos realizaranse á présa, pero sen correr. |
| Ningún alumno deberá deterse no circuíto. |
| Este exercicio debe desenvolverse en silencio e con sentido de axuda mutua. |
| A evacuación desenvolverase respectando o mobiliario escolar. |
| En ningún caso se debe volver atrás. |
| Os grupos permanecerán sempre unidos. |

| **Funcionalidade dos materiais** | |
|---|---|
| Planificación gráfica dos fluxos de saída: | Ver planos das plantas baixa e primeira |
| Puntos críticos do edificio: | Ver núcleos de distribución e posición dos profesores |
| Zonas exteriores de concentración: | Ver plano do recinto escolar e posicións dos grupos |
| Saídas a utilizar: | Anterior, segundo rutas indicadas nos planos |
| Saída bloqueada a efectos do exercicio: | NON, nesta práctica |

| **Control da preparación** | | |
|---|---|---|
| Información aos pais do exercicio a realizar para evitar alarmas | | SI – Mesmo día |
| Informar aos alumnos/as dos pormenores, obxectivos e instrucións | | SI |
| Secreto do momento exacto do simulacro (factor sorpresa) | Práctica: 00-00-00 | Sorpresa: __-__-00 |

| **Instrucións para a evacuación** |
|---|
| 1º Soará unha alarma de xeito prolongado. Cada mestre/ mestra irá organizando ao alumnado co que se atope nese momento na aula para que, sen recoller nada, se agrupen para iniciar o protocolo de saída. O mestre de garda 1 acudirá á primeira planta para coordinar o desaloxo da mesma. O mestre de garda 2 acudirá á planta baixa para coordinar o desaloxo desta.<br><br>2º Desaloxarase en primeiro lugar a planta baixa. |




PLANTA BAIXA

| **Evacuación da planta baixa** |
|---|
| a) O persoal de cociña así como alumnado e profesorado que se atope nos espazos do comedor escolar abandonarán o edificio pola nova saída de emerxencia do comedor (SAÍDA 5). |
| b) O alumnado e profesorado que se atope na aula de relixión dirixirase á SAÍDA 4 e de aí ás pistas polas escaleiras centrais das mesmas. |
| c) O alumnado de Educación infantil así como o que se atope na aula de música sairá acompañado das mestras e por grupos pola SAÍDA 3 e accederá directamente ás pistas baixando pola rampla situada ao lado esquerdo da súa saída. O/A coordinador/a da evacuación de planta axudará neste proceso. |
| d) O persoal, profesorado e alumnado que se atope no edificio administrativo sairá ao exterior pola SAÍDA 1 e rodeará o edificio polo corredor que hai ao lado do horto escolar ata chegar ás pistas baixando pola rampla. |
| e) O alumnado que se atope na biblioteca abandonará o edificio pola SAÍDA 2 e rodeará o edificio polo corredor que hai ao lado do horto escolar ata chegar ás pistas baixando pola rampla. |

f) O alumnado e profesorado que se atope no pavillón sairá en orde e directamente ás pistas.

g) O alumnado e profesorado que se atope no ximnasio deixará todas as súas pertenzas, cruzará o patio cuberto e avanzará cara as pistas polo lateral superior do pavillón ata as escaleiras centrais das pistas, polas que baixará ás mesmas. De todos modos, nestas escaleiras dará prioridade de paso sempre ás persoas que se atopen saíndo do edificio escolar.

Unha vez evacuada a planta baixa o coordinador/a dese andar avisará ao coordinador/a da primeira planta para iniciar a evacuación da mesma.

Simultaneamente ao paso anterior o alumnado da planta superior estívose organizando en grupos coa axuda do mestre/a de garda correspondente. Unha vez sexan avisados de que poden saír baixarán as escaleiras do seguinte xeito.



PRIMEIRO ANDAR

**Evacuación da primeira planta**

O alumnado das aulas 8 e 9  colocaranse agrupados e cos seus mestres/as preto da escaleira agardando o aviso para baixar. Baixarán as escaleiras en liña recta e sairán ao exterior pola SAÍDA 2 rodeando o edificio polo corredor ao lado do horto escolar e accedendo ás pistas pola rampla.

O alumnado das aulas 12, 13, 14 e 20, así como os que se atopen na aula de usos múltiples iranse achegando á escaleira seguindo o esquema anterior. Baixarán as escaleiras en liña recta e sairán ao exterior pola SAÍDA 2 rodeando o edificio polo corredor ao lado do horto escolar e accedendo ás pistas pola rampla.




PRIMEIRO ANDAR

| |
|---|
| O alumnado que se atope nas aulas 10, 11 e 17 achegaranse ás escaleiras e agardarán o aviso para desaloxar. Baixarán as escaleiras en liña recta e sairán ao exterior pola SAÍDA 4 para acceder directamente ás pistas a través das escaleiras centrais das mesmas. |
| O alumnado das aulas 15, 16, 18, e 19 así como todos/as os/as que se atopen na radio escolar ou aula de AL achegaranse ás escaleiras e baixaranas en liña recta saíndo ao exterior pola SAÍDA 4 para acceder directamente ás pistas polas escaleiras centrais das mesmas. |
| Os/As coordinadores/as de cada planta comprobarán que non quede ninguén nas aulas nin nos aseos. |
| Todo o persoal e alumnado reunirase, sempre manténdose no seu grupo, nas pistas exteriores onde se fará un reconto final. |

| **Ao finalizar o exercicio** | |
|---|---|
| O equipo coordinador inspeccionará todo o centro para detectar anomalías ou estragos | P.T.= Control |
| Reunión de tódolos profesores/as para avaliar o exercicio. | |
| O director redacta o pertinente informe. | |

**Protocolos de atención ao alumnado con necesidades específicas**

⇒ INSTRUMENTOS:

1. Folla de rexistro e valoración de casos.
2. Sistema de alarma para solicitar axuda ante a emerxencia.
3. Plan de actuación decidido e comunicado segundo a folla de rexistro

⇒ ANTE UNHA EMERXENCIA:

| | |
|---|---|
| AVISO / ALARMA | 1. En E.I:<br>  1. Facer soar a sirena para reclamar axuda.<br>  2. Avisar aos profesores/as máis próximos.<br>2. En EI / EP:<br>  1. Nas aulas:<br>    1. Enviar a un alumno/a ao módulo de dirección.<br>    2. Avisar aos profesores/as máis próximos.<br>  2. No pavillón ou ximnasio:<br>    1. Establecer comunicación a distancia.<br>    2. Cando proceda, solicitar colaboración dos alumnos/as. |
| ESTABILIZACIÓN | 1. Situar ao alumno/a nunha posición<br>2. Estimular para comprobar consciencia ou remisión da crise.<br>3. Atender aos compañeiros/as, desprazándoos a outro espazo ou actividade.<br>4. Avaliar a entidade da crise. |
| CONTACTOS | 1. Segundo a estabilización conseguida:<br>  1. Chamar á familia ao número de emerxencias facilitado.<br>  2. Chamar o 061 ou alertas sanitarias escolares (AMBULANCIA).<br>2. En calquera caso, despois do episodio, facilitar á familia o desprazamento ao centro de saúde ou ao fogar. |

⇒ DESPOIS DE CADA ACTUACIÓN:

1. O titor/a promoverá unha reunión a través do equipo directivo para:
   1. Avaliar todo o procedemento:
      1. Revisando o plan acordado na folla de rexistro de casos

    2. Comprobando a eficacia de cada un dos apartados.
    3. Decidindo, segundo os datos obtidos, as medidas para aumentar a eficiencia en futuras emerxencias.
2. Sacar conclusións, en gran grupo, sobre a pertinencia de estender as aprendizaxes deste episodio ao procedemento xeral.

PROCESO DE REFLEXIÓN E INCLUSIÓN DO ALUMNADO EN PROGRAMAS DE CONTROL

<table>
<tr><td colspan="5">ALUMNO/A:</td></tr>
<tr><td>ETAPA:</td><td>CURSO:</td><td>GRUPO:</td><td>Nº EXPEDIENTE:</td><td>Nº LISTADO:</td></tr>
<tr><td colspan="5">PROFESOR/A QUE INICIA O PROCEDEMENTO:</td></tr>
<tr><td colspan="5">CIRCUNSTANCIAS DETECTADAS, INFORMADAS OU SOSPEITADAS RESPECTO Á SITUACIÓN DESTE ALUMNO/A:</td></tr>
<tr><td colspan="5">IDENTIFICACIÓN DOS FAMILIARES, PROFESIONAIS OU MEMBROS DA COMUNIDADE QUE INFORMAN:</td></tr>
<tr><td colspan="4">DATA E MEMBRO DO EQUIPO DIRECTIVO AO QUE SE LLE PARTICIPA ESTA INFORMACIÓN:</td><td>DATA:</td></tr>
<tr><td colspan="4">REUNIÓN DE POSTA EN COMÚN E TOMA DE DECISIÓNS:</td><td>DATA:</td></tr>
<tr><td colspan="5">PARTICIPANTES:</td></tr>
<tr><td colspan="5">OBSERVACIÓNS:</td></tr>
</table>

URXENCIAS E ATENDEMENTO TERAPÉUTICO EN HORARIO ESCOLAR

| PARÁMETROS A REXISTRAR | RELACIÓN DE ALUMNOS/AS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| CURSO / GRUPO | | | | | | | | |
| DIAGNÓSTICO | | | | | | | | |
| INFORMES | | | | | | | | |
| APORTA INFORMACIÓN | | | | | | | | |
| TLF. ANTE A CRISE | | | | | | | | |
| TLF. URXENCIA | | | | | | | | |
| SOPORTE VITAL | | | | | | | | |
| MEDICACIÓN | | | | | | | | |
| SITUACIÓN / HORA | | | | | | | | |
| REXISTRO ACUMULATIVO | | | | | | | | |

CONTROL E ACTUACIÓNS RESPECTO AO ALUMNADO CON MEDIDAS ESPECÍFICAS DE PROTECCIÓN

| PARÁMETROS A REXISTRAR | RELACIÓN DE ALUMNOS/AS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| CURSO / GRUPO | | | | | | | | |
| SITUAC. SOCIO - FAMILIAR | | | | | | | | |
| INFORMES | | | | | | | | |
| APORTA INFORMACIÓN | | | | | | | | |
| TLF. DE AVISO Á FAMILIA | | | | | | | | |
| POLICÍA | | | | | | | | |
| ACTUACIÓN (S) | | | | | | | | |
| MEDIDA (S) PROTECCIÓN | | | | | | | | |
| ACONTECIMIENTOS | | | | | | | | |
| REXISTRO ACUMULATIVO | | | | | | | | |

URXENCIAS SANITARIAS

AUTOPROTECCIÓN

**061** Urxencias sanitarias

**112** Urxencias xerais

- Plan autoprotección, evacuación e urxencia.
- Alerta escolar (0-16 anos) CRISES - **061**
  - Alérxicas (anafilaxia)
  - Comiciais (epilepsia)
  - Diabéticas (hipoglicemia)

**Accidentes**:

(PPAA) Primeiros auxilios.

Simulacros de simulación de actuacións ante urxencias de saúde

(solicitude de colaboración CAE 112-061)

⇒ ACTUACIÓN

- Observar antes de actuar.
- Intervención rápida e serena.
- Non mover sen saber.
- Facer o indispensable.
- Abrigar ao ferido/a.
- Tranquilizar e animar.

Conduta **PAS** (**P**rotexer – **A**visar – **S**ocorrer)

⇒ PROTEXER

- Afastar o perigo.
- Resgardar ao accidentado e á persoa que intervén.
- Cando proceda, cortar gas, corrente...
- Nunca deixar á vítima soa.

⇒ AVISAR

- Identificarse.
- Lugar exacto.
- Tipo de accidente.
- Número de feridos e situación.

⇒ SOCORRER

- 1º. Estabilizar: soporte vital básico.
- 2º. Evitar agravamento das lesións (mellorar condicións de espera)
- 3º. Organizar.

| PAUTAS DE ACTUACIÓN RÁPIDA ANTE ACCIDENTES | | | |
|---|---|---|---|
| ELECTRICIDADE | ALTERACIÓN TEMPERATURA | AMPUTACIÓNS | CRISES ASMÁTICAS |
| Cortar a corrente.<br>Illarse, antes de rescatar. | Tranquilizar.<br>Se febre, non abrigar.<br>Se 40º ou máis; urxencias. | Atender á hemorraxia.<br>Manter o membro elevado<br>Envolver o membro amputado en gasa e metelo nunha bolsa pechada.<br>Introducir esta bolsa noutra con xeo.<br>Trasladar o membro co ferido | Tranquilizar.<br>Postura cómoda para respirar<br>Mantelo en repouso, sentado<br>Trastorno crónico: pautar coa familia broncodilatado. |

| CONVULSIÓNS | CRISES DIABÉTICAS | CRISES PSIQUIÁTRICAS | CONTUSIÓNS - LUXACIÓNS |
|---|---|---|---|
| Alta en **Alerta Escolar**.<br>Apartar obxectos perigosos.<br>Protexer a cabeza.<br>Afrouxar a roupa.<br>Poñer de lado.<br>Deixar que a crise evolucione<br>NON SUXEITAR Á VÍTIMA<br>NON TAPONAR A BOCA NIN POÑER NADA NOS DENTES | Alta en **Alerta Escolar.**<br>Ante situación de urxencia: perda de consciencia, confusión, convulsión... **061** | Tranquilizar.<br>Apartar aos demais.<br>Trasladar a lugar tranquilo.<br>Permanecer dúas persoas.<br>Avisar á familia | Aplicar frío local.<br>Inmobilizar a zona afectada.<br>Elevar e manter en repouso.<br>Remitir a atención sanitaria.<br>NON MOVER A ZONA DANADA<br>NON APLICAR POMADAS NIN ANALXÉSICOS |

| CORPOS ESTRAÑOS | DOR: CABEZA, PEITO, DENTAL | DOR ABDOMINAL | HEMORRAXIA NASAL |
|---|---|---|---|
| Lavar as mans e poñer luvas. | Tranquilizar.<br>Postura cómoda, lugar | Se é moi intensa, asociada a ansiedade, | Lavar as mans e poñer luvas. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Lavar con soro fisiolóxico.<br>Cubrir o ollo con gasa estéril.<br>Enviar a centro sanitario.<br>NUNCA FREGAR O OLLO<br>NON INTENTAR SACAR | con luz tenue.<br>Se non remite, avisar a casa.<br>Ante dubidas na estabilidade do menor (constantes vitais, consciencia)... **061**<br>NON DAR COMIDA, BEBIDA OU MEDICAMENTOS | sudación, palidez, náuseas ou vómitos ou provoca quietude absoluta: **traslado urxente**. | Presión cos dous dedos sobre a ventá nasal sangrante contra o tabique (10`) coa cabeza cara adiante.<br>Aos 10 minutos aliviar a presión.<br>Se non cesou a hemorraxia, introducir unha gasa cun pouco de auga osixenada.<br>Se a hemorraxia persiste, trasladar sen quitar a gasa.<br>NUNCA ASOAR O NARIZ |

## 13. Plan anual de orientación. Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con nee.


**1.- INTRODUCIÓN**

**2.- MARCO LEGAL**

**3.- ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO**

3.1- Composición

3.2- Coordinación

3.3- Ámbito de Intervención

3.4- Funcións

4.5- Necesidades

**4.-OBXECTIVOS**

4.1. Xerais

4.2. Específicos

a) Alumnado

b) Profesorado

c) Familias

d) Comunidade Educativa

**5.-PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS**

**6.- RELACIÓN CO CENTRO ADSCRITO**

**7- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN**

**8.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN**


**<u>ABREVIATURAS</u>**

**AL**: Audición e Linguaxe

**DO:** Departamento de Orientación

**NEAE**: necesidades específicas de apoio educativo

**PT**: Pedagoxía Terapéutica

**RE**: Reforzo Educativo

## 1. INTRODUCIÓN

A orientación enténdese como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que comeza desde a escolarización do alumnado permitindo así a prevención e detección temperá das súas dificultades tanto no desenvolvemento persoal ou na aprendizaxe.

Este proceso abrangue a toda a poboación escolar, calquera que sexa o tipo e grao de diversidade que presente. A orientación trata de contribuír á formación integral do alumnado, á implicación e colaboración da familia e dos demais axentes da comunidade educativa. As actuacións na orientación desenvólvense dentro da actividade educativa e inseridas no contexto económico e socio-cultural no que se desenvolve o alumnado.

O DO do centro educativo debe contribuír a que a orientación forme parte esencial da actividade educativa e de que se estableza unha vía de asesoramento permanente co profesorado e coas familias.

## 2. MARCO LEGAL

O Departamento de Orientación do CEIP San Roque de Darbo nace como resultado da Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo) pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, regulada polo Decreto 120/1998 que desenvolve no seu artigo primeiro a configuración dos servizos de orientación internos, mediante os departamentos de orientación, e externos mediante os Equipos de Orientación Específicos de ámbito provincial.

As actuacións que se levan a cabo para o alumnado con NEAE regúlanse na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade.

A **BASE LEXISLATIVA** que sustenta o Plan de Orientación é a seguinte:

- 🕮 **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, LOMLOE.**
- 🕮 **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación, LOE.**
- 🕮 **Decreto 155/2022, de 15 de setembro,** polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- 🕮 **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- 🕮 **Decreto 120/1998, do 23 de abril**, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 🕮 **Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o regulamento orgánico dos centros de educación infantil e de educación primaria.
- 🕮 **Orde do 8 setembro de 2021,** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011.
- 🕮 **Orde de 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación na etapa educativa.
- 🕮 **Orde de 30 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- 🕮 **Orde 24 de xullo de 1998** pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, do 23 de abril.
- 🕮 **Orde do 22 de xullo de 1997**, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria.
- 🕮 **Protocolos** específicos para: dislexia e outras dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, discapacidade auditiva, discapacidade intelectual, TEA, TDAH,...

## 3. ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO

### 3.1 COMPOSICIÓN

| **MEMBROS** | **CARGO** |
|---|---|
| Raquel Pérez Salgado | Xefa do Departamento de Orientación |
| María Álvarez Lagarón | Especialista en PT |
| Mónica Conde González | Especialista en PT |
| Sara Sampedro Ferreirós (substituta de Andrea Valín Méndez) | Especialista en AL |
| Raquel Bretaña Durán | Xefa de estudios |
| Ana Fontán Pérez | Coordinadora do ciclo de Infantil |
| Raquel Abalo González | Coordinadora do 1º ciclo de Primaria |
| Diana Martínez Alarcón | Coordinadora do 2º ciclo de Primaria |
| Tamara Guerrero Feijóo | Coordinadora do 3º ciclo de Primaria |

No actual curso escolar contamos con dúas mestras especialistas de PT (unha delas compartida con outro centro), unha especialista de AL.

### 3.2 COORDINACIÓN

O Departamento de Orientación mantén unha dobre coordinación:

- **Interna** coa Xefatura de Estudios, Profesorado Titor e Equipos Docentes.
- **Externa** co I.E.S. Monte Carrasco, ao que están adscritos o alumnado do centro; co Equipo de Orientación Específico; Concello de Cangas, cos Servizos Sociais, Servizo de Menores, Servizos do Sergas, e coas entidades sen ánimo de lucro, que teñen asinado convenio de colaboración coa Consellería de Educación co fin de mellorar a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Neste curso académico 2023/2024, o DO centra as súas actuacións nos seguintes ámbitos de intervención:

- inclusión e a atención á diversidade,
- acción titorial,
- educación en valores e convivencia,
- plan anual e memoria do curso,
- procesos de avaliación e calidade,
- estatística do drdorienta,

En consecuencia, proponse o seguinte plan anual que, desenvolvendo as mencionadas dimensións de traballo, integrará e reforzará as propostas da CCP.

Noutra orde de cousas, e na liña dos obxectivos estratéxicos definidos polos consellos europeos, colaboraremos moi estreitamente cos equipos docentes para lograr unha formación personalizada que propicie a educación integral en coñecementos, destrezas e valores; procurando "unha aprendizaxe máis atractiva e promotora da cidadanía activa, da igualdade de oportunidades e da cohesión social". Nesta preocupación por formar persoas "competentes", tamén asumimos o reto de aumentar e mellorar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación segundo as propostas e programas que se recollen nos diferentes apartados deste documento.

### 3.3 ÁMBITO DE INTERVENCIÓN

O Departamento de Orientación do noso Centro, considera que debe intervir nos seguintes ámbitos:

- Prevención
- Atención temperá
- Intervención
- Asesoramento e seguimento
- Acompañamento

### 3.4 FUNCIÓNS

A Orde do 24 de Xullo de 1998, establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta Orde especifica, no seu artigo 5º, as funcións que desenvolverá o DO, que son:

- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos/as e do seu entorno; deseñando, desenvolvendo e avaliando programas específicos de intervención.
- Elaborar, coordinar e avaliar o Plan de Acción Titorial e o Plan de Orientación; facilitando ao profesorado asesoramento e soporte material para o adecuado desenvolvemento destes plans.
- Participar na elaboración do proxecto educativo do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Desenvolver accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de aprendizaxe.
- Facilitar ao alumnado e ás familias o apoio e asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade (ingreso no centro, cambio de ciclo ou etapa, elección de optativas, itinerarios formativos, transición á vida profesional...).

- Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e implantación de posibles medidas de atención á diversidade.
- Establecer canles e medidas que favorezan a implicación e cooperación das familias co centro educativo.
- Cooperar cos membros dos equipos específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación dos programas de orientación.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, etc.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos e institucións, no ámbito das nosas competencias.

Dentro deste conxunto de tarefas, serán competencia do Xefe do Departamento de Orientación as que se recollen a continuación:

- Representar ao departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).
- Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento e facilitar a colaboración entre os seus membros.
- Responsabilizarse da redacción do plan anual de departamento e velar polo seu cumprimento, así como da elaboración e redacción da memoria final de curso.
- Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que, con carácter extraordinario, fose preciso celebrar, levantando a acta correspondente.
- Velar pola confidencialidade dos documentos.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas do centro así como coordinar o deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade pertinentes.
- Coordinar as accións do profesorado de apoio.
- Participar nas sesións de avaliación.

Finalmente, serán competencias das mestras de PT e de AL, na atención directa ao alumnado con necesidades de apoio educativo, as seguintes:

- Asistir ás reunións da CCP.
- Participar na avaliación inicial do alumnado así como naquelas outras avaliacións destinadas á orientación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación dos Reforzos Educativos e Adaptacións Curriculares Individuais e, se é o caso, daquelas outras medidas dirixidas á atención á diversidade.
- Prestarlle atención docente directa ao alumnado con NEAE.

### 3.5. NECESIDADES

Unha vez realizada a análise das características do Centro e do seu entorno, concrétanse as seguintes actuacións prioritarias :

- Realizar o seguimento do PAT incidindo en aspectos como a atención á diversidade do alumnado, a integración no grupo e no centro, o desenvolvemento emocional e a educación para a saúde. Para desenvolver estas actuacións reforzaranse as canles de colaboración cos Servizos Sociais do Concello.
- Revisión e actualización das accións no eido da mellora da convivencia do centro, buscando estratexias, alternativas e actuacións concretas de cara ao axuste funcional do Plan de Convivencia.
- Programar estratexias de intervención en prol da mellora do clima nas aulas e dos valores e hábitos de convivencia: resolución de conflitos, cooperación, tolerancia coas diferenzas entre persoas, etc.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas do alumnado con necesidades educativas específicas, organizando os apoios e os recursos complementarios que se decidan.
- Asesoramento do profesorado en todo o relativo ás medidas de atención á diversidade.
- Sensibilización e asesoramento técnico no referente á evolución e ás necesidades emocionais do alumnado.
- Orientar ao alumnado nas estratexias de aprendizaxe que faciliten o acceso á información, así como fomentar hábitos de estudio que favorezan o seu desenvolvemento académico.
- Procurar a maior coordinación entre o profesorado, implicando ás familias no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Desenvolver accións de coordinación con outras institucións do contorno.
- Todas aquelas que vaian xurdindo perante a posta en práctica do Plan de Orientación.

## 4. OBXECTIVOS

Tendo en conta a realidade do noso Centro, centro de integración, inclusión e de atención á diversidade, entendemos que os obxectivos que deben guiar a actuación do noso Departamento de Orientación son os que seguen:

### 4.1. XERAIS

- Continuar coa inserción do Departamento de Orientación no conxunto da comunidade educativa e no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Asesorar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade proporcionando estratexias de intervención que permitan unha optimización dos recursos existentes.
- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de sobredotación que presente o alumnado.
- Asesorar e promover a acción titorial do profesorado, familias e alumnado así como a colaboración centro-familias, deseñando accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativos do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade do alumnado.
- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, do alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa vixente e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Colaborar e participar nos procedementos de prevención e corrección das condutas que afecten a convivencia do centro.
- Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que o alumnado poida enfrontar, adecuadamente, os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de curso, de etapa ou a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servicios ou institucións no ámbito das súas competencias.

### 4.2. ESPECÍFICOS

**a) En relación co alumnado:**

- Asesorar nos mecanismos para o coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares dos alumnos e alumnas, a fin de acomodar, adecuadamente, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación e promoción.
- Asesorar e colaborar na elaboración de rexistros de observación-avaliación sistemático.
- Facilitar estratexias e instrumentos destinados a que o cambio de etapa ou cambio de centro, se realice da forma menos traumática posible.
- Facilitar a iniciación e adquisición progresiva de técnicas de estudo e hábitos de traballo.
- Promover o traballo compartido e colaborativo, a experimentación e a creatividade.
- Axudar ao alumnado no proceso de autocoñecemento, autocontrol e na adquisición nuns valores democráticos, de respecto e colaboración.
- Promover actuacións destinadas á solución pacífica dos conflitos e á adquisición de habilidades sociais.
- Previr, detectar e intervir nas dificultades de aprendizaxe.
- Deseñar accións de atención temperá de carácter preventivo e compensador.
- Desenvolver as adaptacións curriculares oportunas, colaborando no seu seguimento e optimización.
- Reflexionar cos titores/as de 6º sobre as propostas de alumnado orientado á exención de francés.
- Facer o seguimento do alumnado que recibe reforzo educativo en calquera das súas modalidades.
- Participar nas sesións da avaliación e reunións do equipo docente.

**b) En relación co profesorado:**

- Centralizar no DO toda a información referente ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaborar na organización da atención á diversidade do alumnado.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa que favorezan a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade.
- Colaborar no desenvolvemento do plan de acción titorial.
- Asesorar e colaborar no seguimento de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, así como na realización de programas de intervención.
- Colaborar na avaliación das necesidades do centro, relacionadas coa atención á diversidade, e informar sobre as mesmas ao Equipo Directivo.

- Colaborar, coa xefatura de estudios, na coordinación entre titores, o profesorado de apoio (con dispoñibilidade horaria) e os especialistas de PT e/ou AL que atenden ao alumnado con NEAE.
- Colaborar na coordinación entre o noso centro e o adscrito: o I.E.S. Monte Carrasco.
- Asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares significativas.
- Asesorar e colaborar na atención do alumnado con problemas de conduta.
- Colaborar na revisión e actualización dos distintos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias.
- Fomentar a cooperación de toda a comunidade educativa nas tarefas de atención á diversidade.
- Asesorar aos equipos docentes para que, nas respectivas programacións didácticas, se contemplen actividades adaptadas aos diferentes ritmos de aprendizaxe presentes nas aulas; en especial, no caso de alumnado con adaptación curricular individualizada ou reforzo educativo.
- Prestar especial atención ás necesidades do profesorado na actualización metodolóxica e no emprego das novas tecnoloxías ou recursos educativos.
- Por en marcha as accións necesarias para orientar ao alumnado de 6º no cambio de etapa e de centro educativo.
- Facer partícipe ao profesorado da avaliación psicopedagóxica, orientando á adopción de medidas que favorezan o desenvolvemento persoal, social e cognitivo de todo o alumnado.
- Coordinar, xunto coa xefa de estudos, as medidas de atención á diversidade: reforzos, adaptacións curriculares individualizadas, programas de prevención...
- Participar co profesorado na avaliación inicial do alumnado, sobre todo do que comeza etapa, de xeito que se identifiquen, o máis axiña posible, as necesidades educativas específicas.

**c) En relación ás familias:**

- Asesorar ás familias nos momentos en que atopen algunha dificultade na educación dos seus fillos/as.
- Fomentar a participación e colaboración das familias no proceso de ensino-aprendizaxe de seus fillos.
- Fomentar nas familias unha actitude reflexiva cara os temas educativos, que os leve a unha crítica construtiva das propias actuacións cos seus fillos e fillas.
- Informar e pedir as oportunas autorizacións para o desenvolvemento das medidas de atención específica, en función das características persoais ou sociais diferenciais.
- Demandar a súa implicación para avanzar nas medidas de aproximación ao currículo que se decidan.

- Informar sobre calquera dos aspectos que poidan estar incidindo na educación dos seus fillos.

**d) En relación ao conxunto da comunidade educativa:**

- Cooperar na organización da acollida para o alumnado que se incorpora por primeira vez ao sistema escolar ou a noso centro.
- Asesorar a totalidade da comunidade educativa nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas medidas educativas que cómpre adoptar e na súa avaliación.
- Establecer relacións de colaboración cos equipos docentes e demais servizos educativos do centro.
- Atender as demandas da comunidade educativa.
- Establecer canles de colaboración cos servizos e entidades que poidan axudar á mellor integración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: Equipo da Infancia do Concello, Servizos Sociais, Tutelar de Menores, Cruz Vermella, Cáritas, etc.
- Solicitar e coordinar a cooperación doutros profesionais externos ao Centro (logopedas, psicólogos, psiquiatras, servizo de saúde mental,...)
- Demandar a cooperación do Equipo Específico Provincial, cando se considere necesario.
- Colaborar cos profesionais do centro de saúde municipal ou hospitais da zona, para abordar de xeito integral os problemas de desenvolvemento do alumnado.
- Participar, coa inspección educativa, na adopción dos recursos que se poidan mobilizar para dar resposta as circunstancias ou necesidades detectadas na comunidade educativa.

## 5. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

Tendo en conta a realidade do noso centro, e a lexislación vixente, a labor de orientación seguirá as liñas prioritarias de actuación establecidas pola Circular 10/2010, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Para este curso escolar 2023-2024, serán as seguintes:

**Relacionadas coa inclusión e á diversidade:**

- Asesorar ao Equipo Directivo sobre as medidas de atención á diversidade e acción titorial.

- Colaborar no deseño de programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumna ou alumno, con intervencións inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado.
- Asesorar aos profesores titores, equipos docentes e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares significativas.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

**Relacionadas coa acción titorial:**

- Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no Plan de Acción Titorial, asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, o cambio de centro...
- Colaborar cos distintos equipos docentes no deseño e na elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

**Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores:**

- Deseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos, asesorando na elaboración e revisión do plan de convivencia do centro.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa que fomenten a tolerancia e a mellora da convivencia.
- Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.

**Relacionadas co Plan de Orientación, co Plan Anual e coa Memoria de fin de curso:**

- Manter actualizado o Plan de Orientación, concretar as actuacións previstas para o presente curso escolar, os seus destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalización correspondente.
- Realizar a Memoria final do curso escolar en base ao desenvolvemento do Plan Anual cunha axeitada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso escolar seguinte.

**Relacionadas co drdorienta:**

- Facilitar, en forma e prazo, a información que se demande na aplicación informática drdorienta.

## 6. RELACIÓN CO CENTRO ADSCRITO

Neste apartado seguiremos desenvolvendo as actuacións que tradicionalmente están establecidas para facilitar ao alumnado e ás familias o cambio de etapa educativa. Está establecido un Plan de Transición Primaria-Secundaria, para o alumnado que remata a primaria e inicia a secundaria, que inclúe as seguintes accións:

a) Presentación ao alumnado e familias o centro adscrito de Educación Secundaria Obrigatoria, antes do tempo establecido para realizar a reserva de praza.

b) Xornada de portas abertas para o alumnado, titores e familias.

c) Coordinación entre os departamentos de orientación para transmitir información e organizar todo o proceso de cambio de etapa para establecer as medidas necesarias para unha boa continuación na atención que se presta ás necesidades específicas do alumnado.

d) Xuntanza entre os titores de 6º de Primaria e de 1º de ESO, a fin de afondar no coñecemento do alumnado.

Este curso está previsto unha revisión deste Plan de Transición para adaptalo á LOMLOE.

## 7. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Se a fundamentación teórica que compartimos no noso Centro se sitúa nun traballo colaborativo, compartido e na necesidade dunha intervención conxunta, nun ensino de calidade que desenvolva as potencialidades de todos e cada un dos alumnos e alumnas; é necesario que enmarquemos as actuacións do Departamento de Orientación seguindo as directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e tendo en conta a Programación Xeral Anual, os Proxectos Educativos do Centro así como o Plan de Atención á Diversidade e o Plan de Convivencia.

Sendo esa a dimensión na que se concibe este Plan de Orientación entendemos que existen unas estratexias de intervención que debemos aplicar:

- ✓ Manter estreitas relacións co profesorado titor, posto que é o titor o responsable do desenvolvemento do proceso de aprendizaxe do alumnado da súa titoría, así como do coñecemento do seu desenvolvemento persoal.
- ✓ Canalizar toda a información e actuacións do alumnado co profesorado titor como responsable da súa titoría e especialmente a do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Solicitar a colaboración do profesorado titor para a recollida de información de aspectos relevantes do comportamento do alumno, do estado emocional, do proceso de aprendizaxe, do

ámbito socio-cultural e familiar que poidan ser importantes para a valoración que do alumnado realice o Departamento de Orientación.

- ✓ Establecer reunións de traballo co profesorado titor, os equipos docentes e o profesorado especialista en PT e/ou AL para seguimento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e do alumnado que recibe reforzo educativo.
- ✓ Establecer reunións co profesorado titor para atender as demandas que xurdan na súa titoría e establecer medidas de prevención.
- ✓ Elaborar pautas de traballo individuais ou colectivas para aplicar programas específicos de intervención, segundo demanda do profesorado titor.
- ✓ Recoller información e realizar as valoracións psicopedagóxicas naqueles casos que se consideren oportunas, despois de escoitar aos titores, equipo docente, familia e outros profesores que inciden na educación da alumna ou alumno.
- ✓ Facilitar a consulta de aspectos concretos dos informes que se custodian no Departamento de Orientación ao profesorado titor, equipo docente e a familia (respectando a confidencialidade segundo a lexislación vixente), para establecer  as pautas de actuación e colaboración entre todos os implicados no proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna.
- ✓ Realizar reunións de seguimento co profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe sobre o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Establecer reunións coa Xefatura de Estudios para colaborar na organización, integración  e asesoramento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e do alumnado doutras nacionalidades e culturas ou de incorporación tardía ao sistema educativo español.
- ✓ Establecer contactos permanentes coas familias, durante o curso escolar, para o seguimento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Informar ás familias dos resultados das probas aplicadas e das necesidades psicopedagóxicas dos seus fillos e recomendar, si é o caso,  as pautas a seguir.
- ✓ Facilitar a integración do alumnado na súa aula e no conxunto da dinámica escolar a través de programas de integración.
- ✓ Colaborar no proceso de avaliación do alumnado tendo en conta a súa situación persoal e socio-familiar e súa repercusión no proceso de aprendizaxe.

## 8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O proceso de avaliación terá carácter global e continuo e os seus criterios estarán referido ós obxectivos especificados en cada un dos seus ámbitos, tendo tres funcións básicas referidas a un momento do proceso determinado:

***Avaliación inicial***: permite coñecer a realidade e a valoración inicial do alumnado antes de aplicar un programa ou plan de intervención.

***Avaliación Formativa:*** proporciona información durante o desenvolvemento do proceso para realizar axustes ou cambios necesarios. Recollerase a información a través das reunións do Departamento de Orientación e da Comisión de Coordinación Pedagóxica, así como nas sesións de avaliación sobre as actividades realizadas, dando a coñecer o estado de desenvolvemento do Plan de Orientación e analizando as dificultades que se presenten, propoñendo os cambios necesarios.

***Avaliación Sumativa ou Final:*** valora os resultados ó final do proceso. O obxectivo é medir, en conxunto, o plan aplicado.

Realizarase unha **memoria** cos datos aportados polo profesorado titor, equipos docentes tendo en conta as actas das reunións celebradas no Departamento de Orientación. Esta memoria incluirá os obxectivos acadados, as dificultades atopadas e os aspectos que será necesario modificar realizando propostas de mellora para o curso escolar seguinte: 2024-2025.

## 14.Programación anual segundo ciclo Educación Infantil

### 1. CONTEXTUALIZACIÓN

O equipo docente que constitúe o ciclo de Educación Infantil está composto polas seguintes mestras:

- Raquel Couso Casás, Apoio
- Ana Fontán Pérez, Titora de 6º EI (Coordinadora)
- Beatriz González Lorenzo, Titora de 4ºB EI
- Rosalía López Nogueira, Titora de 5º EI
- Olga Ogando Gayo, Mestra de apoio extraordinario no mes de setembro
- Paula Santomé Fernández, Titora de 4ºA EI
- Raquel Pérez Salgado, Xefa do Departamento de Orientación

Ademais, imparten docencia no ciclo as seguintes mestras especialistas, Sara Chorén (educación musical), Esther (psicomotricidade), Tamara Guerrero (lingua estranxeira), Mercedes Zaera (relixión), Andrea Valín (A.L.) e María Álvarez (P.T.)

## 2. OBXECTIVOS

Partindo dos obxectivos recollidos no Artigo 7 do Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, para este curso escolar concretamos os seguintes:

a) Tomar conciencia do seu propio corpo e das súas posibilidades de acción.
b) Observar e explorar a súa contorna, e valorar a súa riqueza cultural.
c) Favorecer o desenvolvemento da autonomía nas actividades diarias relacionadas coa vida práctica.
d) Identificar as emocións propias e dos outros, iniciándose na xestión emocional e no desenvolvemento da empatía.
e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, favorecendo a resolución pacífica de conflitos.
f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión: movemento, xesto e ritmo.
g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e fomentar o interese e o gusto pola lectoescritura.

Tódolos obxectivos contribúen no seu conxunto a un desenvolvemento das Competencias Clave.

## 3. METODOLOXÍA

A nosa metodoloxía partirá dun enfoque sociocontructivista, poñendo a mirada na acción do nen@ e empregando metodoloxías activas: instalacións, propostas de traballo, obradoiros, proxectos...

Traballaremos por ambientes e recantos que promovan propostas globalizadas de aprendizaxe. Partiremos da experimentación e do xogo, así como de experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, que potencien un apego seguro.

Para favorecer ese apego seguro, velarase por garantir unha transición positiva dende a contorna familiar e escolar, ao igual que entre ciclos e etapas. Para tal fin, entre outras propostas, poñemos en práctica as entradas amables e o contacto diario coas familias.

Como parte da comunidade educativa participaremos nas diversas propostas que nos acheguen os equipos de coordinación do centro (Convivencia, EDLG, EACE, PLAMBE…). Así mesmo, teremos moi presente ó resto da comunidade, favorecendo a súa participación na vida da escola.

Respectaremos a individualidade de cada neno/a, fomentando as súas fortalezas e respectando a cultura da infancia, recollida na Convención sobre os Dereitos do neno/a. Algunhas das nosas propostas irán

orientadas a favorecer unha primeira aproximación á lectura e á escritura e ás habilidades numéricas básicas.

Outro dos principios pedagóxicos nos que baseamos a nosa práctica educativa é a liberdade no desenvolvemento da súa identidade persoal e o respecto pola diversidade afectivo sexual. Tamén se incluirá a educación en valores (educación para a saúde, educación ambiental, educación para a paz, entre outros)

Por outra banda, en canto á organización espacial, nas aulas contamos con diversos recantos, dotados de materiais específicos de carácter manipulativo que dan resposta aos diferentes tipos de necesidades dos nenos /as. Aproveitaremos tamén outros espazos do centro, considerando que estes tamén son educativos: patio, espazos común, aulas de usos múltiples.

No tocante á organización temporal destacamos a súa flexibilidade, adaptándose aos ritmos e necesidades de cada neno/a, dándolle prioridade á calma e alternando ao longo da xornada tempos de rutina e doutras actividades específicas.

## 4. AVALIACIÓN

A avaliación será global, continua e formativa. A valoración do proceso de aprendizaxe farase de xeito cualitativo tendo en conta o progreso de cada neno e nena.

Como principal técnica de avaliación empregaremos a observación directa e sistemática, tal e como se recolle na Orde do 30 de maio do 2023. A maiores, empregaremos procedementos de análise de producións e de entrevistas semiestruturadas. Entre os diversos instrumentos destacamos as documentacións pedagóxicas ou diferentes modelos de rexistro: anecdotario, diario de aula,… en función das necesidades de cada aula empregaranse os procedementos e instrumentos que se consideren adecuados.

## 5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade constituirá a pauta ordinaria da nosa acción educativa, baseándonos no deseño universal para a aprendizaxe e de acordo coas características e coas necesidades colectivas e individuais do alumnado, apostando polo principio de inclusión educativa.

## 15.Plan de mellora da biblioteca escolar. Concreción anual

### 1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

*A biblioteca do centro está en reformas debido a reubicación e volta o seu lugar de orixe; así como aos cambios derivados do cambio de programa  Meiga a Koha nos que o Equipo de dinamización segue a traballar. Por iso  non funcionará durante o primeiro trimestre en canto ao que a préstamos de libros ou asistencia o alumnado se refire. Non obstante, como centro neurálxico das aprendizaxes, si será dinamizadora de diversas actividades do centro.*

*Namentres, fomentarase a lectura e diversas actividades de animación a esta, a través das bibliotecas de aula.*

*No mes de outubro ainda se está a ordenar todo o material e a preparar a biblioteca , para pódela abrir o antes posible.*

***HORARIO***

- *Na hora de lecer tódolos días (durante o recreo).*
- *Unha sesión semanal dos titores e titoras co seu grupo aula. (Este horario organizarase cando a apertura esté próxima)*
- *Tódolos días no horario de garda de profesorado, durante as actividades extraescolares, de 16 a 17 horas.*

***COMPOÑENTES DO EQUIPO:***

*- Mercedes Zaera (Coordinadora)*

*- Raquel  Couso Casás ( mestra E.I)*

*- Támara Guerrero Feijóo ( mestra 3º Ciclo E.P.)*

*-  Rosalía López Nogueira (mestra E. I)*

*- Claudia Lamas (mestra 3º EP)*

*- Lara Boubeta Bamio (mestra de 5º EP)*

*- Cintia Andrea Acuña Nilsson (mestre 1º ciclo E. P.)*

## 2. OBXECTIVOS

- Organizar e propoñer posibles actividades e tarefas (animacións para o fomento da lectura, celebración das conmemoracións e outras actividades complementarias).
- Mercar material novo ( mesas, cadeiras, mesa de luz, xogos de mesa)
- Crear un espazo maker.
- Continuar coa creación duna biblioteca inclusiva. Accesible non só en canto a mobiliario senón tamén na sinalización e propostas de lectura (contos con pictos, audio libros, contos en braille, entre outros)
- Organizar actividades que estimulen a concienciación e a sensibilización no plan cultural e social.
- Respaldar e realizar os obxectivos do proxecto educativo do centro escolar e da programación xeral anual a través da biblioteca.
- Inculcar e fomentar no alumnado o hábito e o pracer da lectura, a aprendizaxe e o emprego das bibliotecas de aula.
- Prestar apoio a todo o alumnado para a adquisición e aplicación de capacidades que permitan avaliar e empregar a información, independentemente do seu soporte, for- mato ou medio de difusión, tendo en conta a sensibilidade as formas de comunica- ción que existen na comunidade.
- Organizar actividades que estimulen a concienzación e a sensibilización no plan cul- tural e social, sobre todo da contorna próxima.
- Ofrecer oportunidades de creación de material a o noso alumnado
- Favorecer a vinculación cos diferentes departamentos (normalización, TIC,s, extra-escolares, convivencia) co proxecto da biblioteca tomando este como eixe verte- brador.
- Contar coa participación do alumnado e a súa aportación de ideas según os seus intereses á hora de mercar novos libros
- Ambientar o novo espacio da biblioteca con elementos atractivos e motivadores

## 3. ACTIVIDADES

**1ºTRIMESTRE**

- **4 de outubro, Día dos animais**: o alumnado leva ó cole un produto de limpeza ou de comida e leva a cambio para súa casa un conto, dos expurgados na biblioteca.
- **24 de outubro, Día das Bibliotecas**: presentación de “XE”, escrito por una mestra do centro.
- **Semana do 23 a 27 de outubro: Samaín** ( diversas actividades en colaboración con tódolos

equipos de dinamización, entre elas, lectura de contos de medo.)

- **11 de novembro: Magosto** con todo o centro.
- **20 de novembro, día mundial dos dereitos da infancia.**
- **25 de novembro, día contra a violencia de Xénero**, en colaboración co Concello de Cangas.
- **3 de decembro Día da discapacidade.** Exposición de contos con pictos, audio contos e de lectura fácil para contribuír a lecturas accesibles a todo o alumnado.

**2º TRIMESTRE**

- **30 de xaneiro Día da paz:** participación nas diversas actividades de centro.
- **12 febreiro, O entroido:** en colaboración co resto do centro.
- **23 de febrero Día de Rosalía**: en colaboración co equipo de dinamización da lingua galega.

**3º TRIMESTRE**

- **Conmemoración do Día do Libro LGTBI: En torno ao 1 de abril**
- **Conmemoración do Día do Libro: 23 de abril**
- **2 de maio, día internacional contra o acoso escolar**
- **Día das Letras galegas,** coa colaboración do equipo de normalización lingüística.

- Seguir abertos as posibles propostas das actividades ofertadas por la comunidade educativa e outras institucións.

PLAN LECTOR

**ESQUEMA DAS ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS**

**FOMENTO DA ORALIDADE**

-Potenciar e enriquecer a capacidade de expresión dos alumnos/as.

-Desenvolver a capacidade de atención e comunicación.

| ACTIVIDADES | CONTIDOS / FUNDAMENTACIÓN | DISTRIBUCIÓN |
|---|---|---|
| Posta en común e tratamento de temas: Aproveitar a oportunidade ou o rexurdimento dun tema que ocupe ao grupo, xa sexa por un incidente, curiosidade, necesidade de ampliar información, ganas de contar vivencias persoais, etc., para negociar o momento, os tempos e as secuencias de intervención | -Tornas de palabra.<br>-Escoita e respecto ás exposicións dos compañeiros/as.<br>-Escoita activa.<br>-Diálogo construtivo (apropiación = asimilación) / aportación.<br>-Pensamento creador e produtivo.<br>-A fluidez verbal como calidade da expresión | INCIDENTAL<br>Segundo a oportunidade ou o xurdimento dos temas.<br>Procurar ante situacións nas que se avalíen os coñecementos previos. |
| Narrar historias de viva voz:<br>Crear a atmosfera, organizando o espazo e traballando a introdución, para que o profesor/a ou adulto encargado, exprese, do xeito máis dinámico e vivenciado posible, algún texto oral de tradición cultural ou de actualidade significativa. Sentar as bases para reproducir este esquema cos alumnos/as, expoñendo textos traídos dos fogares. | -Sentir a emoción<br>-Modelaxe e aprendizaxe vicario. -Comprensión da estrutura oculta. -Escoita activa.<br>-Capacidade de resumo e reprodución coas propias palabras. -Pensamentos racionais e irracionais (os que se calculan e os que se inventan) | SEMANALMENTE<br>Ciclicamente, alternando con outras actividades deste plan. |
| Narrar historias coa imaxe:<br>A partir dalgunhas das actividades expresadas neste apartado, introducir a técnica da historieta. Aproximación á lectura e ao debuxo de cómics. Narración coa imaxe. Outro tipo de lecturas gráficas: a publicidade, o cartel... | -Sensibilización. -Imaxinación, creatividade. -Deseño gráfico.<br>-Linguaxe do cómic. -Tempo narrativo. -Técnicas para o diálogo. | DISTRIBUCIÓN de propostas (plan de traballo individual ou por grupos), para desenvolver en secuencias temporais amplas (+/- un mes): |
| Crear historias:<br>Recrearse na construción de historias e contos para fomentar a memoria episódica, a imaxinación e a estruturación do discurso como soportes para unha expresión oral organizada (funcional). | -A secuencia dos acontecementos. -A contextualización.<br>-Tempos verbais e tempos de acción. -Aspectos formais:<br>-Modulación da voz. -Ton e volume. -Normas de respecto e intervención. | SEMANALMENTE<br>Ciclicamente. Tamén incidentalmente, en función da necesidade |
| | | ou conveniencia da exposición dun tema ou conflito candente. |
| Recitar poemas:<br>Presentar poemas, explicando brevemente a súa estrutura e rima, para centrarse (recrearse) na lectura: 1o modélica; despois, “xogos de lectura”. Trátase de procurar o goce estético a través da musicalidade das composicións e o xurdir dos sentimentos. | -Lectura para gozar.<br>-Lecturas repetidas para perfeccionar o ritmo e a precisión lectora. -Lecturas encadeadas, enlazando por versos, estrofas, personaxes... -Preguntamos e/ou buscamos poesías na casa, nas bibliotecas... e escollemos algunha para practicar a súa lectura e tela preparada para ofrecer na clase aos compañeiros/as. | SEMANALMENTE<br>Aproveitando momentos de cambio de ritmo ou actividade. |

**APROXIMACIÓN AO MUNDO DO LIBRO**

Acercar o libro ao alumno

-Trátase de crear espazos e situacións para familiarizarse cos libros.

-Falar deles, manexalos.

-Utilizar a biblioteca escolar.

-Facer partícipe ás familias das nosas lecturas. -Visitar outras bibliotecas e centros de cultura.

| ACTIVIDADES | CONTIDOS / FUNDAMENTACIÓN | DISTRIBUCIÓN |
|---|---|---|
| Presentar libros:<br>Traballar a aproximación ao mundo dos libros e da literatura, combinando as inquedas expresadas polo alumnado segundo os seus centros de interese e o ofrecemento (discriminación positiva) decidida polo profesorado. | -Contextualización e invitación do profesor/a.<br>-Recomendacións a iniciativa dos compañeiros/as.<br>-Presentación de libros por parte de pequenos grupos de alumnos; traballando previamente a difusión mediante técnicas gráficas: carteis, murais.<br>-Diferenciar os diferentes aspectos informativos: autor, tema, argumento, crítica, valoración, comparación... | SEMANALMENTE<br>Programar calendario e representar nun cadro, con profusión de elementos gráficos e alusións aos libros en cuestión, a secuencia de días e tempos para o desenvolvemento da actividade. |
| Seleccionar libros:<br>Deseñar actividades para mostrar e falar sobre a estrutura do libro, as súas partes e funcións. Entroncar esta información con observacións sobre elementos básicos tipografía: deseño e función. Acceso aos libros en función das necesidades e/ou intereses. Criterios persoais/formais para a selección en función da finalidade da información.<br>Búsqueda na(s) biblioteca(s). Organización e distribución das obras na nosa biblioteca. Outros sistemas, outras bibliotecas. Outras fontes. Outras informacións contidas nos libros. As ilustracións e os gráficos.<br>Os "textos" non lineais e o adorno estético. | -Título, autor/a e sinatura do libro. -Edición e sinatura.<br>-Prólogo e índice.<br>-Educación documental: estratexias de acceso á información.<br>-Criterios de búsqueda. | SEMANALMENTE<br>Combinando e intercalando con algunhas das actividades anteriores. |
| Falar de libros:<br>Propoñer, facilitar ou organizar foro(s) de lectura para, nun ambiente distendido pero formal, expresar / expoñer con liberdade a experiencia, os sentimentos e as vivencias experimentadas con determinadas lecturas.<br>As actividades para o fomento da competencia expresiva, falando de libros o a través de calquera outra escusa, son fundamentais para a vida duns seres "penetrados" da linguaxe, como somos os humanos. | -Expresión oral.<br>-Desinhibición.<br>-Expresión de emocións, sentimentos.<br>-Valoración crítica, comparacións. -Interpretación diferencial.<br>-Sensibilidades, formación, coñecementos.<br>-Acompañamento lector familiar. -Ampliación documental. | SEMANALMENTE<br>Combinando e intercalando con algunhas das actividades anteriores. |

**ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS**

-Actuacións sistemáticas para adquirir e practicar as habilidades lectoras.

-Trátase de funcionar como modelos de profesores/as lectores, practicando a lectura compartida. -Educar o hábito lector con LECTURA, textos para: informarnos, aprender, gozar, e,opinar.

| ACTIVIDADES | CONTIDOS / FUNDAMENTACIÓN | DISTRIBUCIÓN |
|---|---|---|
| ÁREAS do currículo -Materiais curriculares. | -Lectura individual.<br>-Exposición – Diálogo.<br>-Lectura "comprensiva" (por grupos). -Lectura en voz alta (tornos): | DIARIAMENTE -30 minutos |

| | | |
|---|---|---|
| -Información complementaria.<br>-Textos descontinuos.<br>-Prensa escrita – Medios de comunicación.<br>Trátase de realizar horas de adestramento de cara a conseguir a habilidade lectora (competencia) que esixe unha sociedade alfabetizada con un uso cotián do escrito e o acceso á información. A escola ten que compensar a brecha entre lectores e non lectores; organizar apoios para crear o gusto e o hábito. | - Interrogación,<br>- Interpretación,<br>- Resumo,<br>- Esquematización das ideas,<br>- Mapas conceptuais (Relación).<br>-Sistematización da lectura guiada sobre textos complexos: construción colectiva. | SEMANALMENTE<br>Prever secuencias<br>Coordinar |
| LECTURAS VOLUNTARIAS (Recreativa) -Libros persoais<br>-Libros das bibliotecas: ♣aula,<br>♣ centro, ♣municipal ♣...<br>-Revistas.<br>-Prensa.<br>A literatura ten unha dimensión educativa sobre os sentimentos. Favorece a incursión na tradición cultural. Estas lecturas tamén procuran o aumento da competencia lingüística, abrindo vías de acceso aos valores humanos que transmiten as grandes obras da literatura universal. Co acceso a estes textos, os alumnos/as (cidadáns) desenvolven as súas capacidades para exercer conscientemente os seus dereitos e deberes, configurando sociedades máis libres e responsables. | Reserva de tempo para garantir situacións de contacto directo cos libros:<br>♣ Lectura silenciosa: -abrir espazos,<br>-outras distribucións, -atmosfera acollemento, -benestar, liberdade, -responsabilidade.<br>♣Aportacións voluntarias:<br>-lectura en voz alta para invitar,<br>recomendar...<br>-información, crítica, -resumo (ficha), -recreación gráfica-plástica. | DIARIAMENTE -30 minutos<br>COORDINACIÓN A NIVEL DE CENTRO |
| LECTURA DIFERIDA (Ámbito autónomo) -Seguimento, animación. Fomento e orientación das opcións/eleccións persoais.<br>-Apoios para crear o gusto e o hábito (prever a dificultade ante as múltiples alternativas de ocio da sociedade actual).<br>-Lectura estética – Actividade mental:<br>-Figuración e imaxinación.<br>-Previsión e retrospección. -Participación / construción (compartida). -Valoración e avaliación. | Seguimento–motivación-orientación das lecturas do alumnado de cada grupo-clase:<br>♣ Libros retirados / propios:<br>-ensinar, mostrar,<br>-difundir, compartir.<br>♣ Oportunidades para comentar,<br>expoñer, recrear:<br>-que outras obras sobre o<br>mesmo tema/autor coñecen os meus compañeiros/as- | Contactos Informativos coas familias.<br>PROGRAMAR tempos para compartir experiencias en relación cos puntos anteriores: foros de lectura. |
| ITINERARIOS LECTORES<br>Seleccións de títulos, axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade e en función de obxectivos recollidos no Proxecto Lector de Centro. Son os libros que non queremos que se perda o noso alumnado e que deben favorecer a adquisición da competencia literaria, facendo lectores/as. | Invitación – aproximación ás grandes obras da literatura nacional/universal: | Secuencias TRIMESTRAIS |

## 16. Plan de convivencia. Concreción anual

O equipo de Convivencia no curso 2023/2024 componse polas seguintes mestras:

**EDUCACIÓN INFANTIL**

• Ana Fontán (Coordinadora)

**1º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA**

Montse Cancelas

Andrea Valín

**2º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA**

Mónica Conde

**3º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA**

María Álvarez.

A **coordinación** do equipo de convivencia ten lugar nas reunións de dinamización propostas pola dirección do centro mensualmente.

**OBXECTIVOS**

Os obxectivos fixados polo equipo para o presente curso son os seguintes:

• Actualizar o Plan de Convivencia

• Completar a formación do profesorado en prácticas restaurativas

• Planificar e deseñar as actividades das conmemoracións que corresponden

• Contribuír ó desenvolvemento do benestar emocional a través das accións marcadas no plan de traballo (Orde do 23 de agosto do 2023): caixa de correo de convivencia, dinamización dos patios,…

**CONMEMORACIÓNS**

Tal e como se establece na *"Orde do 3 de maio pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24",* os centros deberán organizar actividades diversas, tendentes a salientar a importancia das conmemoracións. Ao equipo de convivencia lle corresponde organizar as seguintes en base á proposta da CCP:

• Día contra a violencia de xénero (25 de novembro)

• Día Internacional das Persoas con Discapacidade (3 decembro)

- Día Internacional da Muller (8 marzo)
- Día do Autismo (2 abril)
- Día Internacional contra o Acoso Escolar (2 de maio)

As actividades que se levarán a cabo en cada unha das conmemoracións serán planificadas ao longo do curso, polo que quedarán reflexadas na memoria final.

## 17. Programa de actividades complementarias e extraescolares. Concreción anual

Durante este curso escolar (2023-2024) o equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares estará composto polos seguintes membros:

1. Esther Vázquez Paredes (coordinadora).
2. Raquel Abalo González
3. María Olga Ogando Gayo
4. Beatriz González Lorenzo
5. Ana María Gallego Cordeiro
6. Claudia Lamas Varela

As actividades previstas que serán organizadas por este equipo para este curso escolar 2023-2024, establecidas por trimestres son:

| TRIMESTRE | ACTIVIDADE | DATA |
|---|---|---|
| PRIMEIRO TRIMESTRE | -Día do cine (discriminación de actitudes sexistas)<br>-Samaín<br>-Magosto<br>-Día da non violencia de xénero<br>-Xornada nadal: festival de inverno | -Venres día 6 de outubro<br>-Martes 31 de outubro<br>-Venres 10 de novembro<br>-Venres 24 de novembro<br>-Xoves 21 de decembro 2023 |
| SEGUNDO TRIMESTRE | -Día da Paz e non violencia<br>-Entroido<br>-Dia da Muller | -Martes 30 de xaneiro 2024<br>-Semana do 5 ao 9 de febreiro de 2024<br>-Venres 8 marzo |
| TERCEIRO TRIMESTRE | -Participación na semana cultural<br>-Xornada deportiva do fin de curso | -Por determinar data<br>-Últimos días de xuño |

Estas actividades  serán extensivas a todo o alumnado do centro escolar dende Educación Infantil ata 6º de Primaria. Todas estas propostas, realizaranse intentando respectar as premisas seguintes:

1- A medida que se acerquen as celebracións, iranse perfilando e matizando as actividades concretas a realizar (horarios, data,...).
2- Intentando ser flexibles cos diversos grupos de ciclo, nivel ou aula, para non sobrecargar a axenda escolar con demasiadas actividades extras.
3- Este ano seguiremos fomentando a entrada das familias no recinto escolar, para que poidan ver os actos do alumnado e participar activamente na vida do centro.

Pero ademais, e con carácter interno (dentro das aulas, por niveis ou por ciclos) iranse tratando as diversas conmemoracións e actividades propostas para este curso escolar pola Consellería de Educación, aínda que non teñen por que ser organizadas polo noso Equipo que se limitará a facer propostas ou a promocionalas. Estas actividades son:

| | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | -20 novembro: Día Universal da Infancia<br>- Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.<br>-3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade<br>-10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. |
| 2º TRIMESTRE | – 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.<br>– 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.<br>-15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.<br>- Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa. |
| 3º TRIMESTRE | -7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.<br>– Do 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro.<br>– 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar<br>– 9 de maio de 2024: Día de Europa<br>– Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.<br>– 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Ambiente. |

## 18.Plan de integración das TIC. Concreción anual

As Tecnoloxías da Información e da Comunicación son ferramentas transversais que se deben utilizar en todos os niveis e materias, pois son motivadoras, facilitan o desenvolvemento persoal e a aprendizaxe cooperativa, son interdisciplinares, interactivas, lúdicas e potentes como medios de expresión, e permiten tamén unha individualización da ensinanza que favorece a atención á diversidade. Para o profesorado supón romper coas rutinas, dar variedade ao seu traballo e practicar a creatividade na experimentación de novas tarefas, así como favorecer unha nova canle de comunicación coa comunidade educativa.

A fin de lograr unha boa integración das TIC no colexio, consideramos a promoción das seguintes circunstancias:

- Infraestruturas axeitadas e recursos humanos e materiais suficientes.
- Unha boa coordinación e mantemento dos recursos TIC.
- Formación do profesorado en didáctica dixital.
- Actitude favorable e participación activa.

O CEIP San Roque de Darbo ven traballando dende hai anos para contar coa infraestrutura humana e material que posibilite un amplo uso das TIC na educación, tanto por parte do profesorado como do alumnado. Por isto, entendemos que estes potentes recursos tecnolóxicos deben estar presentes na actividade cotiá das aulas, contextualizando a súa utilización como un elemento máis que coadxuve ao desenvolvemento curricular e a consecución dos obxectivos das etapas que se imparten no noso centro.

A introdución das TIC nas nosas aulas ven motivada tamén pola inmersión cada vez maior destas ferramentas na vida cotiá da sociedade en xeral. Moitos dos nosos alumnos viven xa nas súas casas inmersos neste mundo das novas tecnoloxías, e precisan un entorno educativo acorde coas súas vivencias y que ofreza maneiras máis motivadoras.

Pensamos que as TIC deben estar ao servizo dunha transformación e innovación no currículo, favorecendo o paso paulatino dende un xeito tradicional de traballar ata un novo modelo educativo, máis acorde cos intereses dos alumnos e as súas realidades.

Outra das razóns que impulsan este plan é a necesidade de contribuír á alfabetización dixital do noso alumnado, así como promover o emprego destas tecnoloxías por toda a comunidade

educativa. Pretendemos que dende a escola se proporcione a alfabetización que nalgúns casos non se pode obter por outras vías, paliando as diferenzas e evitando a exclusión social das familias máis desfavorecidas.

**COMPOÑENTES DO EQUIPO TIC:**

- José Ramón Durán Nogueira
- Ana María Gallego Cordeiro
- José Félix Solla Moreira
- Enrique Alejandro Paredes Rodríguez
- Raquel Pérez Salgado.

COORDINADOR: José Ramón Durán Nogueira

**COMPOÑENTES DO EQUIPO EDIXGAL**

- Profesorado do 3º ciclo
- COORDINADOR: Enrique Alejandro Paredes Rodríguez

**OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN:**

- Utilización das novas tecnoloxías no noso centro para adaptarnos ao que a sociedade demanda.
- Promover un cambio metodolóxico que mellore a calidade da educación, mediante a nosa formación e actualización en novas tecnoloxías.
- Potenciar a formación integral do noso alumnado.
- Minimizar, na medida do posible, e dende o punto de vista socio-educativo, as posibles desigualdades que poidan darse entre o noso alumnado.
- Mellorar a atención á diversidade.
- Formar ao noso alumnado no uso das TIC e capacitalos para buscar información, seleccionala de xeito crítico e transformar esa información en coñecemento.
- Fomentar o traballo cooperativo (entre o alumnado e entre o profesorado).
- Formar un alumnado máis protagonista da súa aprendizaxes, máis independente, responsable, tolerante e capacitado.
- Promover e fomentar a creación e elaboración de novos materiais compatibles co software libre.

- Intercambiar experiencias educativas no uso das TIC entre o profesorado.
- Implicar a toda a comunidade educativa neste plan de TIC.
- Promover cursos de formación entre o profesorado.

**Obxectivos para o presente curso:**

- Preparación e utilización da Aula Virtual do centro.
- Promover o intercambio de experiencias entre o profesorado.
- Favorecer o uso de Abalar móbil para a comunicación coas familias.
- Favorecer o uso da web do colexio para información de interese para a comunidade educativa.
- Creación dunha comunidade educativa virtual propia a través da plataforma Agueiro.
- Favorecer a formación en Seguridade en internet para o alumnado a través do programa Navega con Rumbo (http://www.edu.xunta.es/navegaconrumbo/), o PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA E A MELLORA DA SEGURIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS E NOS SEUS CONTORNOS CURSO 2020-21 e outras propostas didácticas de traballo directo co alumnado. (Suxeito á dispoñibilidade)
- Atender ás necesidades do profesorado e alumnado en canto a recursos tecnolóxicos se refire, tratando de mellorar ditos recursos nos distintos ciclos.
- Avanzar na promoción dunha integración das TIC no ensino.
- Creación dun "Banco de recursos dixitais" para o profesorado dentro da aula virtual co centro.
- Introdución da robótica educativa no terceiro ciclo de educación primaria.
- Formación nos polos creativos.
- Dinamización da radio escolar.

**PROPOSTA METODOLÓXICA E TRATAMENTO DA COMPETENCIA DIXITAL:**

En **educación infantil**, tratarase de que o alumnado se familiarice cos conceptos máis elementais da informática dun xeito lúdico e divertido, á vez que se traballan contidos e obxectivos curriculares.

No **1º e 2º ciclo de Educación Primaria**, continúase o traballado nos ciclos anteriores: manexo do ordenador, emprego de distintos programas educativos, avanzar na navegación pola rede, primeiros pasos no procesador de textos e na creación e manipulación de imaxes, ademais do uso da Aula Virtual do centro.

No **3º ciclo**, cóntase coa **rede Abalar** e os recursos ABALAR, empregando as novas tecnoloxías para actividades diversas ao longo da xornada. Neste ciclo continuarase segundo a coordinación vertical establecida, avanzando nos contidos traballados ata o momento: navegación pola web nos seus diversos usos (procura de información, comunicación a través do chat ...), manexo de software educativo, (procesador de textos, programas de edición de imaxes ...) ao que hai que engadir o uso  da plataforma Eva Edixgal e da Aula Virtual do centro. Neste ciclo introducirase a programación en scratch.

**CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL**

O Plan Dixital de Centro está recollido na plataforma Educalidade, a través do seguinte enlace:

https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=132&codCentro=36001033

## 19. Plan de fomento de hábitos de vida saudable

A principal actuación para o presente curso será potenciar as merendas saudables con residuos cero entre o noso alumnado.

## 20.Plan para a potenciación do uso da Lingua Galega. Concreción anual

A adscrición ao equipo de Dinamización no presente curso conta co 18% do profesorado do claustro. Á hora da súa constitución procúrase que haxa una participación equitativa entre as distintas etapas, polo tanto, temos representación de cada unha das etapas educativas e a súa vez de cada un dos ciclos. Deste xeito, o EDLG para este curso 2023/2024 queda constituído polos seguintes membros:

EDUCACIÓN INFANTIL

- Paula Santomé Fernández (titora de 4º de E.I)

EDUCACIÓN PRIMARIA.

- María del Carmen Arias Cordero (titora de 1ºde E.P)
- Rebeca Fervenza Collazo (titora de 4ºde E.P)
- Sara Chorén Rodas (especialista en música)
- Ramona Tenreiro Santos (titora de 6º de E.P e coordinadora)

O EDLG reúnese normalmente unha vez ao mes ,os martes, entre as 17 e as 18 horas; tal como figura no calendario de reunións de equipos de dinamización fixado na programación anual. Tamén se establece como canle de comunicación periódica co profesorado o correo electrónico para levar a información das actividades planificadas aos diferentes ciclos.

**2.- OBXECTIVOS.**

Os obxectivos fixados polo equipo para o presente curso son os seguintes:

1. Promover actitudes positivas cara á lingua galega, eliminando posibles prexuízos, para facilitar o seu uso cotián entre toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias, persoal non docente...
2. Contribuír a desenvolver, neste caso desde o eido da promoción do idioma galego, a liña xeral de traballo marcada para todo o centro..
3. Fomentar a lectura e a escrita en lingua galega.

4. Contribuír á mellora da competencia lingüística de todos os membros da comunidade educativa.
5. Poñer en contacto a toda a comunidade educativa coas nosas raíces e manifestacións culturais, para que poidan valoralas e aprecialas, desde o coñecemento, na súa xusta medida.
6. Incentivar, a nivel de aula e de centro, os traballos de recuperación de vocabulario, promovendo o seu coñecemento e utilización, a través de actividades de creación literaria e artística, de estudo e investigación, de achegamento ás tradicións, etc.
7. Promover o uso do galego nas novas tecnoloxías.
8. Promover a colaboración, dentro do Centro, co Equipo de Biblioteca, o de Actividades Complementarias, Equipo de TICS, Equipo de Convivencia, Equipo de Plurilingüismo e a ANPA para potenciar o uso do galego en todas as actividades complementarias, e non só nas desenvolvidas desde o EDLG.

## 3.- ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN.

Como xa diximos, para acadar os obxectivos propostos, desde EDLG pensamos traballar de maneira conxunta co Equipo de Biblioteca, Equipo de Convivencia, Equipo de extraescolares e Tics. A continuación presentamos as diferentes actividades que imos desenvolver por trimestres :

### PRIMEIRO TRIMESTRE

1. **Celebración do Samaín.**

   Descubrir o Samaín como unha celebración da nosa cultura, en colaboración co equipo de Plurilingüismo. Realizaremos unha actividade de investigación en aula para dar a coñecer as costumes e tradicións do Samaín en Galicia; a partir de aí, recompilarase vocabulario, lendas, adiviñas,…Con esta información, faranse xogos lingüísticos que o alumnado terá que resolver para poder conseguir unha palabra clave que lle dea o pase ao túnel do terror; que se montará na entrada á biblioteca do centro.

2. **Celebración do Magosto.**

   Dedicaremos todo este día á realización de diferentes actividades. Potenciarase a participación de todo o alumnado na celebración do magosto, festa na que ademais da tradicional degustación de castañas, poñemos en marcha a práctica de xogos populares (zancos, corda, chapas, carreira de sacos...).

3. **Día da Non Violencia de Xénero.**

   Abordaremos esta temática a través de diferentes lecturas en galego, adaptadas ás diferentes idades. Participaremos ademais nas xornadas conmemorativas que ofrece o Concello de Cangas a través do CIM.

**SEGUNDO TRIMESTRE**

4. **Celebración do Entroido.**

   Como en anos, previsiblemente fagamos na semana de Entroido actividades relacionadas con esta festa, tales como a "farroupeira", degustación de postres típicos, desfile de disfraces polo barrio,…invitando a participar na festa a toda a comunidade educativa.

5. **Día de Rosalía**

   Ao igual que viñamos facendo nos pasados cursos, organizaremos actividades para conmemorar o Día de Rosalía na semana do 23 de febreiro.

**TERCEIRO TRIMESTRE**

6. **Celebración do Día do Libro**

   Actividade a concretar en colaboración co equipo de Biblioteca.

7. **Letras Galegas e XIX Semana Cultural.**

   Para conmemorar a semana das Letras Galegas, ademais de traballar con unidades didácticas sobre Luisa Villalta, autora á que se lle adican este ano 2024, nas aulas, realizaremos talleres interciclos con xogos sobre a súa biografía.

   A maiores, celebrarase a XIX Semana Cultural do Ceip Plurilingüe San Roque de Darbo, no que se programarán actividades diversas que fomenten o uso da lingua oral.

## 8. Actividades programadas pola coordinadora de EDLG do Morrazo.

(Por concretar)

## 9. PROXECTOS CON CARÁCTER ANUAL

O pasado curso iniciamos un **proxecto de radio** para todo o alumnado do centro no que participaron todas as etapas educativas. Consistía en dar alertas e novas de maneira semanal a través da radio. Intentaremos continuar con esta actividade.

Tamén intentaremos facer unha “playlist” en galego para escoitar en diferentes momentos do día no que os nenos/as van ter que esperar e que poderán utilizar libremente os titores. Seguiremos axudando ó profesorado e publicando as diferentes actividades que o alumnado vaian realizando en galego, tanto na rede como en plataformas dixitais utilizando deste xeito o galego nas Tics para comunicarse.

Un ano máis colaboraremos e faremos actividades coa Coordinadora de EDLG do Morrazo, un exemplo destas, son as Guías de lectura que se realizan ano a ano.

Faremos actividades fomentando o uso do galego en diferentes actividades complementarias e nas que participe a ANPA.

Intentaremos pouco a pouco recuperar costumes e tradicións da zona coa axuda dos nosos maiores da comunidade educativa e de diferentes asociacións culturais das que esperamos que nos fagan visitas ao centro escolar ao longo do curso.

Seguiremos un ano máis coa actividade de **Lóva**, dirixida ó alumnado do 3º ciclo, concretamente de 6º de Primaria. Durante todo o ano mediante traballo colaborativo van deseñar unha obra teatral e o seu produto final será exposto no Auditorio do Concello.

Intentaremos seguir cos obradoiros de **cómic e contos** de maneira tradicional e mediante plataformas dixitais.

Continuaremos coa realización de diferentes proxectos pedagóxicos e de investigación en galego nos diferentes niveis e ciclos.

Faranse ao longo do curso actividades interciclos e actividades de patio ambientadas con esta temática, sobre todo actividades relacionadas co coidado do medio ambiente. Participarase na Limpeza Simultánea de Praias de Galicia o 6 de outubro organizada pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA).

**10.** "**Buzón da lingua**". Colocación dun buzón da lingua no que se recollerán textos en galego tales como chistes, trabalinguas, adiviñas…para posteriormente realizar un concurso e exposición oral a través da radio.

**11.** "Amadriñamentos e apadriñamentos lectores". O equipo de EDLG considera que é moi positivo a realización de xornadas de lectura entre o alumnado de distinto nivel. Trataríase de facer unha xornada de lectura compartida semanalmente e facer rotacións trimestrais.

**12.** Actividades en familia: visita de familias nas actividades de aula,…

**13.** Participación no **Plan Proxecta "Nós tamén creamos"**.

**14.** "Descubrindo o Camiño de Santiago". A actividade consistiría en ir coñecendo a través do camiño, os distintos costumes e tradicións, tanto da nosa contorna como da nosa comunidade .O produto final, ademais da exposición do traballo, sería facer un pequeno tramo do camiño de Santiago.

## 21.Proxecto Plurilingüe. Concreción anual

O proxecto Plurilingüe continúa outro ano máis co afán de que o noso alumnado aprenda inglés ao tempo que goce das tarefas propostas .

A metodoloxía ecléctica baseada no traballo por proxectos, o traballo cooperativo, a integración, a aprendizaxe significativa e construtivista e a adquisición das competencias básicas seguen a ser os pilares fundamentais deste plantexamento educativo aberto a toda a comunidade educativa.

Dado a variedade dos temas e a transversalidade do proxecto son moitas e moi variadas as actividades que se levan a cabo ao longo do curso coa finalidade de satisfacer as inquedanzas e intereses do noso alumnado e desenvolver as competencias básicas recollidas no currículo de acordo coa LOMLOE en EP.

O equipo de plurilingüismo queda constituído polos seguintes membros no presente curso 2023-24:

- **Cintia Acuña Nilsson**, especialista en lingua inglesa nos 1º e 2º ciclos de EP e Coordinadora do equipo.
- **Tamara Guerrero Feijoó**, especialista en lingua inglesa en EI, no terceiro ciclo de EP e mestra de Arts and Crafts nos 2º e 5º cursos de EP.
- **Sara Chorén Rodas**, especialista en Música e mestra de Arts and Crafts en 6º curso de EP.
- **Diana Alarcón**, mestra de Arts and Crafts no 4º curso de EP.
- **Claudia Lamas Varela**, mestra de Arts and Crafts no 3º curso de EP.
- **Esther Paredes**, mestra de Arts and Crafts no 1º curso de EP.
- **Khaleb Kozlik-Underwood**, auxiliar de conversa en EP.

A continuación expoñemos unha mostra das **actividades propostas** polo equipo de Plurilingüismo:

1- AUXILIAR DE CONVERSA NATIVO

Este curso, esperamos contar coa presenza dun auxiliar de conversa americano 4 días á semana no noso centro. O auxiliar asignado o noso centro, Kahleb Kozlik-Underwood, asistirá ás sesións de Lingua Inglesa e de Música. O obxectivo é que o alumnado poda desenvolver as súas habilidades orais na lingua inglesa cunha persoa nativa dentro da aula por medio de actividades lúdicas,

conversas reais, cancións, explicacións, etc. Darase prioridade ás clases de lingua inglesa para reforzar ós alumnos tendo en conta que o derradeiro ano non tivemos auxiliar de conversa pola renuncia da persoa asignada ao noso centro.

2- REALIZACIÓN DE ROLE PLAYS, REPRESENTACIÓNS E EXPOSICIÓNS

Ao longo do curso levaranse a cabo múltiples actividades de interacción en lingua inglesa entre o alumnado dos diferentes grupos, tales como role plays, pequenas representacións, exposicións informativas, conferencias, etc. A idea sería compartir ditas creacións co resto de grupos do centro.

3- VISUALIZACIÓN DE DOCUMENTAIS E DEBATES POSTERIORES

Proxectaranse documentais adaptadas ao nivel ou ciclo segundo a temática ou a sección axeitados aos aspectos do currículo que se están a traballar en cada momento, traballaranse na clase de lingua inglesa o vocabulario, estruturas gramaticais ou contidos.

Como actividades posteriores á proxección levaranse a cabo role-plays e debates na aula co fin de mellorar as habilidades orais así como narracións para traballar as habilidades escritas.

4- AMPLIACIÓN DA BIBILIOTECA DE INGLÉS

No noso centro contamos cunha aula de lingua inglesa, ambientada e decorada con motivos socioculturais dos países anglosaxóns e contamos con algúns recursos. Coa finalidade de non deixar de traballar na mellora da aula, decidimos empregar os recursos económicos destinados ao departamento de plurilingüismo para este curso 23/24 en ampliar e renovar a biblioteca da aula de inglés, dotándoa de novos libros en lingua inglesa e xogos para todos os rangos de idade.

5- CELEBRACIÓN DE FESTIVIDADES RELACIONADAS COA CULTURA ANGLÓFONA.

Realizaranse diversas actividades que se traballarán, sempre que sexa posible, de xeito cooperativo cos distintos equipos de traballo do centro coa finalidade de aunar sinerxías e mellorar a calidade das tarefas propostas e optimizar os recursos e a metodoloxía empregados.

Estas actividades levaranse a cabo dun xeito interdisciplinar desde as áreas de lingua inglesa, arts and craft e música, co inglés como lingua vehicular.

As conmemoracións que se traballarán neste curso 2023/24 son as seguintes :

- Halloween – Samaín será a que se realice en conxunto co Equipo de Dinamización da Lingua Galega. En relación co Proxecto de Centro, falaremos de festas e tradicións, tanto da cultura anglosaxona coma da propia contorna, a través de actividades tales coma a realización de probas para a busca do tesouro, un desfile de disfraces ou a preparación de merendas con temática terrorífica.
- Thanksgiving
- Christmas
- Peace Day
- Saint Patrick
- Easter
- Earth Day

6 – RADIO ESCOLAR

Traballarase mediante a selección de distintos tipos de textos (poesía, relatos, contos, entrevistas, etc...) relacionados coas tarefas que se están a realizar nos distintos niveis e etapas educativas e tamén cos gustos dos alumnos.

Traballarase a competencia lingüística ao tempo que se desenvolverán habilidades sociais e de interacción co entorno máis próximo e multiculturais. Deste xeito a radio será utilizado como un medio de comunicación para compartir co resto da comunidade educativa temas de relevancia e de gusto persoal dos alumnos empregando o inglés como lingua vehicular.

7- SABÍAS QUE … ? "DID YOU KNOW THAT .. ? "

Esta sección ten como obxectivo fundamental espertar a curiosidade do alumnado e investigar sobre todo tipo de temas do seu interese (música, cine historia, ciencia, literatura, deportes, etc...). O alumnado será o principal protagonista xa que proporá os temas que queira investigar e tratar. Unha vez traballados e elaborados estes proxectos, exporanse ao resto do grupo clase, especialmente nos cursos de quintos e sextos de Educación Primaria e, se se considera oportuno, poderán ser tamén emitidos na radio escolar.

8- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Para completar o traballo na área de Lingua Inglesa, este curso intentaranse levar a cabo actividades complementarias relacionadas coa mesma ou que teñan a lingua inglesa como lingua vehicular. A

idea consiste en asistir a distintas actuacións en teatros ou que distintas compañías representen obras de teatro en inglés no colexio adaptadas aos niveis do alumnado. Estas representacións aínda están pendentes de concretar.

9 – MÚSICA EN INGLÉS.

O alumnado continuará coa aprendizaxe da materia de Música e Danza en Inglés a través de diferentes propostas (cancións, danzas, vocabulario, xogos, dinámicas, etc.) co obxectivo de fomentar a interculturalidade e a motivación cara a adquisición da lingua estranxeira.

A mestra de Música participará na realización do Proxecto LÓVA que se levará a cabo en galego e castelán e será representado no terceiro trimestre polo alumnado dos grupos de 6º de EP. Cómpre sinalar tamén que este curso en 6º de E.P. as horas de Música e Danza non están integradas dentro do proxecto LÓVA, se non que conforman 2 sesións aparte. Malia todo, haberá momentos nos que se traten cuestións do proxecto dentro da dita materia de Música.

10- ARTS AND CRAFTS.

Dende Arts and crafts traballaranse diversos artistas plásticos o longo do presente curso. O artista valenciano, Joaquín Sorolla, será un dos elexidos por motivo da conmemoración do primeiro centenario do seu falecemento en agosto de 2023. Tamén se traballará o artista coruñés Jorge Peteiro nos primeiros cursos e no segundo ciclo se traballará por exemplo a Vasili Kandinski o Keith Haring.

## 22.Plan de actividades propostas pola ANPA

A Asociación de Nais e Pais (ANPA) do CEIP Plurilingüe San Roque de Darbo é unha entidade sen ánimo de lucro á que poden asociarse voluntariamente as nais, pais e titores legais que teñen crianzas matriculadas en dito centro educativo.

Segundo o Art. 27 da Constitución Española as familias teñen dereito a participar na xestión e control dos centros sostidos con fondos públicos así como a intervir na programación xeral do ensino. A Asociación participa no funcionamento das actividades educativas do centro, xestionando, o Plan Madruga e as actividades extraescolares e colabora co centro en distintas celebracións: Magosto, Nadal, Festa Fin de curso...

**Cargos de Representación da ANPA no curso 2023-2024:**

*Xunta Directiva*

Presidenta: Sonia Fernández

Vicepresidente: Borja Barranco

Secretario: Diego Sánchez

Tesoureira: Tyrone Pose

Vogais: Anabel Sotelo, Carolina Bernárdez, César Fonseca e Carla Rodal

*Representantes en organismos:*

Consello Escolar: Diego Sánchez

Federación de ANPAS "A Gameliña": Sonia Fernández e Carla Rodal

**OBXECTIVOS DA ANPA:**

a. Asistir aos pais e titores en todo aquilo que atangue á educación dos seus fillos e pupilos.

b. Colaborar en todas as actividades educativas e extraescolares do Centro.

c. Promover e facilitar a participación dos pais de alumnos, asistíndoos no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do Centro, facilitando a representación dos mesmos no Consello Escolar e noutros órganos colexiados, estimulando a súa participación na programación xeral do ensino a través do órgano correspondente e promovendo reunións de colaboración dos pais cos profesores e as boas relacións entre ambos os dous.

d. Fomentar as relacións de cooperación entre centros escolares, así como cos sectores sociais e culturais da contorna.

e. Promover a plena realización do principio de gratuidade no ámbito do Centro, así como a efectiva igualdade dos dereitos de todos os alumnos sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, raza ou sexo.

f. Requirir aos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuacións relativos á educación, obtendo a atención e axudas que esta merece.

g. Promover e organizar, no seu caso, a realización de actividades extraescolares e complementarias, formativas, culturais, deportivas e de estudo, prestando especial atención á realización de actividades que fomenten o intercambio con alumnos doutros centros.

h. Representar e xestionar os intereses xerais e comúns das persoas asociadas, canalizar as opinións, criterios e aspiracións das familias respecto do funcionamento do centro escolar, colaborando con este no mantemento en condicións de seguridade, salubridade e ornato.

i. Todos aqueles outros non recollidos nos estatutos e que sexan conformes á lei.

**RECURSOS DA ANPA:**

A ANPA conta, como única fonte de financiación, ca cota aportada polas familias asociadas. Esta cota é ANUAL POR FAMILIA e este ano a cota fixada é de 15 euros, cantidade imprescindible para o mantemento das actividades que se poidan realizar.

A Asociación destina o 100% dos seus recursos ao desenvolvemento das actividades de apoio ás familias asociadas e ás actividades que tradicionalmente se consideraron de interese xeral para todo o alumnado. Cantas máis familias se asocien, maiores serán as actividades que poderemos ofrecer.

**PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2023-2024:**

1. **Plan Madruga:**

A ANPA xestiona dende hai anos o servicio de Plan Madruga no centro. Este ano, o Plan Madruga será levado a cabo, de novo, pola empresa Ollos Abertos. O plan madruga dará comezo o dia 11 de setembro, ó mesmo tempo que o colexio, e o horario será de 7:45 a 9:15, podendo elixir a modalidade de 1 hora ou media hora. Os prezos inclúen IVE

A partir de outubro faranse os axustes das tarifas e dependerán do número de nenos/as. Só se aceptarán pagos a través de domiciliación bancaria o transferencia á conta de ollos abertos S.C. Os recibos pasaranse o día 3 de cada mes.

Os nenos/as deberán traer tódolos días o seu almorzo nun envase propio; non se pode deixar alimentos aos monitores. A empresa ollos abertos non devolverá o pago dos recibos, cando a actividade sexa suspendida por causas alleas a empresa.

**A persoa responsable** do plan madruga é Carolina Gomes Álvarez e o teléfono de contacto 698942771

**OLLOS ABERTOS S.C.**
R/ Menduiña, Nº 55 Aldán, C.P.: 36945 Cangas.
Telf::617769814 Mari
ollosabertos@gmail.com

## AULA MATINAL CURSO 2023-2024

Os prezos inclúen IVE.  O alumnado poderá levar o seu almorzo. As familias que necesiten 2 horas o a tarifa especial de 30 minutos deberán falar coa empresa. As tarifas especiais de 2 hora ou 30 minutos aplicaranse a partir de Outubro.

**Tarifas de prezo para grupos de mínimo 7 en diante**

| Horario : 2:00 horas | Prezo | 2º Irmán 10% Desc |
|---|---|---|
| Mensual | 75,00 € | 67,50 € |
| Quincenal | 60,00 € | 54,00 € |
| Semanal | 45,00 € | 40,50 € |
| Esporádico | 8,00 € | |

| Horario : 1:30 horas | Prezo | 2º Irmán 10% Desc |
|---|---|---|
| Mensual | 65,00 € | 58,50 € |
| Quincenal | 50,00 € | 45,00 € |
| Semanal | 35,00 € | 31,50 € |
| Esporádico | 6,00 € | |

| Horario : 1:00 hora | Prezo | 2º Irmán 10% Desc |
|---|---|---|
| Mensual | 55,00 € | 49,50 € |
| Quincenal | 40,00 € | 36,00 € |
| Semanal | 25,00 € | 22,50€ |
| Esporádico | 6,00 € | |

| Horario : 30 minutos | Prezo | 2º Irmán 10% Desc |
|---|---|---|
| Servizo | 40,00 € | 36,00 € |

**Tarifas de prezos grupos reducidos desde 4-6 alumnos fixos**

| Horario : 2:00 horas | Prezo | 2º Irmán 10% Desc |
|---|---|---|
| Mensual | 80,00 € | 72,00 € |
| Quincenal | 65,00 € | 58,50 € |
| Semanal | 50,00 € | 45,00 € |
| Esporádico | 8,00 € | |

| Horario : 1:30 hora | Prezo | 2º Irmán 10% Desc |
|---|---|---|
| Mensual | 70,00 € | 63,00 € |
| Quincenal | 55,00 € | 49,50 € |
| Semanal | 40,00 € | 36,00 € |
| Esporádico | 6,00 € | |

| Horario : 1:00 hora | Prezo | 2º Irmán 10% Desc |
|---|---|---|
| Mensual | 60,00 € | 58,50 € |
| Quincenal | 45,00 € | 40,50 € |
| Semanal | 30,00 € | 27,00 € |
| Esporádico | 6,00 € | |

| Horario : 30 minuto | Prezo. mes | 2º Irmán 10% Desc |
|---|---|---|
| Servizo | 45,00 € | 40,50 € |

**NOTAS: TARIFAS MES DE SETEMBRO INDEPENDENTEMENTE DO NÚMERO DE ALUMNOS**

| Horario : 1:30 hora | Prezo | 2º Irmán 10% Desc |
|---|---|---|
| Mensual | 65,00 € | 58,50 € |
| Quincenal | 50,00 € | 45,00 € |
| Semanal | 35,00 € | 31,50 € |
| Esporádico | 6,00 € | |

| Horario : 1:00 hora | Prezo | 2º Irmán 10% Desc |
|---|---|---|
| Mensual | 55,00 € | 49,50 € |
| Quincenal | 40,00 € | 36,00 € |
| Semanal | 25,00 € | 22,50€ |
| Esporádico | 6,00 € | |

1.- **A partir de outubro FARANSE OS AXUSTES DAS TARIFAS, e si dependerán do número de nenos/as.**

2.- Só se aceptarán pagos a través de domiciliación bancaria o transferencia a conta de OLLOS ABERTOS S.C. **Os recibos pasaranse o día 3 de cada mes.**

3.- Os nenos/as que leve o almorzo deberán traelo nun envase propio; non se pode deixar alimentos aos monitores.

**4.- A empresa OLLOS ABERTOS non devolverá o pago dos recibos, cando a actividade sexa suspendida por causas alleas a empresa.**

2. <u>**Subvención igualdade:**</u>

   **Pendente de resolución**

**PROGRAMA DE ACTIVIDADES DA ANPA DO CEIP SAN ROQUE EN MATERIA DE IGUALDADE**

**ÍNDICE**


1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO
2. CONSIDERACIÓNS SOBRE O PROXECTO
3. METODOLOXÍA.
4. PROGRAMA DE ACTIVIDADES
   a. Programación
   b. Difusión
5. OBXECTIVOS
   a. Xeral
   b. Específicos
6. CRONOGRAMA
7. GASTOS
8. VALORACIÓN E RESULTADOS
   a. Resultados esperados
   b. Avaliación


1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

O CEIP Plurilingüe San Roque de Darbo atópase no concello de Cangas e está formado por 4 aulas de educación infantil e 12 de educación primaria contando con un total de 274 alumnas e alumnos. O centro recolle nos seus principios pedagóxicos que pretende "un **currículo regulador** adoptando medidas conducentes a proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha **educación para a igualdade** tal como indica o *DECRETO Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade* " e ocúpanos e preocúpanos, sobre todo, educar ao noso alumnado nunha educación non sexista promovendo a cidadáns cun pensamento crítico, reflexivo, tolerantes coas diferenzas e respectuosos coa diversidade. Cremos nunha escola que promova a **equidade**, que garanta a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes para o pleno desenvolvemento da personalidade, onde haxa inclusión educativa, que axude a superar calquera discriminación e a accesibilidade

universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais. Promoveremos unha escola na que non se admitirán as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida. (art. 18 DL 2/2015, do 12 de febreiro)".

Como ANPA consideramos que debemos apoiar este principio porque cremos nel e para acadar unha igualdade real é preciso implicar a toda a comunidade educativa no proceso, a igualdade real entre homes e mulleres segue a ser un obxectivo pendente da nosa sociedade, e por isto pensamos que se debe facer fincapé nos primeiros anos das crianzas dende diversos ámbitos: familiar, educativo, institucional, etc.. Por este motivo, consideramos fundamental contar cunha educación integral que ofreza ferramentas cognitivas, emocionais e éticas ó alumnado e ás familias que fomente a igualdade entre homes e mulleres e axude a previr a violencia por razón de xénero.

## 2. CONSIDERACIÓNS SOBRE O PROXECTO

- **Conciliación da vida familiar**

  Dado a integración da muller no ámbito laboral entendemos tamén a necesidade das familias de compaxinar a vida familiar e laboral, promovendo servizos e recursos que dean resposta ás demandas das familias, e contribuíndo ao desenvolvemento integral do alumnado, polo tanto incluiremos espazos e profesionais que atendan ás crianzas durante a formación das familias e fomentaremos actividades en familia.
- **Educación para a igualdade e prevención de violencia de xénero.**

  Un dos obxectivos das nosas actividades incluirá como fin a educación e o respecto polos dereitos e liberdades fundamentais en igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, incluíndo a eliminación de obstáculos que dificulten a igualdade efectiva entre ambos, rompendo cos micromachismos e os comportamentos adquiridos polos estereotipos. En todas as propostas traballase a temática da igualdade, tendo como fío conector a igualdade de xénero, traballando así aspectos fundamentais como a procura de referentes femininas en distintos eidos, o uso nas redes sociais, relación entre ciberdelitos e xénero...
- **Atención das necesidades dos nenos e nenas con discapacidade.**

  Rexerán os principios de normalización e inclusión, asegurando a non discriminación e a igualdade efectiva para a realización das actividades. Todo o programa está adaptado e enfocado

para que tódalas persoas poidan participar e desfrutar nas actividades que se organizan, entendendo que o concepto de diversidade na súa amplitude.

## 3. METODOLOXÍA.

Trátase dun programa de actividades concibidas, en boa medida, como talleres prácticos, implicando unha metodoloxía dinámica, activa e participativa, onde o alumnado e as familias son os verdadeiros protagonistas do aprendizaxe, fomentando todos os valores propios da nosa sociedade, impulsando medidas de igualdade e contribuíndo ó desenvolvemento integral do alumnado, facendo fincapé na igualdade e respecto mutuo.

A relación de actividades trata de englobar os aspectos lúdicos, artísticos, culturais, tecnolóxicos e deportivos, fomentando o desenrolo global das crianzas.

## 4. PROGRAMA DE ACTIVIDADES

O proxecto actual pretende aportar unha achega á igualdade dende dous ámbitos principalmente: para as crianzas e a petición do colexio traballaranse as referentes femininas (principalmente as do noso pobo) e o uso das redes sociais na infancia e para familias, e a petición das mesmas, o uso adecuado e crítico de internet e as novas tecnoloxías, incidindo nas consecuencias que ten a actual hipersexualización das nenas e a cousificación das mulleres na súa autoimaxe.

As actividades propostas pola ANPA do CEIP San Roque, son as seguintes:

- **Actividade 1**: Xornada inicial de presentación do proxecto: Con esta actividade preténdese dar a coñecer o proxecto presentado, impulsando a participación das familias en cada unha das accións propostas.

- **Actividade 2:** Mulleres senlleiras
    - <u>Traballo en aula:</u> o profesorado nas aulas traballará as mulleres senlleiras de distintos ámbitos (ciencia, deporte, arte, educación...) e destacarán as mulleres senlleiras de Cangas. Participarán todos o alumnado do centro.
    - <u>Mural artístico e páxina web</u>. Para poñer un cerre a este traballo que se vai facer en aula pintarase un mural artístico no exterior do centro coas mulleres senlleiras de Cangas. Este mural incluirá un QR que levará a unha páxina web ou blog que recollerá unha breve narración sobre a vida e obra destas mulleres. Consideramos

importante que esta información sensibilice ás familias e ó alumnado sobre os estereotipos persistentes na sociedade e tamén no eido educativo, onde se soe poñer en valor referentes masculinos e se obvian os femininos. Participarán todo o alumnado do centro.

- **Actividade 3**: Xornadas para familias e/ou mestres.
    - Charla/obradoiro para familias: Nestes tempos consideramos vital a formación para familias e mestres sobre o uso adecuado e crítico da internet e as novas tecnoloxías, especialmente na protección da privacidade e sobre os ciberdelitos (stalking, sexting, grooming, etc.), por iso, as accións formativas, a petición das familias, xirarán en torno á temática “redes sociais e xénero: realidades e actuacións”. Pretendemos que esta formación favoreza a sensibilización contra a cousificación do corpo das mulleres e contra a hipersexualización das nenas así como a identificar os ciberdelitos e saber como actuar contra eles. (Participación esperada 30- 50 familias)
    - Visita guiada: seguindo coa temática elixida entre ANPA e centro pretendemos realizar unha visita guiada para familias. O tema da visita será a HISTORIA DAS MULLERES DE CANGAS (As nosas mulleres máis senlleiras). A vila de Cangas non sería a mesma sen as súas mulleres. Percorreremos o centro da vila para coñecer as historias de mulleres vinculadas con eidos como a cultura, a educación, a política ou o deporte sen esquecernos do papel relevante dos colectivos de mulleres que forman parte do matriarcado do mar como as peixeiras, as redeiras ou as mariscadoras. As mulleres que coñezamos nesta visita tamén serán incluídas na páxina web ou blog que se cree para o mural. (Participación esperada 30-50 familias)

- **Actividade 4:** Teatros, contacontos ou obradoiros: Realizaremos diferentes actividades para cada unha das etapas escolares adaptándoas as necesidades de cada grupo de idade. As temáticas a desenrolar a través destas actividades estarán baseadas no emprego das redes sociais na infancia e nas consecuencias que ten para as crianzas o seu uso, facéndoas conscientes dos problemas de autoimaxe e autopercepción que se crean polas redes. Participantes estimados 200 crianzas, cursos superiores do centro.

Difusión das actividades:

- Todas as actividades van a ser publicitadas no noso blog (https://sanroqueanpa.wordpress.com/), facebook (https://www.facebook.com/profile.php?id=100075716302085) e instagram (https://instagram.com/anpaceip?igshid=MzRlODBiNWFlZA== ).
- Enviaranse notas de prensa para cubrir a realización das actividades e dar visibilidade as mesmas.
- A comunicación coas familias farase a través de abalar contando coa colaboración do centro educativo para a súa transmisión.
- Poranse carteis informativos nas entradas do centro e no taboleiro de información da ANPA que se atopa no interior do mesmo.

## 5. OBXECTIVOS

### c. Xeral

O obxectivo xeral de este proxecto é promocionar a igualdade real entre mulleres e homes e previr a violencia de xénero en toda a comunidade educativa do CEIP San Roque, proporcionando espazos libres de estereotipos e rompendo cos xa creados.

### d. Específicos

| | |
|---|---|
| 1. | Promocionar a igualdade e a prevención da violencia contra as mulleres |
| 2. | Aumentar a participación e formación das familias na prevención da violencia contra as mulleres |
| 3. | Formar ás familias sobre o uso adecuado e crítico das novas tecnoloxías |
| 4. | Fomentar a participación do profesorado neste proxecto |
| 5. | Eliminar estereotipos de xénero |
| 6. | Dar a coñecer referentes femininos |

## 6. CRONOGRAMA

| | **Marzo** | **Abril** | **Maio** | **Xuño** | **Xullo** | **Agosto** | **Setembro** | **Outubro** | **Novembro** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Actividade 1:** Xornada inicial de presentación do proxecto | | | | | | | | | |
| **Actividade 2: mulleres senlleiras** | | | | | | | | | |
| Traballo en aula | | | | j | | | | | |
| Mural artístico | | | | | | | | | |
| **Actividade 3: xornadas para familias e mestres** | | | | | | | | | |
| Formación novas tecnoloxías e xénero | | | | | | | | | |
| visita guiada | | | | | | | | | |
| **Actividade 4: Teatros, contacontos e obradoiros** | | | | | | | | | |

Este cronograma é orientativo e poderá sufrir variacións.

## 7. GASTOS

Os gastos previstos para levar a cabo este proxecto son os que aparecen recollidos no epígrafe 3: presupostos de gastos do programa da solicitude, destinando:

- Para persoas poñentes (desprazamento, honorarios...): 700 euros.
- Para publicacións, gastos de publicidade e difusión: 300 euros.
- Para gastos derivados directamente da realización das actividades e actuacións subvencionables: 2000 euros.

Estas partidas poden estar suxeitas a cambios se os honorarios ou presupostos superan o estimado.

## 8. VALORACIÓN E RESULTADOS

### Resultados esperados

- Fomentar a igualdade e a prevención da violencia de xénero. Esperamos que coa nosa accións creemos consciencia sobre a importancia de educar durante todas as etapas da vida en temas de diversidade, igualdade e non violencia
- Formar as familias sobre o uso crítico de internet e aumentar a súa implicación nas temáticas que lles afectan ás súas crianzas. A familia é axente de cambio e en ocasións non posúe as ferramentas necesarias para levar a cabo dito cambio. A través da formación pretendemos que adquiran ditas ferramentas e inflúan positivamente nas súas crianzas inculcando valores de igualdade e de percepción positiva da propia imaxe, en contra dos estereotipos que se reflexan nas redes.
- Eliminar estereotipos de xénero e favorecer o respecto mutuo entre nenas e nenos, recoñecendo que todas as persoas somos únicas. Para iso é necesario modificar os modelos sociais e acabar cos prexuízos sexistas baseados na inferioridade de un xénero fronte a outro. Tamén é necesario ofrecer novos referentes que nos fagan reflexionar sobre a sociedade patriarcal e a necesidade de cambio.

### Avaliación

O proceso de avaliación será inicial, formativo e sumativo, utilizando basicamente a observación directa e atendendo ós seguintes criterios:

- Grao de participación
- Uso rotativo de materias
- Participación nas actividades realizadas.
- Valoración dos participantes a través de enquisas para determinar o grao de satisfacción da actividade, as enquisas faranse por medios telemáticos para evitar o emprego de papel, algúns exemplos de enquisa son os seguintes: https://docs.google.com/forms/d/1ODKe0AjGYRxg52FGcvc-eOu8tXZ5Hm54-AifFO5q8lk/viewform?edit_requested=true https://docs.google.com/forms/d/1-2t96MzaMQ14XigE9EQJLQPn2-Wg26yfODtEDSJBFc0/viewform?hl=ES&hl=ES&edit_requested=true

- Valoración dos profesionais que participen nas actividades. Esta valoración tamén será por medios telemáticos polos motivos anteriormente expostos:
https://docs.google.com/forms/d/1N5dGqYixrRlElNXdAfaLJuMvH_0_aOXzff6E636vGJ0/viewform?hl=ES&hl=ES&edit_requested=true
- Valoración dos espazos, medios empregados para realizar o programa.

## 3. Actividades extraescolares:

A continuación presentamos o cadro de actividades extraescolares para o curso 2023-2024.

- Só se pode elixir unha actividade por día para cada crianza.
- Inicio o día 2 de outubro.
- Horario de 16:00 a 17:00.
- Prazas limitadas.
- Prioridade orde de inscrición.
- O 30 de setembro: listaxe admitidos na porta da oficina da ANPA
- A baixa nas actividades comunicarase antes do día 20 do mes anterior á ANPA, en caso contrario cobrarase o seguinte mes. As altas, a partir de outubro, tamén se comunicaran antes do 25 do mes anterior, de non ser así, terán que esperar un mes máis para entrar.
- O incumprimento das normas da actividade suporá a expulsión da mesma.

De 15:30 a 16:00 as crianza que coman no comedor e teñan extraescolares ese día, pode quedar no centro escolar á espera das mesmas ó cargo do persoal coidador de comedor.

Pregamos que se faga un uso responsable da inscrición para que poida dar cabida ao maior número de nenos.

Unha vez admitidos terán que facer a inscrición coa persoa responsable de cada actividade.

RECOMENDACIÓNS PARA AS FAMILAS

1. Atender ós intereses da crianza, debemos deixar que elixan entre a oferta dispoñible. Temos que ter en conta que é tamén o seu momento de ocio e que ten que ser satisfactorio.
2. Evitar a sobresaturación da axenda dos menores, tamén precisan aburrise e descansar.
3. Non obrigarlle a ir se non lle gusta.

CADRO PROVISIONAL DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ANPA CEIPP SAN ROQUE.

CURSO 2023-2024

**LUNS 16:00-17:00**

| ACTIVIDADE | DESTINATARIOS | PREZO | LOCALIZACIÓN | RESPONSABLE | TELEFONO |
|---|---|---|---|---|---|
| Zumba | E.P. | 12€ | Aula de música | Karen | 679333807 |
| Robótica | 1º a 3ª E.P. | 35€ | Aula inglés | Esther nenoos | 693546736 |
| Fútbol | E.P. | 10€ | Pavillón grande | Diego | 609953076 |
| Baloncesto | 1º-3º E.P. | 15€ | Pavillón pequeno | Jose Mejuto | 660876231 |
| Xadrez | E.P. | 12€ | Hall 5º-6º | Xabier | 639415221 |
| Teatro | E.P. | 14€ | Ximnasio | Rosi | 678856711 |

**LUNS 17:00- 18:00**

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| TEATRO | E.I. | 14€ | XIMNASIO | ROSI | 678856711 |

***MARTES***

| ACTIVIDADE | DESTINATARIOS | PREZO | LOCALIZACIÓN | RESPONSABLE | TELÉFONO |
|---|---|---|---|---|---|
| Tenis | 1º-3º EP | 0€ | Pavillón | Jorge | 605037427 |
| Guitarra e ukelele | E.P. | 15€ | HALL | Alberto | 659720456 |
| Música e movemento | E.I | 13€ | Ximnasio | Miguel | 670706147 |
| Xogos de mesa | E.P. | 15€ | Aula | Adrián | 613165636 |

**MARTES 16:00-17:30**

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Arte con ESTUDIOS IA | EI- E.P (1h 30min.) | 25€ | Laboratorio | Iria | 639901870 |

**MÉRCORES**

| ACTIVIDADE | DESTINATARIOS | PREZO | LOCALIZACIÓN | RESPONSABLE | TELÉFONO |
|---|---|---|---|---|---|
| Balonmán | E.P. | 0€ | Pavillón grande | Adrián | 620086230 |
| Baile moderno e danza urbana | E.I.-1º-2º E.P. | 18€ | Aula música | Ollos abertos | 617769814 |
| Baloncesto | 4º-6º E.P. | 15€ | Pavillón pequeno | Jose Mejuto | 660876231 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Chispaxenios | E.P. | 18€ | | | |

**MÉRCORES 16:00- 17:30**

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Ximnasia rítmica | E.I- E.P. | 20€ | Ximnasio | Jose Manuel | 630025700 |

**XOVES**

| ACTIVIDADE | DESTINATARIOS | PREZO | LOCALIZACIÓN | RESPONSABLE | TELÉFONO |
|---|---|---|---|---|---|
| Taekwondo | A partir 2020 | 15€ | Ximnasio | Pablo | 630613124 |
| Tenis | 4º-6º E.P. | 0€ | Pavillón grande | Jorge | 605037427 |
| Patinaxe | E.P. | 15€ | Pavillón pequeno | Ione | 671361013 |
| Nenoos 360 | E.I. | 30€ mes/ 10€ material anual | Aula inglés | Esther | 693546736 |
| ECOARTE | E.I.- E.P | 18€ | Aula/hall | Ollos abertos | 617769814 |
| Baile galego | E.P. | 13€ | Aula musica | Miguel | 670706147 |

**VENRES**

| ACTIVIDADE | DESTINATARIOS | PREZO | LOCALIZACIÓN | RESPONSABLE | TELÉFONO |
|---|---|---|---|---|---|
| Canto e pandereta | E.P. | 13€ | Aula música | Nébeda | 635090151 |
| Xogos dinámicos | E.P. | 18€ | Pavillón pequeno | Ollos abertos | 617769814 |
| Club lectura | E.I.-1º- 2º E.P. | 15€ | Aula inglés | Adrián | 613165636 |
| Fútbol | E.I. | 10€ | Pavillón grande | Diego | 609953076 |
| Tenis de mesa | E.P. | 10 | Ximnasio | Jerry | 666857776 |
| Robótica | 4º a 6º E.P. | 35€ | Aula inglés | Esther | 693546736 |

**PAIS ( Día, hora e lugar por concretar en función das inscricións)**

| ACTIVIDADE | DESTINATARIOS | PREZO | LOCALIZACIÓN | RESPONSABLE | TELÉFONO |
|---|---|---|---|---|---|
| TEATRO | Pais | 15€ | X concretar | Rosi | 678856711 |
| Risoterapia | Pais | 15 € | X concretar | Rosi | 678856711 |

4. **<u>Cross escolar:</u>**

   Neste curso a ANPA proponse realizar o Cross escolar xa que na anterior edición contouse coa participación de 315 escolares e familias de Centros de toda a comarca, o que consideramos un éxito. Para dito Cross contaremos coa colaboración do club de atletismo Vila de Cangas e co Concello de Cangas.

5. **<u>Nadal:</u>**

   Como cada ano a ANPA organizará as actividades de Nadal.

   Unha vez falado en consello escolar, decidirase a organización da visita dos Reis Magos, unha vez consultada a asemblea de socios, decidirase o importe do agasallo.

6. **<u>Colaboracións co colexio:</u>**

   - *Participación na vida do centro*: dende a ANPA consideramos de vital importancia a boa relación co centro educativo e máis en concreto coa dirección, polo que nos prestamos a colaborar coa mesma, sempre e cando nos sexa posible, en todo aquilo no que sexamos necesarios e cando se requira a nosa participación e opinión.
   - *Magosto*: en colaboración co colexio organizaremos o Magosto para a cativada, queda por definir co centro como será a súa execución.
   - *Camiño seguro*: conxuntamente coa directiva e a policía local pretendemos facer un trazado de camiño seguro para que o vindeiro curso as crianzas poidan acceder camiñando ó centro educativo sen que isto supoña ningún risco para elas.

**"A ensinanza que deixa pegada non é a que se fai de cabeza a cabeza, senón de corazón a corazón" .**

**Howard G. Hendricks**

**A DIRECTIVA DA ANPA SAN ROQUE**

## 23.Plan organizativo do comedor e o transporte  escolar

### a. Comedor escolar

#### i. Selección e admisión de usuarios do comedor escolar 2023/24

O comedor escolar funcionará de 14.25h a 15.25h

Garda de custodia: 15.25h a16.00h para o alumnado que participe nas actividades extraescolares organizadas pola ANPA. A cargo das nais colaboradoras.

Nº de alumnos/as do comedor escolar: 189

Nº total de comensais: 189 (alumnado) +  9 colaboradores/as (6 nais e 3 profesores/as) + 1 cociñeiro + 2 axudantes de cociña + 1 encargada + 1 supervisor = 203

⇒ **Úsano:**

-Todos os nenos/as con dereito ao transporte que o solicitaron.

- Alumnos e alumnos con problemática social, por indicación / valoración da ANPA ou dos Órganos Colexiados de goberno do Colexio e dos Servizos Sociais do Concello.

- Outros nenos/as do colexio, ata onde o permita a capacidade da sala de comedor e o funcionamento da cociña.

⇒ **Colaboran no seu funcionamento:**

- Seis nais, integrantes da Comunidade Educativa, que se encargan das vixilancias, atención e servizo dos alumnos/as, tanto no comedor como nos períodos anterior e posterior ao xantar.

- Profesores/as que ostentan a representación do Colexio no horario do comedor e resolven educativamente as incidencias, no caso de comportamentos non axeitados. Neste sentido, o profesorado vixilante pode comer diariamente no centro e recibe unha retribución polos seus servizos, segundo  á Orde da Administración Autonómica.

- A encargada, Ana María Gallego Cordeiro, con funcións e retribucións definidas na devandita Orde.

Un representante do Equipo directivo (Director), como supervisor e responsable último do seu funcionamento.

Atendendo á *Instrución 2/2023 do 1 de xuño*, este CEIP mantén aberto o prazo de admisión de membros da comunidade educativa como candidatos/as a colaboradores/as nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante este curso 2023 / 2024. Neste sentido, e á

espera de certificar a exposición e a lista final de candidatos/as, o servizo está atendido por tres mestre/as ( alternas) e seis nais de alumnos/as (máis dúas nais que acuden como substitutas cando o precisamos)

⇒ **Obxectivos**

Para este curso, pretendemos profundar na consecución dos seguintes obxectivos nos que, por outra banda, constatamos unha continua e sostida evolución:

-Adquisición, cando proceda, e asentamento do comportamento correcto e positivo na mesa.

-Utilización axeitada dos utensilios de servir e xantar, así como os hábitos de servirse e compartir.

-Perfeccionar as rutinas de recollida da vaixela e os manteis.

-Asunción e difusión de dietas equilibradas e saudables.

O comedor conta cun regulamento de organización interna, aprobado polo Consello Escolar, que establece o marco de participación neste importante servizo do Centro, especificando os dereitos e deberes dos usuarios/as.

⇒ **Características do servizo**

O Decreto 132/2013 do 1 de agosto, regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar.

A normativa oficial contempla o comedor escolar como un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de favorecer a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función educativa e de conciliación da vida laboral e familiar. Neste sentido, está enfocado á consecución preferente dos seguintes obxectivos:

**Educación para a saúde**

- Fomentar hábitos persoais de hixiene e alimentación, como base dunha correcta educación para a saúde.
- Iniciarse en gustos variados e na inxesta de todo tipo de alimentos.
- Manter posturas correctas na mesa.
- Afianzar hábitos de utilización axeitada dos úteis relacionados coa comida.
- Adquirir e poñer en práctica hábitos para saber comer e saber comportarse na mesa.

- Interesar ás familias pola colaboración cos responsables do comedor para avanzar, a través dunha correcta educación nutricional, na mellora da saúde dos alumnos/as.
- Concienciar as familias para que fundamenten e desenvolvan nos fogares, os patróns de conduta establecidos no comedor escolar.

**Educación para a convivencia**

- Adquirir e poñer en práctica, hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.
- Estimular no alumnado o espírito de cooperación, implicándoo, segundo as súas posibilidades, en tarefas complementarias do servizo de comedor: retirar cubertos, axuda aos máis pequenos...
- Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara a todos os membros da comunidade escolar.
- Amosar un comportamento correcto na mesa.
- Lograr un ambiente acolledor, sen ruídos nin estridencias, que permita o diálogo distendido e afable entre compañeiros/as.
- Respectar e coidar os locais, mobiliarios e utensilios de uso comunitario.

**Educación para o lecer**

- Fomentar hábitos e proporcionar estratexias para a utilización correcta do tempo libre.
- Planificar actividades de ocio e tempo libre que contribúan ao desenvolvemento harmónico da personalidade, fomentando costumes sociais e culturais correctas.

⇒ **Normas xerais de funcionamento do comedor**

1. O comedor escolar empezará, de conformidade coa normativa que regula o calendario escolar nos centros sostidos con fondos públicos, o primeiro día lectivo do mes de setembro e finalizará o último día lectivo do mes de xuño.
2. O número máximo de prazas de comedor que se poderán ofertar, segundo o Anexo I do Decreto, será de 225.
3. Poderán solicitar praza para o comedor escolar, individualmente, todos/as os alumnos/as do centro.
4. A solicitude farase, para o curso seguinte, no terceiro trimestre de cada curso académico; nos impresos que, a tal fin, serán distribuídos pola secretaría.

5. Se o número de solicitantes supera ao número de prazas ofertadas, o Consello Escolar desenvolverá o proceso para seleccionar aos admitidos, segundo os criterios de prelación establecidos na normativa en vigor.
6. O persoal de atención ao alumnado usuario do servizo será seleccionado entre os integrantes da comunidade educativa que se candidaten para tal fin. O seu número e funcións veñen determinadas nas instrucións que desenvolven o Decreto de comedores. As retribucións, a modo de gratificacións, tanto no caso do profesorado, como do persoal non docente, corren a cargo da Consellería segundo o procedemento e contía que difunde, anualmente, nas mencionadas instrucións.

⇒ **Normas elementais de comportamento**

Sendo o comedor escolar un servizo educativo, aos alumnos e alumnas pídeselles un comportamento correcto coa comida e cos compañeiros/as. Para facilitar o funcionamento e a boa prestación do servizo, deben proceder da maneira seguinte:

1. Acceder ao comedor coa mans lavadas e deixar as mochilas no espazo que se lles indique, sen precipitarse, e con orde.
2. Non gritar durante a comida. Poden conversar cos compañeiros/as da mesa, pero en voz baixa.
3. Comer sen presa, mastigando correctamente.
4. Ao rematar a comida, esperar tranquilamente para saír, colaborando coas persoas que recollen.
5. Non deben ser egoístas á hora de se servir. Trátase de repartir equitativamente os alimentos e, de querer máis, levantar a man, sen chamar por ninguén, para atender as demandas progresivamente.
6. Hai que utilizar as expresións "grazas" e "por favor", sempre que solicitemos atención na prestación do servizo.
7. No fai falta levantarse das mesas durante a comida, a non ser que lles toque recoller. Neste caso, é preciso atender ás indicacións do profesorado.
8. Forma parte da labor educativa a utilización correcta dos cubertos, o pano de mesa e a posición na cadeira. O alumnado ten que comportarse neste sentido, facilitando o estar a ben do grupo.

9. Cando o encargado o encargado de comedor se dirixa aos comensais a través dos altofalantes, hai que prestar atención ás indicacións ou comunicados que se difundan.
10. Baixo ningún concepto se permite xogar ou estragar a comida.
11. Logo de comer, as mesas teñen que quedar o máis limpas posible e os manteis sen romper.

⇒ **Medidas disciplinarias**

1. O alumno/a que se porte mal (tirar a comida, utilizar mal os utensilios, fomentar liortas, ou dificultar que os compañeiros/as poidan comer tranquilos, etc.), sen atender ás indicacións das persoas ás que está ao cargo, recibirá unha amoestación individualizada tendente á corrección do seu comportamento.
2. Se persiste na súa conduta, separarase dos compañeiros/as e comerá nunha mesa individual, ao tempo que se lle fará reflexionar sobre o sentido da medida correctora.
3. De repetir o comportamento, avisarase á familia coa finalidade de programar medidas conxuntas que orienten e reafirmen un comportamento positivo para incorporar plenamente ao alumno/a ás actividades do comedor.
4. A exclusión do comedor, como medida educativa, é unha posibilidade que se contempla como último recurso correctivo. Pode aplicarse desde dúas semanas (dez días de comedor), ata un mes (vinte días de comedor) ou, de ser o caso, a exclusión definitiva, previa audiencia aos pais.
   1. No caso de dúas semanas, a decisión tomaraa o equipo de comedor, logo de esgotar todas as medidas correctivas, comunicándollo ao Equipo directivo.
   2. No caso dun mes a decisión tomarana a Dirección do centro, previa consulta coa comisión de comedor.
   3. No caso de exclusión definitiva, a decisión será do Consello Escolar.
   4. En todos os casos, se lles notificará ás familias por escrito.

⇒ **Outras causas de suspensión temporal**

Ademais das salientadas con anterioridade, será causa de suspensión temporal da prestación do servizo de comedor:

- Padecer unha enfermidade que poida entrañar risco para os usuarios do servizo. Necesitarase informe médico.
- A inapetencia habitual e continuada, logo de informar ás familias da situación.
- Non controlar habitualmente os esfínteres.

⇒ **Saídas**

1. Ningún alumno/a do comedor poderá saír do recinto escolar, salvo comunicación por escrito dos pais, nais ou titores legais. Neste caso, a persoa que o recolla ten que cubrir unha ficha identificativa que se pedirá na conserxería do Centro.
2. O horario de recollida dos alumnos/as despois de comer é ás 15:30h.
   O alumnado que se quede a actividades extraescolares será atendido por persoal colaborador de comedor escolar no periodo comprendido entre as 15.30 e as 16.00 h.

⇒ **Accidentes**

1. No caso dun accidente, do tipo que sexa (lesión que non se poida atender no colexio, molladura, etc.), previo aviso aos pais/nais, **serán eles os que se fagan cargo dos seus fillos/as, responsabilizándose da súa atención e traslado**.
2. En casos especiais, de atención urxente ou imposibilidade de contactar coa familia, será o colexio quen se fará cargo do traslado do alumno/a a un centro médico. En canto sexa posible, os alumnos/as deben coñecer o número de teléfono ou enderezo familiar.
3. En ningún caso se administrarán medicamentos aos alumnos/as que asistan ao comedor. En circunstancias especiais, permitirase que sexan os pais/nais os que, accedendo ao centro, lle administren os medicamentos correspondentes. Deberán poñelo en coñecemento do Encargado do Comedor ou do Director.

⇒ **Menús**

Os menús que se ofrezan no comedor Escolar estarán elaborados polo Encargado do Comedor, seguindo as normas dietéticas recomendadas polas publicacións específicas da Xunta de Galicia dirixidas aos comedores escolares. En xeral, os menús reunirán as seguintes características:

1. Todos os días conterán froitas e verduras naturais (cocidas, en ensalada ou como guarnición).
2. O consumo de legumes (fabas, lentellas, chícharos e garavanzos) será semanal (unha ou máis ben, dúas veces).
3. O peixe (conxelado ou en conserva) formará parte dos menús,polo menos, tres días á semana, utilizando os seguintes: pescada, bacallau, peixe espada polbo, luras, atún, chandarme, xoubas...)

4. As carnes serán variadas (porco, tenreira, coello, polo, cordeiro... ) sempre utilizando as partes magras e con pouco desperdicio, pensando, sobre todo, nos máis pequenos.
5. Os métodos de preparación dos alimentos serán, así mesmo, variados: asados, fritos, guisos, cocidos; evitando as excesivas frituras e rebozados.
6. Terase en conta a estación do ano para a selección de ingredientes e para os pratos que se elaboren.
7. Os alimentos precociñados utilizaranse o menos posible.
8. O sal iodado usarase de xeito moderado.
9. Os menús procurarán toda esta variedade e remitiranse ás familias mensualmente para que complementen a alimentación nas comidas de casa.
10. Todos os días servirase leite semidesnatada, auga e pan integral ou branco.
11. Cando se necesite usar ovo líquido, usarase ovo pasteurizado. Os naturais só se consumirán cocidos.
12. As marcas comerciais de aceites, pastas, leites... serán de recoñecida calidade.
13. Os provedores deberán reunir todos os requisitos establecidos para a elaboración, transporte e subministración de alimentos.
14. Realizarase o control APPCC, tendo constancia escrito do mesmo.
15. Conservaranse as copias dos informes do responsable de Sanidade que inspeccione as instalacións.

O menú será único para todos os comensais. Respecto ao alumnado que teña algún problema coa inxestións de determinados alimentos, ben sexa por alerxias alimentarias ou por razóns de tipo moral; sen cambiar o menú, posibilitaráselle que complete a comida con alimentos do primeiro prato, segundo prato, ou sobremesa.

**PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN E CONTROL NA ELABORACIÓN DOS MENÚS PARA O ALUMNADO CON ALERXIAS ALIMENTARIAS**

1. Antes de cerrar a cociña, despois da limpeza diaria, facer unha última comprobación visual para verificar que a zona específica de elaboración dos menús especiais está nas condicións óptimas para empezar a traballar ao día seguinte pola mañá. Non deben quedar restos de alimentos en ningún espazo da cociña que non estea configurado para tal fin.
2. Ao chegar, despois de poñer a roupa de traballo e antes de entrar na propia cociña, comprobar que o panadeiro deixou as barras de pan no espazo establecido e que nos mesados da zona de servizo non quedan trazas e fariña.
3. En disposición de empezar a elaborar estes menús específicos, que sempre serán os primeiros de cada xornada, facer unha reflexión sobre as adaptacións adiantadas pola encargada do comedor, e comprobar que están a disposición os ingredientes necesarios. Reafirmarse na toma de decisións consultando o cadro de equivalencias.
4. Traer da despensa os recipientes coas materias primas para abrir e retirar as porcións necesarias, na zona específica de elaboración, dentro da propia cociña.
5. Despois de retirar as cantidades de alimentos necesarias, gardar inmediatamente, nos recipientes correspondentes, as cantidades sobrantes. É importante, na medida do posible, que non se retiren as embalaxes orixinais nas que constan as características dos produtos e as súas datas de caducidade.
6. Elaborado o menú (primeiro e segundo pratos, como corresponda), os alimentos pasarán directamente os recipientes herméticos. Estes non volverán a ser manipulados até que o persoal colaborador de comedor encargado acceda a eles para, despois de quentalos, servilos no comedor.
7. Un/ha colaborador/a adestrado/a será sempre o/a encargado/a desta función de acceso aos menús específicos; quentalos, empatalos e servilos aos comensais. Entre as súas funcións tamén estará a de supervisar, especialmente, aos alumnos/as con alerxias alimentarias, velando pola eliminación da contaminación cruzada.
8. O alumnado con estas características comerá sempre na mesma situación, dentro do comedor escolar.

### b. Transporte escolar

Este Colexio de Educación Infantil e Primaria ten tres radios ou rutas de transporte escolar:

⇒ **Radio do Piñeiro:**

-Aténdeo a Empresa "Monbús" que transporta un total de 47 alumnos/as nun autobús. A distancia máxima desta ruta está nos 6.8 Km. As súas paradas son: Barrosa, Piñeiro, Cruz de Castro, Castelo, Rocha, Magdalena, Regueira, Anuska, Blanco y Negro, Cimadevila e Nazaret.

⇒ **Radio da Carretera Nova:**

-Aténdeo a Empresa "Monbús", transportando un total de 54 alumnos/as nun autobús. A distancia máxima deste percorrido é de 3 Km. As paradas son: Avenida de Vigo, Avenida de Bueu e Familia.

⇒ **Radio do Seixo:**

-Atendido pola Empresa Cerqueiro; transporta 34 nenos/as dos lugares de Seixo, Canexas e Santa Marta. Usa un só autobús e a distancia máxima é de 2 Km.

Este curso escolar 2023/24 dispoñemos de *tres autobuses ( dous da empresa Monbús e un da empresa Cerqueiro) en horario de entrada (09:25h)* e no horario de saída divídense nos seguintes:

*-14:30h: Autobús empresa Monbús.*

*-15:30h: Autobús empresa Monbús e autobús empresa Cerqueiro*

A organización e control está a cargo do Equipo Directivo coa participación do Consello Escolar, procurando, en todo momento, actuacións encamiñadas ao logro dos seguintes obxectivos:

-Seguridade para todos/as os transportados.

-Responsabilidade, dilixencia e organización nas entradas e saídas.

-Respecto aos demais usuarios do transporte e da rúa: condutor, transeúntes

-Respecto, coidado e mantemento das normas no autobús.

## 24.Plan de utilización das instalacións do centro

O noso centro comparte instalacións ( ximnasio e pavillón) co Concello de Cangas. O Concello fai uso do pavillón/ximnasio de San Roque, en horario non lectivo, para o desenvolvemento da práctica deportiva.

A solicitude de uso da instalación, por parte do Concello de Cangas, efectúase cada ano no mes de setembro (ao inicio do curso escolar), presentándose esta ante a dirección do centro educativo.

Coa solicitude achégase o programa de actividades deportivas que consideren máis oportuno, e sempre que se adapten ás características da instalación e o uso normal que o centro fai das mesmas.

Durante o horario de utilización da instalación por parte desta entidade, o Concello comprométese a coordinar as tarefas de apertura, vixilancia, mantemento que esta requira e peche. Así mesmo garantirá que despois do dito uso, deixará a instalación en perfectas condicións de limpeza para ser utilizada pola comunidade escolar, prestando especial atención á limpeza dos aseos e vestiarios, que deben estar diariamente en perfecto estado de uso ao inicio da xornada escolar.

Ademais o Concello de Cangas responsabilizarase e asumirá os custes dos posibles danos que se poidan ocasionar nas instalacións por un uso indebido, dentro dos horarios que se utilicen por parte do Concello.

O Concello de Cangas utilizará a devandita instalación para a organización de actividades deportivas unha vez rematado o horario escolar e garantindo as actividades deportivas que puidese organizar a ANPA en horas extraescolares, así como calquera outro tipo de actividades que excepcionalmente organice o centro educativo.

Este acordo unicamente é válido para a programación de actividades deportivas. Calquera outro tipo de evento requirirá da pertinente solicitude por escrito dirixida ao Concello de Cangas e da súa aprobación pola Dirección, polo Consello Escolar do centro e Xefatura Territorial de Educación de Pontevedra.

Tanto o Concello de Cangas como a dirección do Centro Escolar comprométense a establecer uns horarios de ocupación coordinados, coa fin de garantir da mellor maneira posible o uso da devandita instalación deportiva. Fora do horario propiamente escolar (incluíndo as actividades extraescolares), así como nos períodos vacacionais (nadal, semana santa e verán (xullo-agosto)),

o Concello de Cangas disporá e xestionará a instalación, sempre informando da súa ocupación á dirección do centro.

## 25. Plan xeral de avaliación do centro

Está basado nas seguintes ordes:

Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesas etapa educativa.

Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 8 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesas etapa educativa.

-A avaliación do alumnado será continua e global, continua e formativa.

-Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos serán os criterios de avaliación que figuran no Anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro. No caso de alumnado con ACI serán os incluídos na devandita adaptación.

-Cando se detecte que o progreso dun alumno non é o axeitado, estableceranse medidas correctoras dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes.

-A avaliación do grao de adquisición das competencias clave en cada un dos cursos da etapa debe estar integrada coa avaliación de cada unha das áreas, na medida en que, de conformidade co anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, os criterios de avaliación de cada área están relacionados univocamente cos obxectivos da dita área, e estes están relacionados coas competencias clave a través dos correspondentes descritores operativos recollidos no perfil de saída

- Sesións de avaliación: Realizaranse tres sesións de avaliación parcial e unha final (que poderá coincidir coa terceira avaliación), ademais da avaliación inicial. Estarán coordinadas pola persoa titora do grupo e o equipo docente, ademais do profesorado de apoio e un membro do equipo directivo. O titor/a levantará acta do desenvolemento da sesión.

- A terceira avaliación e final terá lugar ao finalizar o período lectivo. O profesorado deberá consignar na acta de avaliación final as cualificacións das áreas e as competencias clave.

-Ao final de 2º, 4º e 6º cursos o titor/a elaborará un informe final de ciclo no que reflectirá o grao de adquisición das competencias clave de cada alumno/a e, de ser o caso, as medidas que se deben prever no ciclo ou na etapa seguinte.

-Á finalización da etapa a persoa titora elaborará un informe final de etapa.

-Os resultados da avaliación das áreas e das competencias clave expresaranse non seguintes termos:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10

- Ao final de 2º, 4º e 6º cursos o equipo docente decidirá a promoción do alumnado. No resto dos cursos a promoción será automática.

-A decisión da permanencia no mesmo curso so poderá adoptarse unha vez durante á etapa.

-O alumnado que promociona con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non acadadas.

-O alumnado que repita curso contará cun plan específico de reforzo, que será elaborado pola persoa titora que propón a repetición, e revisado pola nova persoa titora ao inicio do novo curso. Para a elaboración e o seguimento do dito plan específico de reforzo seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

Documentos e informes de avaliación:

Os documentos de avaliación axustaranse no seu contido aos seguintes modelos:

a) As actas das avaliacións reguladas nos artigos 21 e 22 axustaranse no seu contido ao modelo recollido no anexo I da Orde.

b) O informe final de ciclo regulado no artigo 22 axustarase no seu contido ao modelo recollido no anexo II da Orde.

c) O informe final de etapa regulado no artigo 22 axustarase no seu contido ao modelo recollido no anexo III da Orde.

d) O expediente académico regulado no artigo 28 do Decreto 155/2022, do 15 de se tembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo IV da Orde.

e) O historial académico regulado no artigo 29 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo V da Orde.

f) O informe persoal por traslado regulado no artigo 31 do Decreto 155/2022, do 15 de se tembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo VI da Orde.

Os documentos e informes de avaliación serán cubertos a través da aplicación XADE.

-Procedemento de revisión e reclamación. Farase público a través da web. Incluirá a concreción curricular, as programacións didácticas e o propio procedemento de revisión e reclamación .